Proxecto "2ª fase de camiños secundarios e mellora de entradas aos predios de substitución nas zonas de concentración parcelaria de Tremoedo e Oubiña 2º Sector (Vilanova de Arousa, Cambados – Pontevedra)"

Orzamento execución material: 1.084.326,98

I.V.E. (21%): 270.973,31

Orzamento execución por contrata: 1.561.322,42

Autor: Emilio Mera González
Enxeñeiro técnico agrícola.

Pontevedra, marzo 2024

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
XEFATURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA
SERVIZO DE INFRAESTRUTURAS AGRARIAS
Avda. María Victoria Moreno, 43, 2º
36071 Pontevedra
T. 886 206 646
mediorural.xunta.gal

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

DOCUMENTO Nº I

MEMORIA E ANEXOS

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

MEMORIA

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

ÍNDICE

1. OBXECTIVO 6

2. ANTECEDENTES 6

2.1. ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS 6
2.2. ANTECEDENTES FÍSICOS 7

3. ORDE DE REDACIÓN DO PROXECTO 10

4. XUSTIFICACIÓN DA ACTUACIÓN 10

5. DESCRICIÓN DAS OBRAS PROXECTADAS 11

5.1. EMPRAZAMENTO 11
5.2. TIPOLOXÍAS DE CAMIÑOS PREVISTAS 11
5.3. CARACTERÍSTICAS DE DESEÑO DA REDE DE CAMIÑOS 11
5.3.1. Características Xerais 11
5.3.2. Características Dimensionais 12
5.3.3. Identificación e cuantificación da Rede de Camiños proxectada 13
5.3.4. Resumo da obra proxectada. 16
5.4. CARACTERÍSTICAS CONSTRUTIVAS DA REDE DE CAMIÑOS 21
5.4.1. Camiños e treitos de camiños de Nova Apertura 21
5.4.2. Entronques a asfaltar: Pavimento, sinalización vial e drenaxe 22

6. NORMAS CONSTRUTIVAS 27

7. ACONCICIONAMENTO DE FINCAS. 28

8. CUMPRIMENTO DOS CONDICIONANTES TÉCNICO-AMBIENTAIS 28

9. REQUISITOS ADMINISTRATIVOS 31

9.1. DECLARACIÓN DE OBRA COMPLETA 31
9.2. AUTORIZACIÓNS ADMINISTRATIVAS 32
9.3. PRAZOS DE EXECUCIÓN 32
9.4. REVISIÓN DE PREZOS 32
9.5. PRAZO DE GARANTÍA 33
9.6. CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA 33
9.7. CLASIFICACIÓN DO CONTRATO 33
9.8. XESTIÓN DE RESIDUOS 33
9.9. SEGURIDADE E SAÚDE 33

10. ORZAMENTO 34

11. CONCLUSIÓNS 35

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Relación de Anexos á Memoria:

- ANEXO 1: Parámetros de deseño
- ANEXO 2: Levantamento topográfico
- ANEXO 3: Movemento de terras
- ANEXO 4: Estudo xeotécnico
- ANEXO 5: Estudo hidrolóxico
- ANEXO 6: Programación técnica e económica
- ANEXO 7: Xustificación de prezos
- ANEXO 8: Plan de xestión de residuos
- ANEXO 9: Medidas de protección ambiental e de integración paisaxística
- ANEXO 10: Medidas de protección de Patrimonio
- ANEXO 11: Matriz de Cumprimento da Declaración de Impacto Ambiental
- ANEXO 12: Proxecto de Seguridade e Saúde
- ANEXO 13: Control de calidade
- ANEXO 14: Acondicionamento de fincas

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

1. OBXECTIVO

O obxectivo do ***"Proxecto 2ª fase de camiños secundarios e mellora de entradas aos predios de substitución nas zonas de concentración parcelaria de Tremoedo e Oubiña 2º Sector (Vilanova de Arousa, Cambados – Pontevedra)"*** será mellorar as infraestruturas existentes para facilitar o aproveitamento dos recursos agrarios da zona e proporcionar maiores expectativas de viabilidade ás actuais explotacións. Para iso, as melloras que será necesario realizar como parte do proceso de reestruturación parcelaria están orientadas fundamentalmente a dotar de accesos adecuados ás novas leiras de substitución que xurdan da reordenación da propiedade así como da comunicación das propias leiras coas pistas mediante entradas e o estendido dos cordóns de terra vexetal.

2. ANTECEDENTES

2.1. ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

A Concentración Parcelaria da Zona de Tremoedo (Vilanova de Arousa, Pontevedra) foi declarada de utilidade pública e urxente execución por Decreto 259/2001 do 20 de Setembro do ano 2001 (DOG nº198, do 11 de outubro de 2001).

Mediante o Real Decreto 146/2013, de 5 de setembro, (D.O.G. número 179, de 19 de setembro de 2013) declárase a utilidade pública e urxente execución da Concentración Parcelaria da zona de Oubiña, 2º Sector.

Con data 14 de xullo de 2015 publícase no Diario Oficial de Galicia a Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia.

Dita lei dispón na súa Disposición transitoria primeira referida á irretroactividade da norma, que as disposicións introducidas en dita lei aplicaranse aos procedementos de concentración parcelaria en curso sen retroceder nos trámites, adaptándose, de ser posible, á fase en que se encontren. No caso de non poder levar a cabo esta adaptación, dita lei aplicarase no inicio da fase seguinte.

Respecto a esta se ten formulado, para o seu normal desenvolvemento administrativo e técnico, o documento, respecto ó cal se redacta o presente Proxecto:

- **Declaración de Impacto Ambiental** Formulada pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental en data 6 de Outubro de 2010, relativa á concentración Parcelaria da Parroquia de Santo Estebo de Tremoedo, (Vilanova de Arousa, Pontevedra) Promovida pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural (Clave: 2007/0150).

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- **Estudio de Impacto Ambiental** titulado: ESTUDIO DE IMPACTO AMBIENTAL DA ZONA DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE TREMOEDO (VILANOVA DE AROUSA – PONTEVEDRA). Revisado pola Consellería do Medio Rural e publicado en Decembro de 2005.

Destacar tamén que se utilizou como referencia as **Normas Subsidiarias do Planeamento** do Concello Vilanova de Arousa, aprobadas definitivamente o 14.3.1997 e publicadas no BOP o 5 de Maio do 1997, no DOG o 28 de Maio do 1997 e entrou como Normativo o 5 de Maio do 1997.

En febreiro de 2013 xa foi realizado o estudo de impacto ambiental correspondente a esta segunda fase, resultando que a nivel global, considérase compatible cos efectos ambientais.

A vixente Lei 4/ 2015, de 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, vixente desde o 3 de agosto de 2015, que derroga á anterior Lei 10/1985, de 14 de agosto, de concentración parcelaria para Galicia, mantén como uno dos obxectivos prioritarios a mellora das condicións estruturais, técnicas e económicas das explotacións galegas, polo que o conxunto dos camiños proxectados, considéranse obras e melloras territoriais inherentes ao proceso de reestruturación territorial agraria que servirán de apoio ao desenvolvemento das explotacións e á mellora da estrutura territorial.

2.2. ANTECEDENTES FÍSICOS

O municipio de Vilanova de Arousa atópase situado na provincia de Pontevedra, na zona setentrional da mesma, ao Oeste da Comunidade Autónoma de Galicia, formando parte da comarca do Salnés. Ocupa o seu territorio unha extensión informa duns 36 quilómetros cadrados aproximadamente, o cal se atopa estruturado e constituído por seis parroquias: András, Baión, Caleiro, Deiro, Tremoedo e Vilanova de Arousa. A principal vía de acceso ata Vilanova de Arousa é a estrada C-531, a cal se alcanza a través da N-550 e despois o desvío en Caldas de Reis para tomar a N-640.

A zona para concentrar está comprendida dentro do termo municipal de Vilanova de Arousa, concretamente na parroquia de Tremoedo.

Limita ao Norte co concello de Vilagarcía de Arousa e a parroquia de András, ao Leste coa parroquia de Baión e o concello de Cambados, ao Sur co concello de Cambados, e ao Oeste co concello de Cambados e as parroquias de Deiro e Caleiro,

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

todas elas pertencentes ao concello de Vilanova de Arousa.

Ten unha superficie de 537,857 Hectáreas distribuídas en aproximadamente En 6.811 parcelas, para un total previsto de 1.345 propietarios. Atópase a unha altitude media de 50 metros e pódese considerar practicamente chaira. Só destacar os 113 m de cota máxima na zona suroeste.

A distribución de cultivos inicial é a seguinte:

- EIRA: 78,64 Has.
- LABRADÍO REGADÍO: 34,50 Has.
- LABRADÍO SECÁN: 162,14 Has.
- MONTE: 228,92 Has.
- HERBAL: 5,05 Has.
- BRAÑA: 4,85 Has.
- INCULTO: 9,57 Has.
- CONSTRUCIÓNS: 12,14 Has.

O termo de Vilanova de Arousa, ten unha poboación (censo 2004) de 10.378 habitantes, repartidos nunha superficie de 27.310 hectáreas, polo que ten unha densidade de poboación de 38 Hab/Km² moi por baixo da media rexional (91.3) e estatal (77).

O caso da Parroquia de Santo Estevo de Tremoedo, ten unha poboación de 1037 habitantes, a densidade de poboación é lixeiramente superior roldando case os 157 Hab/Km2. A evolución da poboación foi a seguinte:

Ano	*Poboación*
1981	1119
1986	1110
1991	960
1996	956
2004	1037

O Concello de Cambados sitúase na zona litoral da provincia de Pontevedra, na comarca do Salnés, no val do río Umia. A zona de actuación localízase no extremo norte e nordés da parroquia de Oubiña, situada á beira do río Umia, que actúa como

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

límite natural entre os concellos de Cambados e Ribadumia. Os límites do terreo onde se intervirá son os seguintes:

- Norte: Zona de concentración parcelaria da parroquia de Tremoedo (Vilanova de Arousa)
- Leste: Núcleos de Bouza do Rei, Bouza de Padrón e Casanova, pertencentes á parroquia de Oubiña (Cambados)
- Sur: Polígono Industrial de Sete Pías, coa estrada EP-9002 no medio
- Oeste: Lugar de Río Pequeno e Concello de Vilanova, incluíndo a zona de concentración parcelaria da parroquia de Tremoedo (Vilanova de Arousa)

A parroquia de Oubiña, pertencente ao termo municipal de Cambados, abrangue aproximadamente corenta e nove hectáreas afectadas polo proceso de concentración parcelaria, que non foran incluídas no anterior proceso realizado.

As parroquias caracterízanse por ter unha estrutura produtiva baseada no sector primario, pero con gran influencia do medio urbano pola súa inclusión dentro do eixo Atlántico. A porcentaxe dedicada ao mencionado sector nos concello é elevado.

Este feito fala por si só da necesidade de emprender as Concentracións Parcelarias, cos beneficios que suporá para as rendas da poboación, aproveitando os potenciais endóxenos da zona con base nos prados e cultivos forraxeiros.

O efecto das concentracións parcelarias é claro tendo en conta que o seu obxectivo é favorecer que as explotacións agropecuarias teñan unha estrutura adecuada cara á produción. Xa a fase de execución dos traballos previos e as obras inherentes aos procesos de reestruturacións, supón un importante investimento directo pola Consellería, que favorece, indubidablemente, a economía da zona.

Cos procesos xa rematados tanto os agricultores a tempo completo, coma os de tempo parcial, e no seu conxunto, todos os propietarios pasan a beneficiarse das vantaxes que supón dispoñer dunhas parcelas de maior tamaño con formas máis regulares e dotadas dun acceso adecuado que permite e facilita a mecanización dos cultivos, así como o transporte dos produtos obtidos cara aos centros de distribución.

Desta maneira os custos de produción redúcense moito aumentando a renda dispoñible para os agricultores. Outro efecto indirecto do agrupamento das terras, pero non menos importante para a sociedade rural galega, é que a nova dimensión

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

das leiras concentradas permiten, na maioría dos casos, a posibilidade de edificar unha vivenda rural asociada á explotación. É dicir, a parcela concentrada adoita ter a superficie suficiente para poder edificar unha vivenda unifamiliar de acordo coas normas de plan municipais.

3. ORDE DE REDACIÓN DO PROXECTO

Redactase o ***"Proxecto 2ª fase de camiños secundarios e mellora de entradas aos predios de substitución nas zonas de concentración parcelaria de Tremoedo e Oubiña 2º Sector (Vilanova de Arousa, Cambados – Pontevedra)"*** por orde da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia.

4. XUSTIFICACIÓN DA ACTUACIÓN

As necesidades a satisfacer pola Rede de Camiños proxectada son as seguintes:

- **Necesidades sociais**

  a) Comunicar os lugares entre si, e coas parroquias veciñas, con viais máis curtos e rápidos (*potenciando o intercambio de iniciativas*), e mellorar os seus accesos.
  b) Dotar á zona dunhas vías de comunicación que faciliten o desenvolvemento socioeconómico da mesma.

- **Necesidades económicas**

  a) Comunicación cos centros de produción, comerciais e administrativos.
  b) Dotar de adecuado servizo ás leiras de reemprazo en beneficio da súa rendibilidade.

- **Vertebración da Zona de Reestruturación Parcelaria**

Coas actuacións obxecto do presente Proxecto iniciaríase, de xeito óptimo e sostible:

a) Unha vertebración total da zona a nivel social, económico e estrutural.
b) Un acceso directo as fincas de reemprazo da zona.
c) Adecuación de toda a rede de camiños (*actuais e futuros*), e indirectamente das estradas da zona, o nivel de seguridade vial esixido para este tipo de infraestruturas e segundo o nivel de tráfico que soportan na actualidade.

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Segundo o disposto no ***artigo 2 da lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia***, unha das finalidades da concentración é a de establecer unha rede viaria á que teñan acceso directo todas as fincas de reemprazo.

Con este fin, xunto co de mellorar a comunicación entre os lugares das parroquias e as paraxes onde se sitúan agras e montes obxecto de reestruturación, redáctase o presente proxecto como parte do Plan de Obras e Melloras Territoriais, tendente a mellorar as condicións para a explotación dos recursos agrícolas, gandeiros e forestais da zona.

5. DESCRICIÓN DAS OBRAS PROXECTADAS

5.1. EMPRAZAMENTO

As obras descritas ubícanse nas parroquia de Santo Estevo de Tremoedo e San Vicenzo de Oubiña, pertencentes aos Concellos de Vilanova de Arousa e Cambados respectivamente, e atópanse situada ao oeste da provincia de Pontevedra, tal e coma se pode comprobar no Plano 1, de *Situación e localización*, axunto ó Documento de PLANOS do presente Proxecto.

5.2. TIPOLOXÍAS DE CAMIÑOS PREVISTAS

As Obras previstas no ***"Proxecto 2ª fase de camiños secundarios e mellora de entradas aos predios de substitución nas zonas de concentración parcelaria de Tremoedo e Oubiña 2º Sector (Vilanova de Arousa, Cambados – Pontevedra)"*** definen unha rede de **corenta (40)** camiños, cunha lonxitude total de **5.483** metros **(5,48 Km.)** de nova apertura e melloras de firme en **oito (8)** camiños existentes cunha lonxitude de **1.942** metros **(1,94 km.).**

A maioría deles usan trazados de camiños antigos, pero ningunha desas trazas compre en canto á estabilidade de firmes nin dimensións, polo que todos eles serán reformados completamente para adaptarse ás necesidades deste proxecto.

5.3. CARACTERÍSTICAS DE DESEÑO DA REDE DE CAMIÑOS

5.3.1. Características Xerais

Segundo o calculado no Anexo Nº 1, de *Parámetros de Deseño*, do Proxecto estimouse que a intensidade media diaria (I.M.D.) é inferior a 45 vehículos/día. En función deste parámetro cifrouse en 50 Km/h a velocidade base do Proxecto, aínda que se poden esperar velocidades inferiores nos camiños forestais, chegando incluso ós 30 Km/h. A partir da velocidade base do Proxecto establecéronse os parámetros xeométricos que definen os acordos horizontais do eixe e os acordos

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

verticais da rasante.

O aterraplenado, segundo as necesidades contempladas, farase con terras tolerables propias procedentes dos desmontes doutros camiños e/ou con material de préstamo procedente de canteira.

5.3.2. Características Dimensionais

A partir da velocidade base do proxecto e da estruturación xerárquica dos camiños, establecéronse as características dimensionais fundamentais dos camiños proxectados. Ditas características están dentro das recomendacións establecidas pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural. Respecto da profundidade mínima de cunetas adoptada, sinalar que por definición é a distancia medida entre a cota máxima do terreo natural e o fondo da mesma. A continuación descríbese a sección tipo adoptada, que será a mesma para todos os camiños, debido a que se trata de camiños secundarios que servirán para dar acceso á parcelas que xurdiron no proceso de reestruturación e que non posúen ningún camiño de servizo na actualidade:

SECCIÓN TIPO I	
Plataforma	3,00 m.
Firme Saburra en Carrís	3,00 m.
Profundidade Saburra	0,10 m. / 0,20
Subbase	Terreo Natural / Préstamo canteira
Bombeo	2,00 %
Profundidade Gabias	0,50 m.
Ancho das Gabias	1,00 m.

SECCIÓN TIPO II	
Plataforma	8,00 m.
Firme Saburra en Carrís	8,00 m.
Profundidade Saburra	0,10 m. / 0,20 m
Subbase	Terreo Natural / Préstamo canteira
Bombeo	2,00 %
Profundidade Gabias	0,50 m.
Ancho das Gabias	1,00 m.

Indicar que, coma norma xeral, respecto á sección tipo descrita:

- A capa de firme proxectada posuirá, unha vez rematada, unha compactación do 95% do Ensaio Próctor Modificado.

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- As medidas de gabias sinaladas establécense dende a sub – rasante da plataforma.
- Tal e coma se determina no Anexo de Movemento de terras e firme, adoptaranse os seguintes pendentes nos noiros da explanación correspondentes a terreos de consistencia franca:

	Sección Tipo de Firme		
Desmonte	*1H : 1V*	***2H : 3V***	*1H : 4V*
Terraplén	*3H : 2V*	***3H : 2V***	*3H : 2V*

A variación dos noiros da Sección Tipo de Firme en canto as súas pendentes, está asociada a: camiños que circulan a media ladeira ou con pouca pendente transversal; zonas forestais, zonas rochosas ou praderías, nas cales poden aflorar as terras de tránsito a moi pouca profundidade outorgando ó conxunto, pola súa natureza unha considerable estabilidade, o que permite empregar unha maior pendente neste tipo de noiro.

5.3.3. Identificación e cuantificación da Rede de Camiños proxectada

5.3.3.1. Identificación e cuantificación dos camiños

A continuación achégase unha táboa resumo cos datos significativos de cada camiño proxectado. Os datos que contén a táboa son, por orde numérica, a denominación do camiño, a súa tipoloxía construtiva, orixe e final deste, a lonxitude do camiño, sección tipo adoptada, ancho de plataforma, e capa de rodada.

Nome do Camiño	Lonxitude do Eixo	Ancho Plataforma	Sección Tipo	Orixe	Fin	Tipoloxía
S5	36,25	3	I	Nucleo	Fincas	Nova Apertura
S6	179,63	3	I	Nucleo	Nucleo	Nova Apertura
S10_tramo II	64,09	3	I	Camiño S10	Pista asfaltada	Nova Apertura
S12	104,27	3	I	Camiño	Nucleo	Nova Apertura
S13	125,74	3	I	Pista asfaltada	Nucleo	Nova Apertura
S14	149,06	3	I	Camiño	Nucleo	Nova Apertura
S16	79,27	3	I	Pista asfaltada	Límite Zona	Nova Apertura
S17	90,000	Sobreancho		Pista asfaltada	Fincas	Sobreancho
S23	279,29	3	I	Camiño	Camiño	Nova Apertura
S24	64,59	3	I	Camiño S25	Fincas	Nova Apertura

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Nome do Camiño	Lonxitude do Eixo	Ancho Plataforma	Sección Tipo	Orixe	Fin	Tipoloxía
S25	177,30	3	I	Camiño	Camiño S27	Nova Apertura
S26	164,46	3	I	Camiño	Fincas	Nova Apertura
S28	149,61	3	I	Pista asfaltada	Nucleo	Nova Apertura
S29	35,35	3	I	Nucleo	Fincas	Nova Apertura
S30	322,76	Mellora				
S31	84,00	3	I	Camino	Camiño S32	Nova Apertura
S32	448,04	3	I	Pista asfaltada	Límite Zona	Nova Apertura
S34	281,07	3	I	Camiño	Fincas	Nova Apertura
S35	56,33	3	I	Pista asfaltada	Fincas	Nova Apertura
S38	98,11	3	I	Nucleo	Fincas	Nova Apertura
S39	125,52	3	I	Nucleo	Fincas	Nova Apertura
S40	538,65	Mellora		Pista asfaltada	Nucleo	
S41	198,71	3	I	Pista asfaltada	Fincas	Nova Apertura
S42	141,62	3	I	Camiño	Fincas	Nova Apertura
S43	28,27	3	I	Camiño	Nucleo	Nova Apertura
S51	106,82	3	I	Pista asfaltada	Fincas	Nova Apertura
S53	161,97	3	I	Pista asfaltada	Camiño	Nova Apertura
S56	127,06	3	I	Camiño S57	Fincas	Nova Apertura
S65	15,000	Mellora		Pista asfaltada	Pista	
S68	42,94	3	I	Pista asfaltada	Fincas	Nova Apertura
S69	36,48	3	I	Pista asfaltada	Fincas	Nova Apertura
S70	764,87	Mellora		Pista	Pista asfaltada	
N1	122,15	3	I	Pista	Núcleo	Nova Apertura
N2	151,45	3	I	Pista	Pista	Nova Apertura
N3	827,00	8	II	Carretera deputacion	Fincas	Nova Apertura
N4	250,29	3	I	Pista	Pista	Nova Apertura
N5	51,25	3	I	Carretera Axi	Fincas	Nova Apertura
N6	29,79	3	I	Pista	Fincas	Nova Apertura
N8	45,54	3	I	Pista	Fincas	Nova Apertura
N9	174,00	Mellora		Pista	Pista	Nova Apertura
N10	195,97	3	I	Fincas	Fincas	Nova Apertura
N11	82,15	3	I	Camiño S47	Camiño N10	Nova Apertura

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Nome do Camiño	Lonxitude do Eixo	Ancho Plataforma	Sección Tipo	Orixe	Fin	Tipoloxía
N12	36,36	3	I	Camiño	Fincas	Nova Apertura
M1	20,00	Mellora				Blandóns
M2	2X20,00	Mellora				Blandóns
C2.1	48,88	3	I	Pista asfaltada	Fincas	Nova Apertura
CSN.1	100,66	3	I	Pista asfaltada	Fincas	Nova Apertura
TOTAIS	**7433.60**					
Uds	**m**	**m**				

Total Lonxitude nova apertura=	5.488,35 m
	5,49 Km

Total Lonxitude mellora=	1.942,41m
	1,94 Km

5.3.3.2. Resumo final da rede de camiños proxectada

A continuación amosase un cadro resumo **da rede de camiños secundarios e mellora de entradas aos predios de substitución**, segundo tipoloxía dos camiños deseñados.

	Lonxitude		Número de camiños
	En metros	En kilómetros	
PARÁMETROS FINAIS DA REDE DE CAMIÑOS =	7.430,76	7,43	48

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

5.3.4. Resumo da obra proxectada.

Móstrase a continuación a relación resumida de Unidades de Obra a executar de cada unha das actuacións proxectadas, que se detallan perfectamente no apartado tanto de Medicións por Capítulos coma de Orzamento por Capítulos do DOCUMENTO Nº 3: ORZAMENTO, axunto ó presente Proxecto.

1. MOVEMENTO DE TERRAS		
N.º Orde	**Medición**	**Descrición das unidades de obra**
01.01	27.973,73 m²	Desbroce e limpeza espesor entre 10 e 20 cm.
01.02	19.289,44 m²	Compactación e rega do plano de fundación, A1-A3
01.03	6.141,27 m³	Escavación desmonte todo tipo terreo e transporte a terraplén
01.04	3.115,77 m³	Terraplén con material tolerable de banco de préstamo, incl. transp.
01.05	706,00 m³	Pedraplén 300-500 mm por colmatación, incl. transporte
01.06	17.910,96 m²	Refino e planeo do camiño c/ apertura ou limpeza de gabias
01.07	16.573,55 m³	Subbase con material de préstamo
01.08	730.50 m²	Apeo arbores d>25cm i/ retirada zona de ocupación traza de caminos.
01.09	774,00 m³	Desbroce camino desbrozadora de brazo densidad alta

2. OBRAS DE FÁBRICA		
N.º Orde	**Medición**	**Descrición das unidades de obra**
02.01	238,00 m	Cano PEAD corrugado, ø 400 cm SN8
02.02	12.00 m	Cano formigón d=60cm, terreo franco
02.04	18.00 m	Cano formigón d=100cm, terreo franco
02.27	28.60 m	Tubo HA Ø120 cm Clase 60 L.util=2,20 m.
02.06	26.60 m	Tubo HA Ø150 cm Clase 90 L.util=2,35 m.
02.26	7.20 m	Tubo HA Ø180 cm Clase 60 L.util=2,35 m.
02.25	30.20 m	Tubo HA Ø200 cm Clase 60 L.util=2,40 m.
02.07	94.00 ud	Embocadura para cano d=40cm, terreo franco
02.08	4.00 ud	Embocadura para cano d=60cm, terreo franco
02.21	6.00 ud	Embocadura para cano d=100cm, terreo franco

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

2. OBRAS DE FÁBRICA		
N.º Orde	**Medición**	**Descrición das unidades de obra**
02.12	44.00 m²	Banqueta encachado 25 cm para asento de marcos prefabricados
02.13	30.00 m²	Capa compresión marcos prefabricados esp= 10 cm
02.28	10.00m	Marco Prefabricado de 3.0x2.0, colocado, inclúe guindastre
02.16	126,95 m²	Muro mampostería pedra granítico H<= 2 m incl esc e recheo
02.17	8.00 m	Execución de impostas c/varanda metálica protección
02.18	40.00 m	Cano PEAD corrugado, ø 250 cm SN8
02.19	2.00 ud	Aqueta prefabricada HM 60*60 cm i tapa
02.20	1.00 ud	Arqueta hormigón prefabricada 1,50x2,00 i/ tapa

3. FIRMES		
N.º Orde	**Medición**	**Descrición das unidades de obra**
03.01	1584.61 m³	Base de firme macadam 40/70
03.02	10,564.00 m²	Triple rega asfáltica ECR-2
03.03	3029,06 m³	Base de zahorra ZA40
03.04	840.00	Pavimento de formigón 15 cm s/grava e mallazo 15X15 cm dia 5 mm
03.06	30.60	Revestimiento hormigón cunetas

4. SINALIZACIÓN		
N.º Orde	**Medición**	**Descrición das unidades de obra**
04.01	3 ud	Sinal de STOP de 90 cm Serie B Tipo 4
04.02	12 ud	Sinal de STOP de 60 cm Serie C Tipo 4
04.03	1 ud	Cartel informativo de obra 2,5x1,4 m, colocado

5. ACONDICIONAMENTO DE FINCAS		
N.º Orde	**Medición**	**Descrición das unidades de obra**
05.01.01	8.325,00 m³	Estendido de terras con retroescavadora en cordóns

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

5. ACONDICIONAMENTO DE FINCAS		
N.º Orde	**Medición**	**Descrición das unidades de obra**
05.01.02	7.200,00 m^3	Formación rampa en desmonte terreno transito.
05.01.03	2.400,00 m^3	Formación rampa en terraplén.
05.01.04	216,00 m^3	Apertura y limpieza de presas de riego
05.01.05	50.00 ud	Suministro y colocación de marco

6. REPOSICION DE SERVIZOS AFECTADOS		
N.º Orde	**Medición**	**Descrición das unidades de obra**
05.01	300 ml	Xalonado estacas madeira

7. MEDIDAS CORRECTORAS E DE INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA		
N.º Orde	**Medición**	**Descrición das unidades de obra**
06.01	500 m	Xalonado estacas madeira
06.02	100 m	Barreira filtrante palla h=1m

8. XESTIÓN DE RESIDUOS		
N.º Orde	**Medición**	**Descrición das unidades de obra**
07.01	5,00 m^3	Xestión en centro autorizado de residuos de formigón
07.02	3,00 m^3	Xestión en centro autorizado de residuos de plástico
07.03	2,00 m^3	Xestión en centro autorizado de residuos de madeira
07.04	6,00 m^3	Xestión en centro autorizado de residuos misturados construción
07.05	12,00 m^3	Aluguer mensual de contedor RCD 6 m^3

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

8. XESTIÓN DE RESIDUOS		
N.º Orde	**Medición**	**Descrición das unidades de obra**
07.06	6,00 m^3	Servicio de entrega e recollida de contenedor de escombros 20 km

9. VARIOS		
N.º Orde	**Medición**	**Descrición das unidades de obra**
08.01	4,89 Km	Cartografía e referenciación do camiño executado respecto os pla
08.02	500 mL	Balizado zona de obras

10. SEGURIDADE E SAÚDE		
N.º Orde	**Medición**	**Descrición das unidades de obra**
09.01.01.01	1000,05 m	Banda sinalización bicolor plástico 8
09.01.01.02	2 ud	Cartel indicativo plástico 45x30
09.01.01.03	30 ud	Cono sinalización vial 50 refl amtz 5
09.01.01.04	6 ud	Panel reflectante zona excluida ó tráfico 80x20cm 5 usos
09.01.01.05	6 ud	Sinal reflectante triangular de perigo 70mm sobre cabalete 5usos
09.01.02.01	5 ud	Botas de seguridade Categoría S2
09.01.02.02	5 ud	Roupa de traballo, chaqueta e pantalón 100% algodón
09.01.02.03	5 ud	Casco seguridade obra
09.01.02.04	5 ud	Peto reflectante 3 usos
09.01.02.05	5 ud	Chaqueta impl c/capucha
09.01.02.06	5 ud	Pantalón impermeable
09.01.02.07	5 ud	Lentes anti impactos e salpicaduras, de propionato

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

10. SEGURIDADE E SAÚDE		
N.º Orde	**Medición**	**Descrición das unidades de obra**
09.01.02.08	5 ud	Cinto seguridade reforzado
09.01.02.09	5 ud	Protector auditivo con acolchado
09.01.02.10	5 ud	Par botas impl 30cm ng
09.01.02.11	5 ud	Par luvas coiro/téxtil super
09.02.01	18 mes	Alugamento mensual caseta obra 6 m2 c/aillamento
09.02.02	18 mes	Alugamento mensual caseta sanitaria 6 m2 c/ailla e quent el
09.02.03	1 ud	Caixa de urxencias
09.02.04	5 ud	Taquilla metálica individual
09.02.05	1 ud	Banco de madeira para 5 persoas
09.02.06	5 ud	Reposición de caixa de urxencias
09.02.07	5 ud	Percha para aseos e duchas
09.02.08	1 ud	Dispensador de papel hixiénico
09.02.09	1 ud	Toalleiro anel

11. SEGUIMENTO E CONTROL AMBIENTAL-ARQUEOLÓXICO		
N.º Orde	**Medición**	**Descrición das unidades de obra**
11.01	1 ud	Seguimento ambiental
11.02	1 ud	Seguimento arqueolóxico

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

5.4. CARACTERÍSTICAS CONSTRUTIVAS DA REDE DE CAMIÑOS

5.4.1. Camiños e treitos de camiños de Nova Apertura

5.4.1.1. Movemento de Terras

A construción dos novos camiños previstos comezarase mediante actuacións combinadas de roza, desmonte e terraplén que completarán o movemento de terras previsto para estes, definindo, ó remate, a súa plataforma.

5.4.1.2. Firmes

A continuación, sobre o plano de fundación creado construirase a sección tipo, segundo as características técnicas asignadas ó camiño a executar, mediante a extensión dunha capa de saburra, de **dez centímetros** de espesor debidamente rasanteada e compactada ó 95% do Ensaio Próctor Modificado, o espesor da saburra para os camiños nas zonas de labradío mais húmedas para mellorar a súa estabilidade subirase a 20 cm, a cal definirá a capa de rodada dos camiños.

As dimensións construtivas da plataforma proxectada (gabias máis capa de rodada) para os novos camiños son, segundo nos indica a sección tipo de firme asociada, de tres/oito metros de capa de rodadura e de 1 m de gabia (profundidade de 0,50 m).

5.4.1.3. Obras de Fábrica

As actuacións descritas complétanse cun correcto sistema de drenaxe tanto lonxitudinal (apertura de gabias) coma transversal (canos e marcos de formigón e as súas correspondentes arquetas e/ou embocaduras).

O cruce cos cursos de auga salvaranse mediante a implantación das Obras de Drenaxe Transversal (en abreviatura ODT) xustificadas no anexo Nº 5, de Estudo hidrolóxico, presentando o seu resumo na táboa seguinte:

Nome Conca	Camiño	Coord. X (ODT)	Coord. Y (ODT)	Tipoloxía (T=500)	Caudal aportado (T=500)	Caudal soportado (Qd)
Cuenca 1	S14	517.636	4.710.878	Tubo Formigón D=2000 mm.	**4,219**	**5,580**
Cuenca 2	S16	517.732	4.710.810	Tubo Formigón D=1500 mm.	**1,792**	**1,996**
Cuenca 3	N4	518.548	4.709.488	Tubo Formigón D=1800 mm.	**3,700**	**3,898**
Cuenca 4	S32	518.346	4.708.772	Marco de 3x2 m	**11,471**	**12,747**
Cuenca 5	S25	518.314	4.709.678	Tubo Formigón D=1000 mm.	**0,259**	**0,290**
Cuenca 6	S23	518.314	4.709.678	Tubo Formigón D=1000 mm.	**0,193**	**0,290**
Cuenca 7	N3_tramo I	518.391	4.709.826	Tubo Formigón D=1500 mm.	**1,280**	**1,996**

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Nome Conca	Camiño	Coord. X (ODT)	Coord. Y (ODT)	Tipoloxía (T=500)	Caudal aportado (T=500)	Caudal soportado (Qd)
Cuenca 8	N1	518.466	4.710.040	Tubo Formigón D=1200 mm.	**0,622**	**0,771**
Cuenca 9	N3_tramo I	517.552	4.708.398	Tubo Formigón D=1200 mm.	**0,528**	**0,771**
Cuenca 10	N3_tramo I	518.144	4.710.166	Tubo Formigón D=1500 mm.	**0,795**	**1,996**
Cuenca 11	N10	518.288	4.710.106	Tubo Formigón D=2000 mm.	**5,135**	**5,580**
Cuenca 12	N11	519.412	4.710.934	Tubo Formigón D=2000 mm.	**5,246**	**5,580**
		m	m		m3/s	m3/s

5.4.2. Entronques a asfaltar: Pavimento, sinalización vial e drenaxe

5.4.2.1. Entronques dos camiños cas estradas Autonómicas PO-301 e PO-530.

Existe **un (1) entronque de camiño en estradas Autonómicas, sería na PO-301** (N5), que se deseñará segundo o esixido no Artigo 21, de *Cuñas de cambio de velocidade*, do Capítulo I, de *Características e deseño dos elementos de trazado*, do Título III, de *Accesos as estradas convencionais e vías de servizo*, da Orde Circular 2/2017 pola que se regulan os accesos na Rede Autonómica de estradas de Galicia.

Neste artigo indícase que as cuñas de saída e de incorporación a estrada autonómica concorrente (*neste caso a PO-301, Ponte Arnelas (PO-300) - Vilagarcía de Arousa (PO-549)*, se deseñarán tendo en conta as seguintes prescricións específicas:

a) As cuñas de cambio de velocidade poderán ser de saída da calzada principal ou de incorporación a aquela.

b) A súa lonxitude mínima será a indicada na táboa seguinte e o ancho da cuña de saída será equivalente ó do carril adxacente da calzada á que se accede.

Táboa 6: Lonxitude mínima das cuñas de cambio de velocidade (m)

Velocidade* (km/h)	Tráfico (veh./día)	Saída	Incorporación
≥80	-	60	60
70	-	50	30
60		40	30
≤50	>5.000	30	30
	≤5.000	30	0

* Empregarase a velocidade legal de circulación na sección na que se sitúe o acceso

c) O ancho da prolongación do borde exterior da calzada das cuñas de cambio de velocidade, na súa intersección coa prolongación dos bordes da zona destinada

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve


á circulación de vehículos no acceso, será igual ó do carril adxacente da calzada principal, mantendo, en todo caso, un ancho mínimo de **tres (3) metros**.

d) Deberanse cumprir as limitacións referidas a distancias de seguridade con respecto a outros elementos de trazado que se establecen nos artigos correspondentes desta Orde.

Para asegurar a súa visibilidade as pendentes de incidencia serán moi suaves, sen superar nos seus últimos cincuenta (*50*) metros o 2,00%. Prevense tanto a execución das obras de fábrica necesarias para dar continuidade ás gabias existentes, cun diámetro de 60 cm., coma a súa correcta sinalización vial.

Este entronque posuirá as seguintes características técnicas, sempre respecto á sección tipo de firme co que se catalogan os tres camiños e a Figura 3 da Orde Circular 2/2017, a continuación amosada:

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve



- **Superficie**: É moi importante salientar que o camiño afectado por este entronque, xa existe na actualidade, aínda que se atopa en mal estado de conservación na súa traza.

  Segundo a planimetría, baseada na Figura 3 da OC 2/2017, este entronque posúe unha superficie aproximada de:

  - **Camiño N5: 60,00 m²** para a capa de rodada a realizar en Formigón.

- **Capa de rodada formigonada**: Executaráse nos seus primeiros **(*20*) metros** coma mínimo mediante a extensión sobre o firme do camiño (*capa de material todo-un*), e sempre nesta orde:

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- Unha capa de quince (*15*) centímetros de formigón.

Con esta actuación conseguirase:

- Impedir a chegada de arrastres ou vexetación ata a estrada municipal, por mor do normal transito e manobras de vehículos (*agrícolas ou non*) que poidan utilizalos.

- Facilitar a incorporación desde estes camiños á propia estrada.

  - **Dotación da sinalización vial:** axeitada respecto a estrada PO-301.

  - **Dotación de Obra de Drenaxe Transversal** (*ODT*): Proxéctanse para o presente caso canos de formigón de Ø60 cm, reforzados baixo calzada con formigón.

5.4.2.2. Entronques dos camiños con estradas da Deputación de Pontevedra

Definimos **cinco (5) entronques de camiños con estradas da Deputación Provincial de Pontevedra EP-9703, EP-9005 e EP-9002 (N3, S41, S17, S13 e S32)** co fin de definir a estrutura e a continuidade dos firmes.

No caso de entronques en estradas da Deputación de Pontevedra, a forma de proceder será a seguinte, dependendo da sección tipo de firme do camiño concorrente, posuirán as seguintes características técnicas:

- **Superficie**: Segundo a sección tipo do camiño concorrente, a superficie da capa de rodada a pavimentar en Triple Tratamento Asfáltico, (en abreviatura TTA) dependerá dos radios de entronque, aínda que estará sobre os **130 metros** cadrados xa que a sección de plataforma é de 4 metros.
- **Capa de rodada asfaltada**: Executarase nos seus **primeiros vinte (20) metros** como mínimo mediante a extensión sobre o firme do camiño (capa de material de 0,15 metros de espesor), e sempre nesta orde:
  - Unha capa de quince (15) centímetros de espesor de macádam 40/70 perfectamente compactado.
  - Un triple tratamento asfáltico a base de:
    - Primeira rega (semiprofunda): Con dotación de 3,50 kg. de emulsión ECR-2 saturados con 20 l. de grava miúda 8/12.
    - Segunda rega (superficial): Con dotación de 2,00 kg. de emulsión ECR-2 saturados con 10 l. de grava miúda 5/8.
    - Terceira rega (de selado): Con dotación de 1,50 kg. de emulsión ECR-2 saturados con 5 l. de area lavada.
- **Dotación da sinalización viaria**: Implantaranse sendas sinais verticais de STOP, Serie C e Tipo 4, de 90 cm. diámetro en cada un destes entronques.
- **Dotación de Obra de Drenaxe Transversal (ODT):** A correspondente á

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

escorrenta superficial de cada camiño concorrente.

5.4.2.3. Entronques dos camiños con estradas municipais asfaltadas

Definimos **cinco (5) entronques de camiños con estradas asfaltadas**, co fin de definir a estrutura e a continuidade dos firmes.

Os entronques pavimentados deseñaranse de xeito que se asegure a visibilidade. As pendentes de incidencia non superan, en xeral, o 15,00% en subida ou descenso, nos derradeiros quince metros, e contémplase a execución de obras de fábrica necesarias para dar continuidade ás cunetas.

É importante destacar que os camiños, serán revestidos de formigón no tramo que corresponde ao entronque. Os camiños dotados de firme de triple rega terán os seus entronques coas pistas existentes tamén en tripla rega. Polo tanto estes entronques, respecto á sección tipo de firme do camiño concorrente, posuirán as seguintes características técnicas:

- **Superficie**: Segundo a sección tipo do camiño concorrente, a superficie da capa de rodada a pavimentar en Triple Tratamento Asfáltico, (en abreviatura TTA) ou formigón dependerá dos radios de entronque, e do ancho da plataforma.
- **Capa de rodada formigonada**: Executaranse nos seus primeiros vinte (20) metros co extendido de 15 cm de formigón.
- **Capa de rodada asfaltada**: Executarase nos seus **primeiros vinte (20) metros** como mínimo mediante a extensión sobre o firme do camiño, e sempre nesta orde:
  - Unha capa de quince (15) centímetros de espesor de macádam 40/70 perfectamente compactado.
  - Un triple tratamento asfáltico a base de:
    - Primeira rega (semiprofunda): Con dotación de 3,50 kg. de emulsión ECR-2 saturados con 20 l. de grava miúda 8/12.
    - Segunda rega (superficial): Con dotación de 2,00 kg. de emulsión ECR-2 saturados con 10 l. de grava miúda 5/8.
    - Terceira rega (de selado): Con dotación de 1,50 kg. de emulsión ECR-2 saturados con 5 l. de area lavada.
- **Dotación da sinalización viaria**: Implantaranse sinais verticais de STOP, Serie C e Tipo 4, de 60 cm. diámetro en cada un destes entronques.
- **Dotación de Obra de Drenaxe Transversal (ODT):** A correspondente á escorrenta superficial de cada camiño concorrente.

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

6. NORMAS CONSTRUTIVAS

Ademais das especificadas no Prego de Prescricións do presente Proxecto, teranse en conta as seguintes:

- Os camiños afirmados faranse logo de quedar totalmente terraplenados e compactados ata a altura da rasante.
- Se no transcurso das obras aparecese algunha canteira, que, por causas xustificadas puidese interesar explotar, poderase, a xuízo do Director das Obras, autorizar o emprego do material obtido nela.
- Como norma xeral, adóptanse noiros en desmontes e terrapléns de pendente 2/3 e 3/2, respectivamente.
- Os terrapléns executaranse por tongadas de espesor acorde coa maquinaria a empregar para alcanzar a densidade esixida, debendo ser consolidada cada tongada antes de engadir a seguinte.
- A capa vexetal superficial, non será utilizada para a compensación de terras e verterase fóra dos límites da área de explanación do camiño ou estenderase sobre as leiras colindantes en época fóra de cultivo.
- Os formigóns executaranse coa resistencia característica que figura nos cadros de prezos e estado de medicións, quedando totalmente prohibido o emprego de formigons feitos insitu.
- A apertura de cunetas en cada camiño, deberá realizarse inmediatamente logo da explanación do camiño en cuestión, co obxecto de defendelo de posibles asolagamentos debidos ás augas superficiais.
- A contrata deberá axustarse estritamente ós prazos parciais e total de execución das obras que figuran no Prego de Condicións Administrativas de contratación que rexe para o Proxecto.
- A efectos da súa medición e abono, corresponde á Dirección das Obras catalogar todo o que expresamente non estivese establecido no Prego de Prescricións Técnicas Particulares, para o que se regulara polas normas contidas na lexislación vixente aplicable a este tipo de obras

A rede viaria actualmente existente poderá ser aproveitable naqueles tramos que teñan un trazado adecuado e un firme aceptable, aínda que deberá ser mellorada en diferentes aspectos como é o seu propio trazado, pendente, limpeza e ensanche dos camiños, así como na achega de material granular e obras de fábrica correspondentes. Cabe salientar que en ningún dos camiños existentes se poderá deixar o firme tal e como está actualmente.

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

7. ACONCICIONAMENTO DE FINCAS.

Co obxectivo de facilitar o acceso e as labores agrícolas das novas fincas contémplanse no proxecto as obras necesarias para tal fin. As principais actuacións consistirán no acondicionamento de 280 fincas principalmente executando o estendido de cordóns de terra vexetal procedentes da apertura dos viais principais nun volume de 8.325,00 m^3. A formación de rampas de acceso tanto en desmonte cun volume de 7200,00 m^3 como de terraplén cun volume de 2400,00 m^3 . Ademais tamén se contempla a limpeza de presas de rego colmatadas ou afectadas polas obras de apertura dos viais. Todas estas actuacións refléxanse no anexo 15 e no correspondente capítulo do orzamento.

8. CUMPRIMENTO DOS CONDICIONANTES TÉCNICO-AMBIENTAIS

Tal e coma se pode observar nos anexos: 9, de Medidas de Protección Ambiental e Integración Paisaxística, 10, de medidas de protección de patrimonio e 11, matriz de condicionantes ambientais e patrimoniais; e en cumprimento dos estudios ambientais previos, para un correcto desenvolvemento medioambiental das obras previstas, todas as medidas correctoras necesarias se toman acorde cos condicionantes técnico-ambientais establecidos polo Servizo de Estruturas e Infraestruturas Agrarias da Consellería de Medio Rural, incidindo principalmente na Declaración de Impacto Ambiental do 6 de Outubro do 2010.

Tendo en conta que:

- **As posibles afeccións ambientais, están reflexadas na memoria e nos anexos, tomándose as correspondentes medidas de cautela de cara á preservacións dos valores que representan os bens e paraxes afectados, sempre á espera das observacións ó respecto que podan realizar os organismos con competencia na materia.**
- **Para as afeccións patrimoniais e ambientais que puideran xurdir na Fase de Execución dos camiños están identificadas, cuantificadas, valoradas e definidas, para a súa minimización, as correspondentes Medidas de Protección.**
- **As Medidas Correctoras e de Integración Paisaxística adoptadas son as necesarias e esixidas para o cumprimento medioambiental e patrimonial da Obra.**
- **Facer especial mención ó Anexo 11 (de Matriz de Cumprimento da DIA) e os seus Subanexos, onde se detallan, esquematizan e se verifican todos os puntos referidos ós condicionantes técnico – ambientais do Proxecto.**

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- **A continuación axúntase unha táboa na que aparecen en cor vermello as incidencias e en verde os camiños que non provocan afeccións**

TABOA RESUMO DE AFECCIÓNS				
Nome	Lonx. Eixo	Ambiental	Patrimonial	Policía
S5	36,25	NON	SI	SI
S6	179,63	NON	NON	NON
S10_tramo II	64,09	NON	NON	NON
S12	104,27	NON	NON	NON
S13	125,74	NON	NON	NON
S14	149,06	NON	NON	SI
S16	79,27	NON	NON	SI
S17	90,00	NON	SI	NON
S23	279,29	NON	NON	SI
S24	64,59	NON	NON	SI
S25	177,30	NON	NON	SI
S26	164,46	NON	NON	SI
S28	149,61	NON	NON	NON
S29	35,35	NON	NON	NON
S30	322,76	NON	NON	SI
S31	84,00	NON	NON	SI
S32	448,04	NON	NON	SI
S34	281,07	NON	NON	SI
S35	56,33	NON	SI	NON
S38	98,11	NON	NON	SI
S39	125,52	NON	NON	SI
S40	538,64	NON	NON	SI
S41	198,71	NON	SI	SI
S42	141,62	NON	NON	SI
S43	28,27	NON	NON	NON
S51	106,82	NON	NON	NON
S53	161,97	NON	NON	SI
S56	127,06	NON	NON	SI
S65	15,00	NON	NON	SI
S68	42,94	NON	NON	SI
S69	36,48	NON	NON	NON
S70	764.87	NON	SI	SI
N-1	122,15	NON	SI	SI

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

TABOA RESUMO DE AFECCIÓNS				
Nome	**Lonx. Eixo**	**Ambiental**	**Patrimonial**	**Policía**
N-2	151,45	NON	SI	NON
N-3	827	NON	NON	SI
N-4	250,29	NON	NON	SI
N-5	51,25	NON	NON	NON
N-6	29,79	NON	SI	SI
N-8	45,54	NON	NON	SI
N-9	174	NON	NON	SI
N-10	195,97	NON	NON	SI
N-11	82,15	NON	NON	SI
N-12	36,36	NON	NON	NON
M1	20	NON	SI	SI
M2	2X20	NON	NON	SI
C2.1	48,88	NON	NON	NON
CSN.1	100,66	NON	SI	SI

Afección de acondicionamentos/desmonte: as parcelas afectadas son a 1998, 1992, 1988, 1987, 1985, 1981, 1980, 1979, 2002, 2003, 2004, 2005, 2007, 2016, 2017, 2019, 2020, 2021, 2023, 2024 e 2025.

CONCLÚESE que a Obra recollida no ***"Proxecto 2ª fase de camiños secundarios e mellora de entradas aos predios de substitución nas zonas de concentración parcelaria de Tremoedo e Oubiña 2º Sector (Vilanova de Arousa, Cambados – Pontevedra)"*** á espera das observacións ó respecto que podan realizar os organismos con competencia na materia, cumpre co esixido na Normativa Ambiental e Patrimonial vixente e rexedora para este tipo de actuacións, no seu conxunto, a cal se relaciona a continuación:

- Normas Subsidiarias do Planeamento do Concello Vilanova de Arousa, aprobadas definitivamente o 14.3.1997 e publicadas no BOP o 5 de Maio do 1997, no DOG o 28 de Maio do 1997 e entrou como Normativo o 5 de Maio do 1997.
- Declaración de Impacto Ambiental Formulada pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental en data 6 de Outubro de 2010, relativa á concentración Parcelaria da Parroquia de Santo Estebo de Tremoedo, (Vilanova de Arousa, Pontevedra) Promovida pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural (Clave: 2007/0150).
- Estudio de Impacto Ambiental titulado: ESTUDIO DE IMPACTO AMBIENTAL DA ZONA DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE TREMOEDO (VILANOVA DE

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

AROUSA – PONTEVEDRA). Revisado pola Consellería do Medio Rural e publicado en Decembro de 2005.

- Lei 4/2015, do 17 de Xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia.
- Lei 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sostible do medio rural.
- Directiva 97/68/CCE, do 16 de decembro, referida ó control das emisións de dióxido de nitróxeno (NO2), partículas e fumes negros e outros contaminantes.
- R.D. 849/1986, do 11 de abril, polo que se rixe o Regulamento do Dominio Público Hidráulico, (Modificado por R.D. 367/2010, R.D. 9/2008, R.D. 1620/2007, R.D. 606/2003, Resolución do 21 de novembro de 2001, R.D. 1771/1994, R.D. 419/1003 e R.D. 1315/1992).
- Decreto 174/2005, de 7 de decembro, polo que se regula a Autorización e notificación de produtor e xestor de residuos de Galicia.
- R.D. 833/1988, do 20 de xullo, de Residuos perigosos, e a súa modificación mediante o R.D. 952/1997, do 20 de xuño.
- Decreto 130/1997, de 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos Ecosistemas acuáticos continentais, e de maneira particular todo o sinalado no anexo V de dito decreto respecto á calidade das augas.
- Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa, aprobado polo Real decreto 11/2016, do 8 de xaneiro, polo que se aproban os plans hidrolóxicos das demarcacións hidrográficas de Galicia-Costa, das concas mediterráneas andaluzas, do Guadalete-Barbate e do Tinto, Odiel e Piedras.
- Lei 9/2001, do 21 de agosto, de Conservación da Natureza, (D.O.G. nº 171 de 4/9/2001).
- R.D. Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Augas.
- Lei 5/2016, do 4 de Maio, de Patrimonio Cultural de Galicia.
- ORDE CIRCULAR 2/2017, pola que se regulan os accesos na rede autonómica de estradas de Galicia.

9. REQUISITOS ADMINISTRATIVOS

9.1. DECLARACIÓN DE OBRA COMPLETA

De acordo co establecido no artigo 125 do Regulamento Xeral de Contratación do Estado, aprobado polo Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro, os traballos e a valoración contida no presente proxecto refírese a unha obra completa susceptible de ser entregada ó servizo público unha vez rematada e reúne os requisitos esixidos

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

na normativa vixente en materia de contratos.

9.2. AUTORIZACIÓNS ADMINISTRATIVAS

Os camiños e obras situados nas zonas de concentración parcelaria precisan as seguintes autorizacións:

¿Precisa tramitación ante Conservación Natureza?	**NON**
¿Precisa tramitación ante Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación	**SI**
¿Precisa tramitación ante Augas de Galicia?	**SI**
¿Precisa tramitación ante ADIF?	**NON**
¿Precisa tramitación ante Concello?	**SI***
¿Precisa tramitación ante Deputación Provincial?	**SI**
¿Precisa tramitación ante Ministerio de Fomento?	**NON**
¿Precisa tramitación ante Propietario do Abastecemento?	**NON**
¿Precisa tramitación ante Propietario da rede eléctrica?	**NON**
¿Precisa tramitación ante Propietario da rede de telefonía?	**NON**
¿Precisa tramitación ante Rede Autonómica de Estradas de Galicia?	**SI**
¿Precisa tramitación ante Patrimonio?	**SI**

**Só no caso de que sexa necesario para a realización dos entronques dos camiños secundarios en estradas asfaltadas existentes*

9.3. PRAZOS DE EXECUCIÓN

O prazo previsto para a execución das obras é de **DEZAOITO (18) MESES**, a contar a partir da data de replanteo. A programación das actividades pódese ver no Anexo Nº 6, de Programación Técnica e Económica.

9.4. REVISIÓN DE PREZOS

De acordo co disposto no Artigo 89 do RDL 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, modificado pola Lei 2/2015, de desindexación da economía española, a revisión de prezos terá lugar cando se teña executado polo menos o 20% do seu importe e houbesen transcorrido dous anos dende a formalización.

Polo tanto, o primeiro 20% executado e os dous primeiros anos transcorridos dende a formalización quedarán excluídos da revisión. Como queira que o prazo de execución previsto da obra é de **18 meses**, considérase que **non procede a revisión de prezos para este proxecto.**

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

9.5. PRAZO DE GARANTÍA

O prazo previsto de garantía é de **UN (1) ANO**, a contar a partir da recepción da obra totalmente concluída.

9.6. CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA

A clasificación do contratista farase tendo en conta o preceptuado tanto na vixente Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Publico coma no seu Regulamento.

Outros residuos	170904	NO	6 m^3	Depósito Vertedoiro

3.1. TERRAS

3.1.1. Terras sedimentarias

Procedentes do saneamento previo do terreo para a implantación dunha base de pedraplén para os camiños proxectados que atravesen zonas chairas e/ou brañas, no presente caso non se xera residuo algún deste tipo o executarse dita estrutura mediante a colmatación do terreo, colocándose o material constituinte (pedra) sobre este.

3.1.2. Terras de tránsito e material pétreo

Poderían aparecer ó realizar o desmonte previsto nos camiños que se desenrolen a media ladeira das zonas forestais.

En xeral, queda descrito no Anexo 4, de Estudo xeotécnico, axunto o presente Proxecto, e serán rochas sen alteración apreciable, compactas e estables fronte á acción dos axentes externos, polo que a súa xestión se realizará mediante a súa valorización coma pedraplén dentro da construción da rede de camiños, polo que non se xerará residuo algún deste tipo.

3.1.3. Terra vexetal

Extraída dos desmontes e roza programados reutilizarase para esparcir sobre os terraplenes resultantes das obras.

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

3.1.4. Resto de terras

O balance de terras do Proxecto determina a existencia de sobrantes, despois de realizar o balance compensatorio entre os camiños proxectados. No caso de precisar terras ou existir sobrantes, coma no proxecto que nos ocupa, os bancos de préstamo e os depósitos de terra sobrante colocados ó lado e no alto dun desmonte serán acondicionados mediante a posterior restauración do banco de préstamo consistente dita restauración na roza previa, desbroce con capaceo da terra vexetal (cordóns perimetrais), suavizado e moderación dos noiros resultantes e posterior estendido da terra vexetal con adubado (con complexo NPK, triple quince ou similar, a doses inferiores a 300kg/ha, con tractor de rodas e abonadora centrífuga).

3.2. RESIDUOS VEXETAIS

Xerados coma resultado da roza lateral dos camiños de ampliación e mantemento tamén se incorporará de novo o terreo da Zona de Concentración mediante o seu tratamento, previo acordoamento dos mesmos, con rozadora de martelos, sendo o seu tamaño final o resultado de operar dúas veces por cada cordón.

3.3. ÁRBORES A APEAR E/OU SEUS SUBPRODUTOS (Madeira non de Obra)

Tanto as árbores a apear coma os seus subproductos (leña, froitos, polas,...) considéranse tamén materia orgánica e posúe un valor económico para os seus lexítimos propietarios (ós das parcelas onde estes se localizan), polo que este tipo de residuo (madeira) será reutilizado por estes.

3.4. RESIDUOS PERIGOSOS

Na presente estimación non se prevé a xeración de residuos perigosos.

3.5. OUTROS TIPOS DE RESIDUOS

Na táboa a continuación presentada descríbense outros tipos de residuos que se xeran no normal desenvolvemento de calquera Obra, con orixe, trasego e utilización de materiais complementarios e necesarios para a correcta execución de certas partidas da mesma (encofrados, mantemento de maquinaria, envoltorios plásticos, caixas de cartón, etc.).

A responsabilidade e custe da súa correcta xestión é intrínseca á Empresa Adxudicaría da Obra e deberá estar definida dentro do seu programa de desenrolo da mesma, sendo as operacións a realizar, segundo o tipo de residuo, as seguintes:

MATERIAIS	ALMACENAMENTO	TRATAMENTO / VALORIZACIÓN / RECICLAXE
Materiais non especiais	Sacos	> Minimización, reutilización e reciclaxe > A vertedoiro autorizado
Plásticos, papel e cartón	En contedores da Empresa Xestora	> Minimización e reutilización en Obra e/ou por XRA > A vertedoiro autorizado

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

MATERIAIS	ALMACENAMENTO	TRATAMENTO / VALORIZACIÓN / RECICLAXE
Asimilables a urbáns Envases e embalaxes de bebidas ou a alimentos	En contedores municipais	> Minimización, reciclaxe e reutilización > A vertedoiro de RSU
Materiais bituminosos	En contedores da Empresa Xestora	> A vertedoiro autorizado
Industriais Aceites usados, pinturas, disolventes, *(incluídos embalaxes ou textís impregnados con eles)*	En contedores da Empresa Xestora	> Minimización e entrega a XRA
Madeira de obra *(diferente á madeira de árbores apeados e/ou seus subprodutos)*	En Obra e contedores	> Reutilización en Obra e/ou por XRA > A vertedoiro autorizado

***XRA**: Xestor de Residuos Autorizado*
***RSU**: Residuos Sólidos Urbáns*

No tempo que transcorre entre a produción do residuo e a súa xestión, ditos materiais deberán estar adecuadamente acopiados e/ou almacenados da forma e no lugar máis adecuado para que non se produza ningún tipo de afección.

4. INSTALACIÓNS AUXILIARES ÁS OBRAS

No que se refire á ubicación das instalacións auxiliares tipo oficinas, vestiarios, etc, sinalar que non se prevé a súa necesidade dadas as características e programa das obras a desenrolar, estimándose unicamente a necesidade de instalacións auxiliares menores, caso de zonas para o acopio temporal de materiais de obra, terras vexetais e similares, para as que se utilizará a propia traza dos camiños, coa excepción das zonas de exclusión, que se corresponden cós seguintes ámbitos:

- Superficies que presenten bosques aluviais de ribeira de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* e formacións de brezais húmidos atlánticos de zonas temperadas de *Cirsio filipenduli-Ericetum cinereae*.
- Formacións arbóreas autóctonas, especialmente cando constitúan carballeiras galaico-portuguesas con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica*, así como os brezais oromediterráneos presentes de *Ulici europaei* e *Cytisetum striati*.
- Terreos nos que a pendente sexa maior a un 20%, fundamentalmente debido á facilidade que presentan estes terreos para sufrir procesos erosivos que lles fagan perder a capa fértil do solo.
- Faixas de especial protección dispostas no artigo 21 do Decreto 105/2006 do 22 de xuño polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, a protección dos asentamentos no medio rural e á regulación de aproveitamento e repoboacións forestais.
    - A totalidade das parcelas que se atopen, fóra do monte, a unha distancia inferior a 25 metros do seu perímetro.

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- A totalidade dos terreos forestais, ralos ou arborados, que se sitúen, dentro do monte, a unha distancia inferior a 10 metros do seu perímetro.
- Unha franxa de 25 metros arredor de calquera edificación, urbanización, obras, instalacións industriais ou infraestructuras de transporte, situadas a menos de 400 metros do monte.

- As sebes e lindeiros arborados, a vexetación de ribeira potenciando a súa restauración como corredores biolóxicos.

Levarase un control exhaustivo dos derrames que se poidan producir, procedendo á súa eliminación inmediata, no momento de producirse, mediante a súa absorción con celulosa ou zahorra, que posteriormente se tratará como un residuo perigoso, tal e como establece o R.D. 833/1988, de 20 de xullo, de residuos perigosos, e a súa modificación mediante o R.D. 952/1997, de 20 de xuño.

Por outra parte, e si se dese o caso, será necesario presentar a documentación acreditativa para notificar a produción de residuos perigosos para a fase de obras, en cumprimento do Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.

Os movementos de maquinaria fora das pistas existentes na zona de actuación limitaranse ó necesariamente imprescindible, seguindo trazados de pouca pendente, para que as pegadas producidas non favorezan a escorrentía. Aproveitarase na medida do posible as pistas existentes como acceso ós distintos taxos de obra.

Unha vez finalizadas as obras, reporanse e/ou devolveranse as súas condicións iniciais todas as áreas afectadas polas instalacións auxiliares que non se encontren directamente sobre a traza; corrixíndose así, as alteracións producidas durante a fase de construción sobre o entorno.

A restauración das áreas afectadas consistirá na restitución das condicións iniciais e saneo das zonas que se viron sensiblemente afectadas pola execución do Proxecto, conqueríndose así eliminar o impacto residual das obras.

5. MEDIDAS DE SELECCIÓN DE RESIDUOS EN OBRA

A Obra a realizar non alcanza ningún dos volumes máximos de residuos establecidos (para o total da Obra, por tipo de residuo e en toneladas) no Epígrafe 5 do Artigo 5º, de *Obrigacións do posuidor de residuos de construción e demolición*, do R.D. 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, a partir dos que deberán separarse éstes en fraccións individualizadas.

Como referencia, os volumes máximos citados no parágrafo anterior son os seguintes:

- *Formigón* ..... 80,50 Tn.
- *Ladrillo, tellas e materiais cerámicos* ..... 40,00 Tn.
- *Metal* ..... 2,00 Tn.
- *Madeira* ..... 1,00 Tn.

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- *Vidro* ..... 1,00 Tn.
- *Plástico* ..... 0,50 Tn.
- *Papel e cartón* ..... 0,50 Tn.

A Obra a realizar non alcanza ningún dos volumes fixados polo que non é necesario a citada separación selectiva.

Co fin de evitar que poidan romper os materiais antes de que ser empregados e, por tanto, deban ser refugados, manteranse as provisións de material fóra das zonas de paso, manténdose as embalaxes en bo estado de conservación.

6. MEDIDAS DE PREVENCIÓN DE RESIDUOS NA OBRA

Segundo as tres (3) fases principais da Obra (Proxecto, Programación e Execución) estableceranse as medidas oportunas para a reducción de residuos en cada una delas.

a) Fase de Proxecto:

- Prever a cantidade e natureza dos residuos a xerar.
- Optimizar as seccións resistentes dos elementos construtivos para empregar menos recursos e orixinar menos residuos.
- Usar elementos prefabricados que se monten en obra respectando os formatos modulares dos materiais e elementos construtivos utilizados.
- Fixar reunións informativas entre Dirección facultativa e Contratista para tratar aspectos que sirvan para mellorar a xestión de residuos.
- Limitar e controlar a utilización de materiais potencialmente perigosos e/ou tóxicos tales coma fluidizantes, desencofrantes, líquidos de curado de formigón, pinturas.

b) Fase de Programación:

- Prever o acopio de materiais fora de zonas de tránsito da obra, de forma que permanezan ben embalados e protexidos ata o momento da súa utilización.
- Os residuos orixinados deben ser xestionados do xeito máis eficaz para reducir a súa cantidade e mellorar a súa valorización.
- Prestarase especial atención á correcta xestión dos residuos perigosos.
- O persoal da Obra que participa na xeración e na xestión dos residuos debe posuír unha formación suficiente en temas medio ambientais e lexislativos.

c) Fase de Execución de Obra:

- Fomentar, mediante reunións informativas periódicas có persoal da Obra, o interese por reducir os recursos utilizados e os volumes de residuos orixinados.
- Comprobar que todos os que interveñen na Obra son coñecedores das súas obrigas en relación cos residuos e cumpren as directrices do Plan de Residuos.

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- Aplicar na propia Obra as operacións de reutilización de residuos establecida nas fases anteriores.
- Incrementar o número de medios auxiliares, para unha retirada eficaz e rápida dos residuos procedentes de encofrados e moldes.
- Dispoñer de contedores adecuados ó tipo de material sobrante.
- Supervisar o movemento dos residuos de forma que non estean descontrolados.
- Vixiar que os residuos líquidos e orgánicos non se misturen e, en consecuencia, resulten contaminados.
- Os recipientes contedores de residuos deben transportarse cubertos.

7. PRESCRIPCIÓNS INCLUÍDAS NO PREGO DE CONDICIONS DO PROXECTO

Establécense as seguintes prescricións especificas no relativo á xestión de residuos:

- Prohíbese o depósito en vertedoiro de residuos de construción e demolición distintos ós contemplados no Plan, que terán un tratamento previo (*residuos perigosos*).
- Ademais das obrigacións da normativa aplicable, as persoas físicas ou xurídicas que executen a Obra estarán obrigadas a presentar á propiedade un Plan que reflicta como se levarán a cabo as obrigacións que lles incumban en relación cos residuos de construción e demolición que se vaian a producir en Obra. O Plan deberá ser aprobado pola Dirección Facultativa e aceptado pola propiedade, ademais de formar parte dos documentos contractuais da Obra.
- O posuidor de residuos xerados, cando non proceda a xestionalos por si mesmo, e sen perxuizo dos requirimentos do Proxecto aprobado, estará obrigado a entregalos a un xestor de residuos ou a participar nun acordo voluntario ou convenio de colaboración para a súa xestión.
- A entrega dos residuos xerados a un xestor por parte do posuidor terá que constar en documento fehacente, no que figure, polo menos, a identificación do posuidor e do produtor, a Obra de procedencia e, no seu caso, o número de licenza da mesma, a cantidade, o tipo de residuo entregado e codificado segundo a Orden MAM/304/2002, de 8 de febreiro.
- O posuidor de residuos estará obrigado, mentres se encontren no seu poder, a mantelos en condicións adecuadas de hixiene e seguridade, así como evitar a mistura de fraccións xa seleccionadas que impida ou dificulte a súa posterior valorización ou eliminación.

Cando o xestor ó que o posuidor entregue os residuos de construción e demolición, efectúe unicamente operacións de recollida, almacenamento, transferencia ou transporte, no documento de entrega deberá figurar tamén o xestor de valorización ou de eliminación ulterior ó que se destinarán os residuos. En todo caso a responsabilidade administrativa en relación coa cesión dos residuos de construcción por parte dos posuidores ós xestores rexerase polo establecido no Artigo 33 da Lei 10/1998, de 21 de abril.

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

VALORACIÓN DO COSTE PREVISTO DA XESTIÓN DE RESIDUOS

Os custes previstos para unha correcta xestión do presente Plan resultan dos gastos seguintes:

- Xestión en centro autorizado de residuos de formigón, plástico, madeira, etc.
- Aluguer de contenedores
- Servicio de recollida e entrega de contenedores
- Operario/s para o cumprimento de dito Plan de Xestión.

O Orzamento de Execución Material da xestión dos residuos xerados na Obra obxecto do presente Proxecto ascende á expresada cantidade de MIL CINCOCENTOS SESENTA E UN EUROS CON CINCUENTA E NOVE CÉNTIMOS (1.561,59€).

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

ANEXO 9

MEDIDAS DE PROTECIÓN AMBIENTAL E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

ÍNDICE

1. OBXECTO E ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS 3

2. DESCRICIÓN DAS OBRAS PROXECTADAS 4

2.1. EMPRAZAMENTO 4

2.2. TIPOLOXÍAS DE CAMIÑOS PREVISTAS 4

3. INCIDENCIAS DAS OBRAS 4

3.1. RESPECTO A ESPAZOS NATURAIS, VEXETACIÓN E HABITATS PRIORITARIOS 4

3.2. RESPECTO A ZONA DE POLICÍA 7

3.3. RESUMO DE AFECCIÓNS 9

4. MEDIDAS DE PROTECCIÓN AMBIENTAL A REALIZAR 11

4.1. INSTALACIÓNS AUXILIARES ÁS OBRAS 11

4.2. MEDIDAS PROTECTORAS DOS IMPACTOS SOBRE O MEDIO NATURAL 13

5. DISPOSICIÓNS NORMATIVAS 23

6. CONCLUSIÓN 25

SUBANEXO I: PLANOS MEDIDAS CORRECTORAS

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

1. OBXECTO E ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

Redáctase o presente Anexo para xustificar o cumprimento das Obras recollidas no do ***"Proxecto 2ª fase de camiños secundarios e mellora de entradas aos predios de substitución nas zonas de concentración parcelaria de Tremoedo e Oubiña 2º Sector (Vilanova de Arousa, Cambados – Pontevedra)"*** ás condicións técnico-ambientais establecidas e esixidas pola actual lexislación concorrente en actuacións desta natureza.

O obxectivo do "Proxecto 2ª Fase de Camiños Secundarios e mellorade entradas aos predios de substitución nas Zonas de Concentración Parcelaria de Tremoedo e Oubiña 2º Sector" será mellorar as infraestruturas existentes para facilitar o aproveitamento dos recursos agrarios da zona e proporcionar maiores expectativas de viabilidade ás actuais explotacións. Para iso, as melloras que será necesario realizar como parte do proceso de reestruturación parcelaria están orientadas fundamentalmente a dotar de accesos adecuados ás novas leiras de substitución que xurdan da reordenación da propiedade.

Ó tratarse de camiños secundarios, este proxecto apoiarase tanto na rede viaria actualmente existente como na rede de camiños principais creados durante a fase previa á creación deste proxecto. Ademais dos casos anteriores, tamén se apoiará naqueles tramos que teñan un trazado adecuado e unha pendente aceptable, aínda que deberá ser mellorada en diferentes aspectos como é o seu propio trazado, as propias pendentes, a limpeza e ensanche dos camiños, así como na achega de material granular e obras de fábrica correspondentes.

A Concentración Parcelaria da Zona de Tremoedo (Vilanova de Arousa, Pontevedra) foi declarada de utilidade pública e urxente execución por Decreto 259/2001 do 20 de Setembro do ano 2001 (DOG nº198, do 11 de outubro de 2001).

Mediante o Real Decreto 146/2013, de 5 de setembro, (D.O.G. número 179, de 19 de setembro de 2013) declárase a utilidade pública e urxente execución da Concentración Parcelaria da zona de Oubiña, 2º Sector.

Con data 14 de xullo de 2015 publícase no Diario Oficial de Galicia a Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia.

Dita lei dispón na súa Disposición transitoria primeira referida á irretroactividade da norma, que as disposicións introducidas en dita lei aplicaranse aos procedementos de concentración parcelaria en curso sen retroceder nos trámites, adaptándose, de ser posible, á fase en que se encontren. No caso de non poder levar a cabo esta adaptación, dita lei aplicarase no inicio da fase seguinte.

Respecto a esta se ten formulado, para o seu normal desenvolvemento administrativo e técnico, o documento, respecto ó cal se redacta o presente Proxecto:

- **Declaración de Impacto Ambiental** Formulada pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental en data 6 de Outubro de 2010, relativa á concentración

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Parcelaria da Parroquia de Santo Estebo de Tremoedo, (Vilanova de Arousa, Pontevedra) Promovida pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural (Clave: 2007/0150).

- **Estudio de Impacto Ambiental** titulado: ESTUDIO DE IMPACTO AMBIENTAL DA ZONA DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE TREMOEDO (VILANOVA DE AROUSA – PONTEVEDRA). Revisado pola Consellería do Medio Rural e publicado en Decembro de 2005.

Destacar tamén que se utilizou como referencia as **Normas Subsidiarias do Planeamento** do Concello Vilanova de Arousa, aprobadas definitivamente o 14.3.1997 e publicadas no BOP o 5 de Maio do 1997, no DOG o 28 de Maio do 1997 e entrou como Normativo o 5 de Maio do 1997.

2. DESCRICIÓN DAS OBRAS PROXECTADAS

2.1. EMPRAZAMENTO

As obras descrita ubícanse nas parroquias de Santo Estevo de Tremoedo e San Vicenzo de Oubiña, pertencentes aos Concello de Vilanova de Arousa e Cambados, e atópanse situadas ao oeste da provincia de Pontevedra, tal e coma se pode comprobar no Plano 1, de *Situación e localización*, axunto ó Documento de PLANOS do presente Proxecto.

2.2. TIPOLOXÍAS DE CAMIÑOS PREVISTAS

As Obras previstas no ***"Proxecto 2ª fase de camiños secundarios e mellora de entradas aos predios de substitución nas zonas de concentración parcelaria de Tremoedo e Oubiña 2º Sector (Vilanova de Arousa, Cambados – Pontevedra)"*** definen unha rede de **corenta (40)** camiños, cunha lonxitude total de **5.483** metros **(5,48 Km.)**

A maioría deles usan trazados de camiños antigos, pero ningunha desas trazas compre en canto á estabilidade de firmes nin dimensións, polo que todos eles serán reformados completamente para adaptarse ás necesidades deste proxecto.

3. INCIDENCIAS DAS OBRAS

3.1. RESPECTO A ESPAZOS NATURAIS, VEXETACIÓN E HABITATS PRIORITARIOS

3.1.1. Descrición da zona

Medio Abiótico:

A zona a concentrar está comprendida dentro do termo municipal de Vilanova de Arousa, máis concretamente a parroquia de Tremoedo. Limita ao Norte co concello de Vilagarcía de Arousa e a parroquia de Andras; ao Leste coa parroquia de Baión e o concello de Cambados; ao Sur co concello de Cambados; e ao Oeste co concello de

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Cambados e as parroquias de Deiro e Caleiro, todas elas pertencentes ao concello de Vilanova de Arousa. Ten unha superficie de 537,8569 Hectáreas distribuídas en aproximadamente En 6.811 parcelas, para un total previsto de 1.345 propietarios. Atópase a unha altitude media de 50 metros e pódese considerar practicamente chaira. Só destacar os 113 m de cota máxima na zona suroeste.

Aínda que o **clima** non é un parámetro que poida verse modificado de forma apreciable polo proceso concentrador, o coñecemento das principais características climáticas permite comprender os procesos ecolóxicos que inflúen na contorna do proxecto e condiciona en gran medida os traballos de restauración ambiental e da vexetación.

O clima da zona de localización do proxecto, como en toda a costa atlántica galega, pertence ao dominio oceánico húmido, con elevadas precipitacións (1400 mm anuais) que teñen o seu máximo expoñente no inverno e primavera. O mes de Xullo clasifícase como moi seco e os meses de Xuño e Agosto como secos. Presenta unha lixeira degradación mediterránea de carácter latitudinal que se nota na seca estival. Inclúese dentro da isoterma 14 ° C. O réxime térmico é claramente oceánico, con temperaturas suaves no inverno (media 8,9 ° C), e temperatura no verán (19,7 ° C de media) A amplitude térmica é moderada debido á acción suavizadora de océano, duns 11,7 ° C de media.

Desde o punto de vista da ecoloxía dos cultivos (PAPADAKIS), pertence á unidade climática atlántica europea, cun lixeiro trazo mediterráneo subhúmido de tendencia atlántica. A Evapotranspiración potencial media da comarca é de 789 mm, e a demanda hídrica é baixa, con máximos nos meses de Xuño, Xullo e Agosto. O emprego dos recursos hídricos realízase da seguinte forma: De decembro a maio, exceso de auga; de Xullo a Agosto utilízase auga acumulada a consecuencia do exceso da etapa anterior.

Os traballos de caracterización **xeolóxica** básica tiveron como obxectivo principal a realización dun inventario litolóxico, de tipo e características dos chans, e das formas do relevo das zonas afectadas polo proceso, así como unha estimación dos procesos dinámicos que actúan ou poderían actuar sobre os mesmos.

A zona de estudo sitúase na parte central da Comarca do Salnés, desde o punto de vista fisiográfico presenta terreos de baixa altitude, menor a 100 m. O clima é tépedo con alta influencia atlántica, o que permite unha elevada produtividade agronómica. Os chans están bastante desenvolvidos exceptuando as áreas de maior pendente. En xeral son chans pouco pesados, de textura media a grosa, e que permiten unha gran permeabilidade que pode ser unha das causas de deficiencia de humidade nos meses máis secos. É unha zona inminentemente granítica con numerosos afloramentos de rochas sedimentarias, así como abundantes depósitos detríticos de idade cuaternaria.

En toda a zona existen, innumerables **cursos fluviais** (arroios e canles), pertencentes á conca de río Umia, que pasa pola parte sur da zona, recibindo as augas da zona norte mediante o regato Lobería. Destacar o Tarrío, que afecta á zona na parte norte e que verte directamente ao Atlántico. Trátase dunha zona na súa maioría de permeabilidade baixa favorecendo a escorrentía superficial polos planos de pendente, polo que a maior

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

parte da auga procedente das precipitacións van parar aos leitos fluviais.

Existen afloramentos de materiais permeables formados por depósitos detrítico cuaternarios continentais: abarcan os materiais de tipo aluvial, conos de dexección e cuaternario indiferenciado. A vexetación propia de ribeira nas canles fluviais ten en xeral un alto grao de conservación.

Medio Biótico:

Os efectos ambientais deste tipo de infraestruturas sobre a **vexetación**, dependen da cobertura que se elimine, do interese das comunidades afectadas e da repercusión que teña a súa desaparición sobre o conxunto do ecosistema.

Os percorridos de campo denotan a gran presión urbanística que sofren as especies, o que provoca que a maioría do terreo este ocupado por espazos " periurbanos" e terreos de cultivo.

A característica mencionada anteriormente, provoca que as zonas de monte estean cubertas de especies do xénero Eucalyptus e Pinus, detectándose unicamente unha parcela co xénero Quercus.

Con todo atópanse exemplares, sobre todo nos cursos fluviais, doutras especies que, aínda en escaso número, reforzan o seu valor ecolóxico.

O inventario da **fauna** terrestre realizouse mediante o catálogo faunístico das especies ligadas aos diferentes tipos de unidades de vexetación. Os traballos de campo completáronse coa bibliografía existente. O biotopo que configura a vexetación de ribeira proporciona abundante refuxio e comida a un elevado número de especies faunísticas. As zonas cubertas de matogueira, así como as zonas de cultivo e de horta, debido ao gran índice de parcelación, así como os numerosos peches de pedra e vexetais existentes, permiten establecer lugares de nidificación e ocultación de numerosas especies, polo que o seu interese ecolóxico é alto, sendo por iso tamén comúns moitas especies cos biotopos anteriores.

A parroquia pertence á conca do río Umia, atopándose baixo a influencia do mencionado río e lindante, atravesada por numerosos regatos e arroios. Ademais da numerosa fauna xa mencionada como fauna asociada a a vexetación de ribeira, que en moitos casos pode ser considerada como auténtica fauna acuática, especialmente moitas das especies de anfibios; estados larvarios de moitos insectos; algunhas aves, en especial as anátidas; algúns mamíferos, como a rata de auga; algúns réptiles, como as culebras de auga.

3.1.2. Espazos naturais

Ningunha das actuacións previstas esta localizada en espazo natural protexido incluído algún da Rede Natura 2000.

Ante todo o sinalado non se provocará, coa execución das obras proxectadas, incidencia ambiental algunha respecto a espazo natural protexido localizado no seu entorno.

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

3.1.3. Hábitats prioritarios

Dentro da Zona de Reestruturación Parcelaria de Tremoedo non se detecta a presenza de ningún dos hábitats relacionados no Anexo I da Directiva 92/43/CEE, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres (BOE nº 206 de 22/07/1992).

Cabe salientar que entre todas as parcelas que se inclúen neste proceso de reestruturación, soamente existe unha con especies autóctonas do xénero Quercus, como xa se mencionou no apartado anterior. Trátase dunha parcela que non se verá alterada en ningún caso, e que tampouco se cambiará de propietario. As coordenadas aproximadas do centro desta parcela serán, no sistema UTM ETRS89 Fuso 29, as seguintes: **X=520022.1193 Y=4709757.3099**

3.2. RESPECTO A ZONA DE POLICÍA

Na execución do do ***"Proxecto 2ª fase de camiños secundarios e mellora de entradas aos predios de substitución nas zonas de concentración parcelaria de Tremoedo e Oubiña 2º Sector (Vilanova de Arousa, Cambados – Pontevedra)"*** non se efectúa ningunha tala de vexetación localizada en canles naturais e/ou a súa Zona de Policía, a excepción da limpeza e broza superficial necesarias e previstas para a implantación das ODT proxectadas.

Cúmprese, polo tanto, có establecido no Artigo 43º, de *Medidas relativas á alteración das condicións morfolóxicas das masas de auga*, do Capítulo IX, de *Medidas de protección das masas de auga*, da Sección 1ª, de *Medidas de Protección do Dominio Público Hidráulico*, RDE do 29 de xaneiro de 2016 pola *que se dispón a publicación da normativa do Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa, aprobado polo Real decreto 11/2016, do 8 de xaneiro, polo que se aproban os plans hidrolóxicos das demarcacións hidrográficas de Galicia-Costa, das bacías mediterráneas andaluzas, do Guadalete-Barbate e do Tinto, Odiel e Piedras.*

Os treitos paralelos a liñas de corrente de auga de certos camiños proxectados, pódense ver no Plano de Concas, axunto ó presente anexo. Na seguinte táboa aparecen todos os camiños que entran nas zonas de Policía dos mesmos. Distinguindo se se produce un cruce ou se simplemente pasan por esa superficie, ademais podemos ver tamén a lonxitude do tramo afectado e o Pk máis desfavorable.

Nome	Lonx. Eixo (m)	Nome Regato	Tipoloxía	Zona de Policía	Zona de Policía Inicio	Zona de Policía Fin	Cruza o curso
S5	36.250	Rego de Tarrío	Nova Apertura	36.250	0+000.00	0+036.25	NON
S6	179.63		Nova Apertura				
S10_TrII	64,09		Nova Apertura				
S12	104.27		Nova Apertura				

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Nome	Lonx. Eixo (m)	Nome Regato	Tipoloxía	Zona de Policía	Zona de Policía Inicio	Zona de Policía Fin	Cruza o curso
S13	125.74		Nova Apertura				
S14	149.059	Rego de Tarrío	Nova Apertura	149.059	0+000.00	0+149.059	SI
S16	79.27		Nova Apertura	79.27	0+000.00	0+079.27	SI
S17_prolog	90		Nova Apertura				
S23	279.29		Nova Apertura	87.00	0+000.00	0+87.00	SI
S24	64.59		Nova Apertura	64.59	0+000.00	0+064.59	NON
S25	177.30		Nova Apertura	177.30	0+000.00	0+177.30	SI
S26	164.46		Nova Apertura	164.46	0+000.00	0+164.46	NON
S28	149.61		Nova Apertura				
S29	35.35		Nova Apertura				
S30	322.76		Mellora	35,70	0+0.000	0+35.70	NON
S31	84.00		Nova Apertura	84.00	0+000.00	0+084.00	NON
S32	448.04		Nova Apertura	302.000	0+081.00	0+383.00	SI
S34	281.07		Nova Apertura	281.07	0+000.00	0+281.07	NON
S35_conex	56.33		Nova Apertura				
S38	98.11	Rego da Lobeira	Nova Apertura	98.111	0+000.00	0+098.11	NON
S39	125.52	Rego da Lobeira	Nova Apertura	125.52	0+000.00	0+125.52	NON
S40	538.64		Mellora	113.346	0+479.95	0+538.65	NON
S41	198.71	Rego da Lobeira	Nova Apertura	198.710	0+000.00	0+198.71	NON
S42	141.62	Rego da Lobeira	Nova Apertura	141.62	0+000.00	0+141.62	NON
S43	28.27		Nova Apertura				
S51	106.82		Nova Apertura				
S53	161.97		Nova Apertura	161.97	0+000.00	0+161.97	NON
S56	127.06		Nova Apertura	127.06	0+000.00	0+127.06	NON
S65	15		Mellora acordo	15	0+000.00	0+015.00	NON
S68	42.94	Rego do Sisto	Nova Apertura	42.942	0+000.00	0+042.94	NON
S69	36.48		Nova Apertura				
N1	122.15		Mellora	78.541	0+000.00	0+078.54	SI
N2	151.45 8		Nova apertura				
N3	827.00		Nova apertura	827.00	0+000.00	0+827.00	SI
N4	250,29		Nova apertura	250,29	0+000.00	0+250.29	SI
N5	51.25		Nova apertura				NON
N6	29.79		Nova apertura	29.79	0+000.00	0+029.79	NON
N8	45.54		Nova apertura	45.54	0+000.00	0+045.54	NON
N9	174		Asfaltado	174.00	0+000.00	0+174.00	NON
N10	195.97		Nova apertura	153.47	0+042.50	0+153.47	SI
N11	82.15		Nova apertura	82.15	0+000.00	0+082.15	SI
N12	36.36		Nova apertura				
S70_MELLORA	323.39		Mellora	323.39	0+000.00	0+323.39	NON
S70_ASFALTADO	764.87		Asfaltado	323.39	0+000.00	0+329.39	NON
M1	20		Mellora cuneta	20.00	0+0.000	0+20.00	NON
M2	2X20 m2		Mellora_blandóns				NON

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Nome	Lonx. Eixo (m)	Nome Regato	Tipoloxía	Zona de Policía	Zona de Policía Inicio	Zona de Policía Fin	Cruza o curso
C2.1	48.88		Nova Apertura				
CSN.1	100.66		Nova Apertura	100,66	0+000.00	0+100.66	NON
				3542,67 m m			

Con estes datos, observamos que o total de distancia que discorre por dentro da zona de policía dos ríos será de 3324,753 m. incluíndo tamén os tramos onde se producen os cruzamentos estudados nos apartados superiores e desenvolvidos nos cálculos axuntos ó anexo 5, de hidroloxía.

3.3. RESUMO DE AFECCIÓNS

Na seguinte táboa amósase un resumo das afeccións de cada camiño (esta táboa aparecerá ampliada e detallada no Subanexo 11.1). Nela aparecen en cor vermello as incidencias e en verde os camiños que non provocan afección. Destacar que o único reseñable dentro destas parroquias son as zonas de policía das augas, que son os que provocan as afeccións ambientais e hidrolóxicas.

TABOA RESUMO DE AFECCIÓNS				
Nome	Lonx. Eixo	Ambiental	Patrimonial	Policía
S5	36,25	NON	SI	SI
S6	179,63	NON	NON	NON
S10_tramo II	64,09	NON	NON	NON
S12	104,27	NON	NON	NON
S13	125,74	NON	NON	NON
S14	149,06	NON	NON	SI
S16	79,27	NON	NON	SI
S17	90,00	NON	SI	NON
S23	279,29	NON	NON	SI
S24	64,59	NON	NON	SI
S25	177,30	NON	NON	SI
S26	164,46	NON	NON	SI
S28	149,61	NON	NON	NON
S29	35,35	NON	NON	NON
S30	322,76	NON	NON	SI
S31	84,00	NON	NON	SI
S32	448,04	NON	NON	SI
S34	281,07	NON	NON	SI
S35	56,33	NON	SI	NON
S38	98,11	NON	NON	SI
S39	125,52	NON	NON	SI

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

TABOA RESUMO DE AFECCIÓNS				
Nome	Lonx. Eixo	Ambiental	Patrimonial	Policía
S40	538,64	NON	NON	SI
S41	198,71	NON	SI	SI
S42	141,62	NON	NON	SI
S43	28,27	NON	NON	NON
S51	106,82	NON	NON	NON
S53	161,97	NON	NON	SI
S56	127,06	NON	NON	SI
S65	15,00	NON	NON	SI
S68	42,94	NON	NON	SI
S69	36,48	NON	NON	NON
S70	764,87	NON	SI	SI
N-1	122,15	NON	SI	SI
N-2	151,45	NON	SI	NON
N-3	827	NON	NON	SI
N-4	250,29	NON	NON	SI
N-5	51,25	NON	NON	NON
N-6	29,79	NON	SI	SI
N-8	45,54	NON	NON	SI
N-9	174	NON	NON	SI
N-10	195,97	NON	NON	SI
N-11	82,15	NON	NON	SI
N-12	36,36	NON	NON	NON
M1	20	NON	SI	SI
M2	2X20	NON	NON	SI
C2.1	48,88	NON	NON	NON
CSN.1	100,66	NON	SI	SI

Afección de acondicionamentos/desmonte: as parcelas afectadas son a 1998, 1992, 1988, 1987, 1985, 1981, 1980, 1979, 2002, 2003, 2004, 2005, 2007, 2016, 2017, 2019, 2020, 2021, 2023, 2024 e 2025.

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

4. MEDIDAS DE PROTECCIÓN AMBIENTAL A REALIZAR

Considérase axeitado realizar as seguintes medidas de protección na execución das obras proxectadas:

4.1. INSTALACIÓNS AUXILIARES ÁS OBRAS

4.1.1. Ubicacións Previstas

No que se refire á ubicación das instalacións auxiliares tipo oficinas, vestiarios, etc, sinalar que non se prevé a súa necesidade dadas as características e programa das obras a desenrolar, estimándose unicamente a necesidade de instalacións auxiliares menores, caso de zonas para o acopio temporal de materiais de obra, terras vexetais e similares, para as que se utilizará a propia traza dos camiños, coa excepción das zonas de exclusión, que se corresponden cós seguintes ámbitos:

- Zonas catalogadas no Inventario de Humedais de Galicia (50 m respecto ó seu perímetro).
- Outra rede fluvial e entorno próximo (8 m respecto as súas ribeiras).
- Bosques edafófilos e caducifolios.
- Elementos do Patrimonio Cultural e áreas de cautela.
- Entidades de poboación, vivendas illadas e entorno (10 m respecto ó seu perímetro).

4.1.2. Equipamento e dotacións

4.1.2.1. Parque de Maquinaria, xestión de resíduos e zonas de almacenamento temporal

O Parque de Maquinaria ou zona de cambio de aceite e repostaxe instalarase nun tramo sen uso ou apartado das estradas colindantes, que sexan zonas totalmente acondicionadas para tal fin ó manterse en boas condicións o seu asfalto.

Levarase un control exhaustivo dos derrames que se poidan producir, procedendo á súa eliminación inmediata, no momento de producirse, mediante a súa absorción con celulosa ou zahorra, que posteriormente se tratará como un residuo perigoso, tal e como establece o R.D. 833/1988, do 20 de xullo, de residuos perigosos, e a súa modificación mediante o R.D. 952/1997, do 20 de xuño.

Por outra parte, e si se dese o caso, será necesario presentar a documentación acreditativa para notificar a produción de residuos perigosos para a fase de obras, en cumprimento Decreto 174/2005, de 7 de decembro, polo que se regula a Autorización e notificación de produtor e xestor de residuos de Galicia.

Os movementos de maquinaria fora das pistas existentes na zona de actuación limitaranse ó necesariamente imprescindible, seguindo trazados de pouca pendente, para que as pegadas producidas non favorezan a escorrentía. Aproveitarase na medida do posible as pistas existentes como acceso ós distintos taxos de obra.

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Para evitar afeccións sobre o terreo, todos os residuos xerados na fase de obra deberán ser xestionados rápida e adecuadamente de acordo á súa tipoloxía. No seguinte cadro especifícanse, para cada tipoloxía de residuos, as posibilidades de xestión, con indicación expresa da fase de obra en que se producen:

MATERIAIS	ALMACENAMENTO	TRATAMENTO / VALORIZACIÓN / RECICLAXE
Materiais non especiais	Sacos	> Minimización, reutilización e reciclaxe > A vertedoiro autorizado
Plásticos, papel e cartón	En contedores da Empresa Xestora	> Minimización e reutilización en Obra e/ou por XRA > A vertedoiro autorizado
Asimilables a urbáns Envases e embalaxes de bebidas ou a alimentos	En contedores municipais	> Minimización, reciclaxe e reutilización > A vertedoiro de RSU
Materiais bituminosos	En contedores da Empresa Xestora	> A vertedoiro autorizado
Industriais Aceites usados, pinturas, disolventes, *(incluídos embalaxes ou textís impregnados con eles)*	En contedores da Empresa Xestora	> Minimización e entrega a XRA
Madeira de obra *(diferente á madeira de árbores apeados e/ou seus subprodutos)*	En Obra e contedores	> Reutilización en Obra e/ou por XRA > A vertedoiro autorizado

XRA: *Xestor de Residuos Autorizado*
RSU: *Residuos Sólidos Urbáns*

O almacenamento dos residuos perigosos se realizará en zonas especiais de almacenaxe temporal que se instalarán segundo as seguintes indicacións:

1º) O recinto debe estar a cuberto e delimitado o seu contorno.
2º) Debe ter un cubeto no que recoller posibles derrames.
3º) Diferentes tipos de residuos deben estar claramente separados e identificados.
4º) O tipo de contedores a utilizar pode ser variable *(bidóns, caixas...)*.
5º) Se o almacenamento é previo a entregar para a súa xestión dende o parque de maquinaria, basta cunha etiqueta identificativa do tipo: ENVASES CONTAMINADOS, PILAS,...
6º) Se a entrega a xestor se realizará dende a obra, a etiqueta debe cubrir todos os apartados requiridos legalmente, e dicir, código do recurso, identificación da empresa e o xestor final,
7º) O recinto para este fin con preferencia será



Detalle
do recinto de almacenamento

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

prefabricado, tal e comas se mostra na fotografía da dereita.

Como criterios xerais de actuación neste campo, e por orden decrecente de preferencia, seguiranse os que se especifican a continuación. Previamente ó comezo das obras, basearanse na análise tanto das actividades de obra como das de mantemento, e para cada unha das tipoloxías de residuos identificadas, examinaranse as posibilidades reais de:

1. Minimización do residuo.
2. Reutilización ou reciclaxe, interno (*contratista*) ou externo (*outras empresas ou persoas físicas interesadas*).
3. Vertido en instalación autorizada e adecuada ó tipo de residuo ou entrega a xestor autorizado.

No tempo que transcorre entre a producción do residuo e a súa xestión, ditos materiais deberán estar adecuadamente acopiados e/ou almacenados da forma e no lugar máis adecuado para que non se produza ningún tipo de afección.

As conclusións desta análise serán distribuídas por escrito a todo o persoal de obra e mantemento.

4.1.2.2. Desmantelamento

Unha vez finalizadas as obras, reporanse e/ou devolveranse as súas condicións iniciais todas as áreas afectadas polas instalacións auxiliares que non se encontren directamente sobre a traza; corrixíndose así, as alteracións producidas durante a fase de construción sobre o entorno.

A restauración das áreas afectadas consistirá na restitución das condicións iniciais e saneo das zonas que se viron sensiblemente afectadas pola execución do Proxecto, conquerindose así eliminar o impacto residual das obras.

4.2. MEDIDAS PROTECTORAS DOS IMPACTOS SOBRE O MEDIO NATURAL

4.2.1. Medidas protectoras para o solo

Realizaranse unha serie de actuacións destinadas a delimitar a ocupación de aquel solo situado en lugares de interese especial, xestionar e conservar a capa de solo fértil situada na zona onde se desenvolvan as obras e previr a posibilidade de que se produzan vertidos contaminantes nos solos da zona afectada por estas e as súas proximidades durante a execución dos traballos.

4.2.1.1.Xalonado

Se prescribe, coma medida preventiva destinada a minimizar e controlar as afeccións asociadas á ocupación do solo e cuberta vexetal asociada, o xalonado ou balizado do ámbito de ocupación das obras, incluíndo nel os ámbitos territoriais afectados por

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

instalacións auxiliares e viarios de obra.

En suma, de forma previa ó inicio do proceso de despexe e roza do área de traballo levarase a cabo o xalonado dos seguintes elementos:

- Zona de ocupación estrita da obra.
- Instalacións Auxiliares ás obras.
- Viarios de obra.
- Entornas fluviais e Humedais.
- Elementos patrimoniais.
- Bosques edafófilos e caducifolios.

Porase especial coidado no balizamento dos ámbitos fluviais a cruzar polo trazado, tomando neste caso como referencia a zona de servidume do Domino Público Hidráulico e incluíndo, se procede, ó cordón vexetal ripario asociado ás ribeiras.

Igualmente, prestarase especial atención ó xalonado dos elementos do patrimonio cultural inventariados no entorno das actuacións. En calquera caso este aspecto o fará o Director de Control e Seguimento Arqueolóxico das obras.

O xalonado temporal simple para a zona de obras, efectuarase mediante colocación dos xalóns de madeira cada catro (4) metros e dunha banda de plástico reflitante de diferente color segundo se delimite o viario da obra ou as zonas de ocupación estricta. O xalonado provisional será claramente visible, consistente e de difícil desprazamento, deixando unha altura máxima de 100 cm entre a cota do solo e o límite inferior da banda de plástico. Estes elementos serán retirados unha vez finalizadas as operacións na zona. Para a delimitación das zonas de instalacións auxiliares, este xalonado reemprazarase por un peche provisional de malla metálica e postes formigonados para garantir a integridade de ditas zonas.

A franxa de actuación a xalonar quedará comprendida, no caso do trazado, dentro dos terreos afectados polo proxecto, e preferentemente, reducirase a franxa de ocupación da explanación da vía. Esta medida se realizará na fase de construcción, ó inicio das obras, de forma previa ás operacións de roza.

En canto ó mantemento destes elementos, cabe sinalar que este debe axustarse á periodicidade necesaria e suficente para que en todo momento presente un correcto estado e cumpra adecuadamente cós obxectivos que xustifican a imposición desta medida de carácter preventivo.

Cabe precisar que de acordo ó Plan de Obra, como non se prevé actuar en todos os camiños ó mesmo tempo, se orzamenta a unidade de xalonado a reutilizar a medida que se pechen e abran os camiños consecutivamente.

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

4.2.1.2. Balance de terras

O balance de terras do Proxecto determina a non existencia de sobrantes, despois de realizar o balance compensatorio entre os camiños proxectados.

No caso de precisar terras ou existir sobrantes, os bancos de préstamo e os depósitos de terra sobrante colocados ó lado e no alto dun desmonte serán acondicionados mediante a posterior restauración do banco de préstamo consistente dita restauración na roza previa, desbroce con capaceo da terra vexetal (cordóns perimetrais), suavizado e moderación dos noiros resultantes e posterior extendido da terra vexetal con adubado (con complexo NPK, triple quince ou similar, a doses inferiores a 300kg/ha, con tractor de rodas e abonadora centrífuga).

A terra vexetal extraída previamente ó inicio dos movementos de terras previstos xestionarase segundo se indica no Epígrafe 5.2.1.3 do presente Documento.

4.2.1.3. Xestión de terras de tránsito e material pétreo

Poderían aparecer ó realizar o desmonte previsto nos camiños que se desenrolen a media ladeira das zonas forestais da Zona de Concentración Parcelaria.

En xeral, tal e coma se describe a zona no Anexo 4, de Estudo xeotécnico, axunto o presente Proxecto, se as rochas que aparecen, son compactas e estables fronte á acción dos axentes externos, a súa xestión se realizará mediante a súa valorización coma pedraplén dentro da construción da rede de camiños.

4.2.1.4. Xestión de terras vexetais

Con esta medida pretende planificar o abasto da terra vexetal que é necesario retirar da zona de Obra, programando o seu mantemento adecuado durante o tempo que sexa necesario ata a súa reutilización para a rexeneración dos solos sobre as superficies resultantes da Obra ou dos noiros creados.

Prevese tamén a recuperación do total extraído mediante a roza programada previamente á execución do movemento de terras, mediante o que se detalla nos apartados seguintes.

Minimizarase a intervención sobre a cuberta edáfica, evitándose, na medida do posible, a realización de movementos de terras innecesarios ou non proxectados, sobre todo nas zonas próximas a canles naturais.

4.2.1.4.1. Programa de abasto e mantemento de terras vexetais

Programarase a recuperación e tratamento do máximo volume posible de solo fértil, para o seu posterior emprego en procesos de revexetación e acondicionamento paisaxístico. Estas labores de recollida de solo realizaranse baixo o cumprimento dunhas esixencias mínimas que garantan o correcto mantemento deste recurso.

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

4.2.1.4.2. Recolección

Realizarase sobre aqueles ámbitos onde a profundidade da capa de terra vexetal alcance o mínimo necesario de 0,10 metros de profundidade, (umbral mínimo que permite o desenvolvemento destas labores).

4.2.1.4.3. Depósito

Realizarase en parques de almacenamento situados no perímetro do ámbito de ocupación do trazado, si ben ubicaranse respectando as distancias de protección ós canles (100 metros), para así minimizar o posible impacto que o arrastre da terra vexetal asociado a fenómenos de escorrentía superficial puidera chegar a ter sobre os mesmos.

4.2.1.4.4. Almacenamento

O solo unha vez recollido, almacenarase en montóns cuia altura non debe superar os dous (2) metros, ó obxecto de evitar procesos de compactación e mala aireación, coa conseguinte perda das súas cualidades. O almacenamento deberá realizarse atendendo ás seguintes indicacións:

- Formaranse caballóns ou artesas cuxa altura máxima manterase por debaixo de dous (2) metros, para evitar a excesiva compactación de terra vexetal nas capas inferiores, mala aireación e por conseguinte a perda das súas cualidades.
- Os caballóns terán sección trapezoidal, con base de seis (6) metros e coroación de dous (2) metros. Os noiros manterán unha inclinación non superior ós 45º. A lonxitude dos caballóns será variable, dependendo das dimensións do parque.
- A distancia entre caballóns será a necesaria (3,50 metros aproximadamente) para permitir as manobras da máquina adecuada ó manexo dos caballóns. Suxirese unha pala cargadora sobre eirugas de tamaño pequeno.
- A formación dos caballóns farase por tongadas de 0,50 m de espesor, que non deben ser compactadas.
- Evitarase en todo momento o paso da maquinaria por riba da terra amoreada para evitar os procesos de compactación. Se fora necesario o modelado do caballón, farase con un tractor agrícola que compacte pouco o solo.
- Faranse lixeiros afondamentos na capa superior do abasto para evitar o lavado do solo pola chuvia e a deformación dos seus laterais por erosión.
- Unha vez rematado o caballón, procurarase que non queden na cara superior concavidades esaxeradas, que poidan reter o auga de chuvia e destruír a xeometría buscada para os abastos.

4.2.1.4.5. Mantemento

O mantemento dos montóns ata a súa reutilización nas labores de restauración da obra deberá seguir certas normas:

- Recomendase a redución ó mínimo do tempo de almacenamento da terra vexetal, abordando o estendido da mesma para a restauración de forma progresiva e

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

secuencial a medida que se rematen as superficies.

- A importante cantidade de sementes que presentan os solos da zona fan innecesaria a labor de sementeira para protección dos montóns de terra vexetal. As condicións climáticas da zona permitirán o proceso de xerminación das sementes contidas en superficie, facendo aparición unha cobertura vexetal espontánea.
- Se o almacenamento se dilatase no tempo será necesario considerar a realización de certas labores periódicas de mantemento para manter a humidade e aireación dos montóns, preservando a súa capacidade agroloxica.
- En función do grado de compactación observado nos montóns deberán realizarse remocións do material para lograr unha boa aireación, cunha periodicidade aproximada de quince (15) días.
- Nun desenrolo normal do ano climático so deberán considerarse a realización de regos durante o período estival, fundamentalmente no mes de Agosto.
- En caso de períodos anormais de seca ampliarase a realización de regos a outros períodos.

4.2.1.4.6. Aporte

Realizarase o aporte da terra vexetal almacenada en Obra sobre os noiros e outras superficies alteradas, coa intención de reconstruír, na medida do posible, a secuencia de horizontes observada nos solos alterados.

Farase a nova extensión mediante o aireado e fertilización da mesma e de xeito homoxéneo polas parcelas lindantes ós camiños abertos ou nos seus noiros definidos, contribuíndo a presente acción a mellora tanto do control de erosión como da riqueza agrícola ó aumentar o espesor da capa productiva das parcelas e o seu drenaxe en profundidade.

4.2.2. Medidas protectoras para o sistema hidrolóxico

A obra formulada pode afectar ó sistema hídrico, destacando o empeoramento da calidade das augas das canles ou regos próximos, xa que resultará practicamente inevitable o arrastre de sólidos en suspensión procedentes do movemento de terras. Outras afeccións, na súa maioría evitables, son as producidas polos vertidos accidentais durante as obras (afección as augas superficiais e/ou subterráneas) e implantación de algúns dos camiños proxectados preto de liñas de corrente existentes na zona e ter que cumprir o esixido nos seguintes artigos, do capítulo VII, de *"Protección contra as inundacións"*, do RDE do 29 de xaneiro de 2016 pola *que se dispón a publicación da normativa do Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa, aprobado polo Real decreto 11/2016, do 8 de xaneiro, polo que se aproban os plans hidrolóxicos das demarcacións hidrográficas de Galicia-Costa, das bacías mediterráneas andaluzas, do Guadalete-Barbate e do Tinto, Odiel e Piedras.*(DOG nº33 do 18 de febreiro de 2016):

- Artigo 33ª, *Autorizacións en zonas inundables dentro da zona de policía.*
- Artigo 36º, *Obras de paso de infraestruturas de transporte.*
- Artigo 37º, *Criterios para o deseño da drenaxe nas novas áreas que se*

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

urbanicen).

Os camiños proxectados dotaranse dos habituais elementos de drenaxe lonxitudinal e transversal (gabias e canos), acompañados das súas respectivas embocaduras e arquetas.

4.2.2.1. Medidas protectoras particulares respecto as obras proxectadas

O impacto tanto da construción dos camiños proxectados coma da implantación das obras de drenaxe (transversal e lonxitudinal) previstas respecto ó sistema hidrolóxico existente na zona de actuación é mínimo xa que so se verá afectado o tempo que dure a súa execución, téndose en conta mentres, as seguintes pautas de protección:

- As obras realizaranse en época de estiaxe, realizando o movemento de terras previsto coas medidas necesarias para evitar enturbar as augas da canle debido á posible incorporación de terras, limos ou restos vexetais.
- Así mesmo terase especial coidado en non verter na canle cemento, aceites ou hidrocarburos procedentes da maquinaria ou calquera outra sustancia que poida alterar as condicións fisicoquímicas da auga, cumpríndose en todo momento os parámetros de calidade das augas que se definen no Anexo V do Decreto 130/1997, de 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais.
- acceso da maquinaria realizarase polo lugar que cause menor impacto, utilizándose a mesma zona que vaia a ser afectada polas obras.
- As labores de mantemento da maquinaria realizaranse en lugares habilitados para eso, sempre lonxe da canle, almacenando os residuos perigosos e non perigosos en condicións de hixiene e seguridade para a súa entrega ó xestor autorizado.
- Non se acumularán materiais ou residuos en lugares que pola súa proximidade á canle sexan susceptibles de ser arrastrados pola auga ou a choiva a este.
- Procurarase que as obras sexan executadas o antes posible nestas zonas.

4.2.2.2. Medidas protectoras xerais para o sistema hídrico

Para evitar que o dano sexa maior do imprescindible, e sumadas as sinaladas no Punto 6.2.2.1 do presente Anexo, propóñense as seguintes medidas correctoras:

- Barreiras filtrantes que evitarán o empeoramento da calidade das augas das canles ou regos próximos (sinalado no punto 5.2.2)
- O parque de maquinaria e as súas instalacións auxiliares situarase nunha zona onde as augas superficiais no se vexan afectadas.
- Procederase a realizar un control do movemento de terras cando este se efectúe nas inmediacións de cursos de auga, para evitar así que cheguen sedimentos a estas. Para isto extremaranse as precaucións cando o desenrolo destes traballos se realice a unha distancia inferior a dez (10) metros destes cursos.
- Control de erosión e arrastre de materiais ás canles mediante a instalación de

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

barreiras filtrantes a base de pacas de palla de cereal nas marxes dos canles naturais máis pretos as zonas de execución das obras proxectadas.

Cabe precisar que de acordo ó Plan de Obra, como non se prevé actuar en todos os camiños ó mesmo tempo, se presuposta a unidade de barreiras de pacas de palla a reutilizar a medida que se pechen e abran os camiños consecutivamente.

Non é necesario, para a execución da obra proxectada, a construción de balsas de decantación para o control da chegada de inertes, a través das gabias dos camiños abertos, ás canles localizadas na zona xa que estas deseñáronse para evacuar directamente a auga, e máis os seus arrastres, nas parcelas lindantes os mesmos, conseguíndose deste xeito:

- Un filtrado natural dos arrastres a través do propio terreo.
- Un aproveitamento da auga de escorrentía como rega para as parcelas.
- Unha eliminación das afeccións medioambientais que produciría no entorno a execución de todas as accións necesarias para a construcción dunha balsa de decantación (baleirado de terreo de gran valor agrícola o estar preto dunha canle xunto a implantación da estructura de formigón que conformaría a balsa, cun vertido "in situ" para a zapata e mediante pezas prefabricadas para o resto de compoñentes).

Cumprirase o establecido no:

- R.D. 849/1986, do 11 de abril, polo que se o Regulamento do Dominio Público Hidráulico, (Modificado por R.D. 367/2010, R.D. 9/2008, R.D. 1620/2007, R.D. 606/2003, Resolución de 21 de novembro de 2001, R.D. 1771/1994, R.D. 419/1003 e R.D. 1315/1992).
- Decreto 130/1997, do 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos Ecosistemas acuáticos continentais, e de maneira particular todo o sinalado no anexo V de dito decreto respecto á calidade das augas.
- R.D. Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Augas.

4.2.3. Medidas protectoras para o sistema aéreo

Co fin de minimizar, na medida do posible, as afeccións á poboación e ós cultivos do ámbito, derivadas de alteracións na calidade do aire durante a fase de construción, levaranse a cabo unha serie de actuacións que minimicen a emisión de partículas de po, gases e contaminación acústica. Por iso:

- Durante as obras, especialmente en períodos secos, controlarase a emisión de pó xerado polo movemento da maquinaria pesada. Para isto poderanse efectuar regas periódicas das zonas de obra, especialmente nos camiños, zonas de acumulación, terrapléns e en todos aqueles lugares e actuacións que poidan supor unha importante xeración de partículas de po. Porase especial coidado en

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

impedir a escorrentía dos regos cara ás canles próximos.

- Para o control das emisións de gases e partículas contaminantes procedentes dos motores de combustión interna aplicarase a Directiva 97/68/CCE, de 16 de decembro, referida ó control das emisións de dióxido de nitróxeno (NO2), partículas e fumes negros e outros contaminantes. Tamén se esixirá que a maquinaria empregada nas obras estea revisada a través das correspondentes Inspecciones Técnicas de Vehículos (ITV), de cara a minimizar as emisións de gases e ruídos.
- Limitarase a velocidade de transporte da maquinaria así como o uso de maquinaria que non estea en bo funcionamento.

4.2.4. Medidas protectoras para a vexetación e control da erosión

Algunhas das actuacións máis importantes que se poden levar a cabo de entre todas as medidas correctoras propostas refírense ás medidas correctoras do impacto sobre a vexetación, debido a que a corrección destas alteracións axudará a atenuación doutros impactos que poden ter efectos moi negativos e custosos como son a erosión, a perdida de hábitats da fauna ou a integración paisaxística.

Atendendo ó sinalado no parágrafo anterior utilizaranse especies autóctonas nas plantacións que se realicen no ámbito das canles afectadas cando sexa estrictamente necesaria a súa tala para a execución das obras. Coa utilización destas, ó estar adaptadas ás condicións climáticas da zona, posibilitarase a recuperación en parte da cuberta vexetal orixinal conseguíndose un eficiente control da erosión e acadarase unha maior integración paisaxística do espazo afectado polas obras. Esta medida, no presente caso, vese favorecida polo feito da rapidez coa que, unha vez executadas as actuacións máis relacionadas co impacto sobre o terreo, volve a cubrir, de xeito espontáneo.

4.2.4.1. Plantación de especies arbóreas

Recórrese á plantación de especies leñosas nas Obras de Drenaxe Transversal (en abreviatura ODT) vinculadas ó paso sobre regatos, coa misión de estimular a implantación dunha cobertura vexetal, que acelere a integración paisaxística e limite a acción da erosión hídrica. Ademais tamén deberán repoboarse zonas que poida resultar afectadas pola proximidade de obras en zonas de policía asolagable.

As especificacións se realizan para unha previsión de situación adecuada, pero tanto as operacións necesarias ou os marcos, tamaños e especies de plantación estarán limitadas sempre á superficie real dispoñible, en cuxo caso poderanse realizar as modificacións oportunas en función das especificacións contidas en cada tratamento.

Ademais e dado que un dos principais problemas na execución deste tipo de actuacións é o subministro das plantas especificadas, xa sexa debido ó desabastecemento dos viveiros ou as posibles oscilacións de prezo, as especies seleccionadas no presente Proxecto poderán ser substituídas por outras autóctonas de características similares presentes na vexetación do entorno. Esta modificación deberá realizarse baixo a

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

supervisión dos técnicos encargados do Seguemento Ambiental da Obra, ou no seu defecto da Dirección de Obra.

4.2.4.2. Época de plantación

Para aumentar á porcentaxe de éxito da restauración e calidade da mesma, que será unha condicionante determinante no posterior desenrolo da cobertura vexetal, é necesario que as operacións de restauración se realicen na época máis axeitada. As condicións climáticas que caracterizan a zona sinalan dúas épocas óptimas para a execución do Proxecto de restauración:

- Marzo / Primeiros de Maio.
- Finais Setembro / Primeiros de Novembro.
- Febreiro / Marzo.
- Novembro / Primeiros de Decembro.

Poderán realizarse os traballos fora destas datas, so no caso en que a climatoloxía do momento se considere favorable.

4.2.4.3. Xestión de residuos vexetais

Xerados coma resultado da roza lateral dos camiños de ampliación e mantemento tamén se incorporará de novo o terreo da Zona de Concentración mediante o seu tratamento, previo acordoamento dos mesmos, con rozadora de martelos, sendo o seu tamaño final o resultado de operar dúas veces por cada cordón.

4.2.4.4. Xestión das árbores a apear e/ou seus subprodutos: Madeira non de obra

Tanto as árbores a apear coma os seus subproductos (leña, frutos, polas,...) considéranse tamén materia orgánica e posúe un valor económico para os seus lexítimos propietarios (ós das parcelas onde estes se localizan), polo que este tipo de residuo (madeira) será reutilizado por estes.

O proceso para a súa xestión e aproveitamento é o seguinte:

- Se exporá a rede de camiños deseñada a todos os propietarios da Zona de Concentración Parcelaria antes da execución da súa Obra, realizándose a conseguinte explicación da mesma.
- Se plantexarán medidas de coordinación coa gardería forestal.
- Se realizará un pre-reprantexo dos camiños proxectadas antes do desbroce programado para deste xeito marcar as árbores que van ser apeadas e sexan os propietarios quen abran a traza.
- As árbores apeadas non se retirarán do terreo. Se deixan na marxe da traza do futuro camiño para o seu aproveitamento por parte dos seus lexítimos propietarios.

4.2.5. Medidas protectoras para a fauna

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Os principais impactos para a fauna terrestre resúmense na perdida do hábitat tal e como está concibido previamente á execución das obras. Así mesmo as obras prolongaranse durante un tempo suficiente como para non afectar a época de cría, polo que se evitará realizar as obras en épocas de maior afección ós ciclos vitais da fauna.

En canto ó ecosistema acuático, prestarase especial interese ós seguintes puntos:

- Control dos niveis de erosión e arrastre de materiais ás canles mediante a instalación de barreiras filtrantes a base de pacas de palla de cereal.
- En todo momento se deberán cumprir os parámetros de calidade de auga sinalados no anexo V do R.D. 130/1997, de 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais.

4.2.6. Medidas protectoras para a paisaxe

Co fin de reducir o impacto paisaxístico das obras recorrerase a unha serie de medidas, encamiñadas principalmente á ocultación das mesmas unha vez finalizadas. Tamén se producirá un impacto residual positivo, ó repor servizos que se encontraban deteriorados. Os criterios paisaxísticos a aplicar son os seguintes:

- A medida máis destacada é o feito de utilizar os trazados dos camiños existentes na maioría das actuacións deste proxecto.
- Compactación de terreos sensiblemente chairos mediante laboreo ou escarificado superficial e, se fose necesario, aporte de terra vexetal (de 20 a 30 cm. de espesor).
- Ante a presencia de calquera elemento sobrante de obra (restos de materias primas, broza e todo tipo de restos vexetais, etc.) retirada inmediata e xestión adecuada.
- Ante a aparición de zonas peladas ou sucos de erosión construiranse muretes de retención de pedra perpendiculares a liña de máxima pendente.
- Se houberan zonas erosionadas nas marxes de cursos de auga, serán instaladas nestas estruturas naturais de estabilización tipo pes xuntos, ou similares, e revexetarase con especies de ribeira (estaquillado con salgueiros e ameneiros).
- Perfilaranse mecanicamente, nunha anchura dun (1) metro a ambos lados do vértice as cabezas máis marcadas dos noiros executados na apertura dos camiños para a súa regularización e integración na paisaxe cos rodea, que é eminentemente sinuosa e sen ángulos.

4.2.7. Medidas protectoras para os hábitats naturais de calidade

Minimizarase a intervención sobre os hábitats naturais de calidade evitando estas zonas na medida do posible. En particular evitarase ó máximo a tala de árbores autóctonas. Como criterio xeral, tenderase a reducir na medida do posible a duración total da obra, é dicir, o tempo efectivo en que os distintos elementos de obra se encontren implantados sobre o terreo.

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Coñecendo que os principais condicionantes para isto son as habituais dilacións nas tramitacións de permisos, procurarase que estas estean maioritariamente xestionadas e os permisos obtidos, con anterioridade ó comezo da obra.

4.2.8. Medidas protectoras para a vexetación e control da erosión

Durante a fase de obras levarase a cabo un seguimento que garanta o cumprimento das indicacións e medidas protectoras e correctoras contidas no presente Anexo de Medidas de Protección Ambiental e Integración Paisaxística.

Os obxectivos do seguimento son os seguintes:

- Velar para que a actividade se realice segundo o proxecto autorizado.
- Determinar a eficacia das medidas de protección ambiental.
- Evitar accidentes que provoquen un dano engadido ó entorno.

A vixilancia ambiental durante a execución das obras corresponderá á persoa ou empresa designada para isto e deberá coordinarse co organismo competente da Xunta de Galicia no relativo á protección das augas, chan, atmosfera, flora e fauna.

A persoa ou empresa designada executará as medidas que garantan o cumprimento desta Memoria Ambiental, debendo implantar as medidas protectoras e correctoras definidas. Tamén asumirá a realización e redacción dos estudios e informes que sexan requiridos pola Dirección de obra.

Todos os requirimentos ambientais e medidas correctoras de impacto ambiental propostas deberán executarse nos prazos previstos e o seu estrito cumprimento deberá ser controlado polo responsable.

Durante o tempo que duren as obras, realizaranse todas as labores de seguimento necesarias, co fin de preservar a calidade ambiental da zona, aplicar as medidas correctoras do impacto ambiental propostas, minimizar as afeccións, fixar os prazos de actuación e determinar o modo de executar ditas medidas correctoras.

5. DISPOSICIÓNS NORMATIVAS

- Normas Subsidiarias do Planeamento do Concello Vilanova de Arousa, aprobadas definitivamente o 14.3.1997 e publicadas no BOP o 5 de Maio do 1997, no DOG o 28 de Maio do 1997 e entrou como Normativo o 5 de Maio do 1997.
- Declaración de Impacto Ambiental Formulada pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental en data 6 de Outubro de 2010, relativa á concentración Parcelaria da Parroquia de Santo Estebo de Tremoedo, (Vilanova de Arousa, Pontevedra) Promovida pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural (Clave: 2007/0150).

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- Estudio de Impacto Ambiental titulado: ESTUDIO DE IMPACTO AMBIENTAL DA ZONA DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE TREMOEDO (VILANOVA DE AROUSA – PONTEVEDRA). Revisado pola Consellería do Medio Rural e publicado en Decembro de 2005.
- Lei 4/2015, do 17 de Xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia.
- Lei 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sostible do medio rural.
- Directiva 97/68/CCE, do 16 de decembro, referida ó control das emisións de dióxido de nitróxeno (NO2), partículas e fumes negros e outros contaminantes.
- R.D. 849/1986, do 11 de abril, polo que se rixe o Regulamento do Dominio Público Hidráulico, (Modificado por R.D. 367/2010, R.D. 9/2008, R.D. 1620/2007, R.D. 606/2003, Resolución do 21 de novembro de 2001, R.D. 1771/1994, R.D. 419/1003 e R.D. 1315/1992).
- Decreto 174/2005, de 7 de decembro, polo que se regula a Autorización e notificación de produtor e xestor de residuos de Galicia.
- R.D. 833/1988, do 20 de xullo, de Residuos perigosos, e a súa modificación mediante o R.D. 952/1997, do 20 de xuño.
- Decreto 130/1997, de 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos Ecosistemas acuáticos continentais, e de maneira particular todo o sinalado no anexo V de dito decreto respecto á calidade das augas.
- Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa, aprobado polo Real decreto 11/2016, do 8 de xaneiro, polo que se aproban os plans hidrolóxicos das demarcacións hidrográficas de Galicia-Costa, das concas mediterráneas andaluzas, do Guadalete-Barbate e do Tinto, Odiel e Piedras.
- Lei 9/2001, do 21 de agosto, de Conservación da Natureza, (D.O.G. nº 171 de 4/9/2001).
- R.D. Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Augas.
- Lei 5/2016, do 4 de Maio, de Patrimonio Cultural de Galicia.
- ORDE CIRCULAR 2/2017, pola que se regulan os accesos na rede autonómica de estradas de Galicia.

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

6. CONCLUSIÓN

Tendo en conta que:


- **A afección ambiental detectada, está reflexada na memoria e nos anexos, tomándose as correspondentes medidas de cautela de cara á preservacións dos valores que representan os bens e paraxes afectados, sempre á espera das observacións ó respecto que podan realizar os organismos con competencia na materia.**
- **Para as afeccións patrimoniais e ambientais que puideran xurdir na Fase de Execución dos camiños están identificadas, cuantificadas, valoradas e definidas, para a súa minimización, as correspondentes Medidas de Protección.**
- **As Medidas Correctoras e de Integración Paisaxística adoptadas son as necesarias e esixidas para o cumprimento medioambiental e patrimonial da Obra.**
- **Facer especial mención ó Anexo 11 (de Matriz de Cumprimento da DIA) e os seus Subanexos, onde se detallan, esquematizan e se verifican todos os puntos referidos ós condicionantes técnico – ambientais do Proxecto.**

CONCLÚESE que a Obra recollida no do ***"Proxecto 2ª fase de camiños secundarios e mellora de entradas aos predios de substitución nas zonas de concentración parcelaria de Tremoedo e Oubiña 2º Sector (Vilanova de Arousa, Cambados – Pontevedra)"*** á espera das observacións ó respecto que podan realizar os organismos con competencia na materia, cumpre co esixido na Normativa Ambiental e Patrimonial vixente e rexedora para este tipo de actuacións, no seu conxunto.

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

DETALLE DE BALIZAMENTO (S/E)

DETALLE DE BALIZAMENTO (S/E)



ELEMENTOS DE BALIZAMENTO (S/E)



XESTIÓN DA TERRA VEXETAL: Estración e copio temporal (S/E)

A) Situación inicial




B) Retirada selectiva da capa edáfica




C) Mantemento en zona de acopio temporal





ZONAS DE ACOFIO DE RESIDUOS PERIGOSOS OU CONTAMINANTES. ÁREA DE LAVADO E MANTEMENTO DE MAQUINARIA (Escala 1/75)







BARREIRA FILTRANTE: Protección para regos / canles naturais localizados na zona de obras (Escala 1/50)









DETALLE DE BARREIRA COLOCADA



XUNTA DE GALICIA — Cofinanciado pola Unión Europea

Proxecto:
"2ª FASE DE CAMIÑOS SECUNDARIOS E MELLORA DE ENTRADAS AOS PREDIOS DE SUBSTITUCIÓN NAS ZONAS DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE TREMOEDO E OUBIÑA 2º SECTOR. (Vilanova de Arousa, Cambados- Pontevedra)"

Escala :

Data: Data da sinatura dixital

Plano: MEDIDAS CORRECTORAS

Autor Proxecto:	Visto e prace	Folla:
Emilio Mera González Enxeñeiro Técnico Agrícola	María José Pérez Gil Xefa do Servizo de Infraestruturas Agrarias de Pontevedra:	1/2

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

ANEXO 10

MEDIDAS DE PROTECIÓN DE PATRIMONIO

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

ÍNDICE

1. OBXECTO E ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS 3
2. DESCRICIÓN DAS OBRAS PROXECTADAS 4
2.1. EMPRAZAMENTO 4
2.2. TIPOLOXÍAS DE CAMIÑOS PREVISTAS 4
3. INCIDENCIAS DAS OBRAS RESPECTO A CONXUNTOS PATRIMONIAIS 4
3.1. ELEMENTOS PATRIMONIAIS 4
3.2. DETALLE DOS ELEMENTOS PATRIMONIAIS DA PARROQUIA 5
4. MEDIDAS DE PROTECCIÓN PARA OS ELEMENTOS PATRIMONIAIS 7
5. DISPOSICIÓNS NORMATIVAS 8
6. CONCLUSIÓN 10

SUBANEXO I: FICHAS DOS ELEMENTOS PATRIMONIAIS LOCALIZADOS NA ZRP

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

1. OBXECTO E ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

Redáctase o presente Anexo para xustificar o cumprimento das Obras recollidas no do ***"Proxecto 2ª fase de camiños secundarios e mellora de entradas aos predios de substitución nas zonas de concentración parcelaria de Tremoedo e Oubiña 2º Sector (Vilanova de Arousa, Cambados – Pontevedra)"*** ás condicións técnico-ambientais establecidas e esixidas pola actual lexislación concorrente en actuacións desta natureza.

O obxectivo do "*2ª Fase de Camiños Secundarios e mellorade entradas aos predios de substitución nas Zonas de Concentración Parcelaria de Tremoedo e Oubiña 2º Sector*" será mellorar as infraestruturas existentes para facilitar o aproveitamento dos recursos agrarios da zona e proporcionar maiores expectativas de viabilidade ás actuais explotacións. Para iso, as melloras que será necesario realizar como parte do proceso de reestruturación parcelaria están orientadas fundamentalmente a dotar de accesos adecuados ás novas leiras de substitución que xurdan da reordenación da propiedade.

Ó tratarse de camiños secundarios, este proxecto apoiarase tanto na rede viaria actualmente existente como na rede de camiños principais creados durante a fase previa á creación deste proxecto. Ademais dos casos anteriores, tamén se apoiará naqueles tramos que teñan un trazado adecuado e unha pendente aceptable, aínda que deberá ser mellorada en diferentes aspectos como é o seu propio trazado, as propias pendentes, a limpeza e ensanche dos camiños, así como na achega de material granular e obras de fábrica correspondentes.

A Concentración Parcelaria da Zona de Tremoedo (Vilanova de Arousa, Pontevedra) foi declarada de utilidade pública e urxente execución por Decreto 259/2001 do 20 de Setembro do ano 2001 (DOG nº198, do 11 de outubro de 2001).

Mediante o Real Decreto 146/2013, de 5 de setembro, (D.O.G. número 179, de 19 de setembro de 2013) declárase a utilidade pública e urxente execución da Concentración Parcelaria da zona de Oubiña, 2º Sector.

Con data 14 de xullo de 2015 publícase no Diario Oficial de Galicia a Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia.

Dita lei dispón na súa Disposición transitoria primeira referida á irretroactividade da norma, que as disposicións introducidas en dita lei aplicaranse aos procedementos de concentración parcelaria en curso sen retroceder nos trámites, adaptándose, de ser posible, á fase en que se encontren. No caso de non poder levar a cabo esta adaptación, dita lei aplicarase no inicio da fase seguinte.

Respecto a esta se ten formulado, para o seu normal desenvolvemento administrativo e técnico, o documento, respecto ó cal se redacta o presente Proxecto:

- **Declaración de Impacto Ambiental** Formulada pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental en data 6 de Outubro de 2010, relativa á concentración

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Parcelaria da Parroquia de Santo Estebo de Tremoedo, (Vilanova de Arousa, Pontevedra) Promovida pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural (Clave: 2007/0150).

- **Estudio de Impacto Ambiental** titulado: ESTUDIO DE IMPACTO AMBIENTAL DA ZONA DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE TREMOEDO (VILANOVA DE AROUSA – PONTEVEDRA). Revisado pola Consellería do Medio Rural e publicado en Decembro de 2005.

Destacar tamén que se utilizou como referencia as **Normas Subsidiarias do Planeamento** do Concello Vilanova de Arousa, aprobadas definitivamente o 14.3.1997 e publicadas no BOP o 5 de Maio do 1997, no DOG o 28 de Maio do 1997 e entrou como Normativo o 5 de Maio do 1997.

2. DESCRICIÓN DAS OBRAS PROXECTADAS

2.1. EMPRAZAMENTO

As obras descritas ubícanse na parroquia de Santo Estevo de Tremoedo e San Vicenzo de Oubiña, pertencentes aos Concellos de Vilanova de Arousa e Cambados, e atópanse situadas ao oeste da provincia de Pontevedra, tal e coma se pode comprobar no Plano 1, de *Situación e localización*, axunto ó Documento de PLANOS do presente Proxecto.

2.2. TIPOLOXÍAS DE CAMIÑOS PREVISTAS

As Obras previstas no ***"Proxecto 2ª fase de camiños secundarios e mellora de entradas aos predios de substitución nas zonas de concentración parcelaria de Tremoedo e Oubiña 2º Sector (Vilanova de Arousa, Cambados – Pontevedra)"*** definen unha rede de **corenta (40)** camiños, cunha lonxitude total de **5.483** metros **(5,48 Km.)**

A maioría deles usan trazados de camiños antigos, pero ningunha desas trazas compre en canto á estabilidade de firmes nin dimensións, polo que todos eles serán reformados completamente para adaptarse ás necesidades deste proxecto.

3. INCIDENCIAS DAS OBRAS RESPECTO A CONXUNTOS PATRIMONIAIS

3.1. ELEMENTOS PATRIMONIAIS

Todos os Elementos Patrimoniais localizados e catalogados dentro da zona aparecen sinalados no Plano de Planta Xeral da Rede de Camiños e Áreas de Importancia Ambiental e detallado no resto de planos de planta dos camiños do Documento PLANOS do Proxecto.

Os Elementos Patrimoniais localizados dentro ou preto das Z.C.P. baséanse nos catalogados dentro do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) do Concello de estudo.

Achéganse no Subanexo I, de Fichas dos Elementos Patrimoniais localizados na Zona de

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Concentración Parcelaria, a relación dos Elementos Patrimoniais concorrentes nas obras proxectadas. Estas fichas se presentarán segundo a natureza do elemento, Xacementos Arqueolóxicos ou Elementos Etnográficos, agrupándose estes últimos en grupos en relación ó lugar onde se atopen.

3.2. DETALLE DOS ELEMENTOS PATRIMONIAIS DA PARROQUIA

En primeiro lugar, destacar que a prioridade é que ningún dos elementos patrimoniais da Zona de Reestruturación Parcelaria de estudo resulte afectado polos trazados dos camiños. En primeiro lugar achégase unha listaxe cos elementos patrimoniais máis representativos das parroquias que aparecen no **PXOM de Vilanova de Arousa**:

Patrimonio Arqueolóxico:

Nome	***Código***	***Lugar***
Castro de Setepías	GA36006002	A Costa
Castro de Tremoedo	GA36061010	A Costa
Torre de San Fardan / de Gil Casares	GA36061004	A Costa
Mámoa 8 de Treviscoso	GA36061023	Treviscoso
Mámoa 7 de Treviscoso	GA36061022	Treviscoso
Mámoa 8 de Treviscoso	GA36061021	Treviscoso
Mámoa 6 de Treviscoso	GA36061020	Treviscoso
Mámoa 5 de Treviscoso	GA36061019	Treviscoso
Mámoa 4 de Treviscoso	GA36061018	Treviscoso
Mámoa 3 de Treviscoso	GA36061017	Treviscoso
Mámoa 2 de Treviscoso	GA36061002	Treviscoso
Mámoa 1 de Treviscoso	GA36061001	Treviscoso
Cruceiro do Querento	GA3606138232	O Foxo
Hórreo	GA3600643679	Gombra

Patrimonio Arquitectónico:

Nome	***Código***	***Lugar***
Casa en Couto	A09	Couto
Conxunto en Couto	A08	Couto
Casa en Cabreiro	A07	Cabreiro
Casa de D. Antonio Lorenzo	A06	Cabreiro
Casa en Cabreiro 2	A05	Cabreiro
Conxunto de construcións en Cuiña	A04	Cuiña
Arco en Igrexa	A03	A Igrexa
Casa Rectoral	A02	A Igrexa
Templo Parroquial Sto. Estevo	A01	A Igrexa

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Patrimonio Etnográfico:

Nome	*Código*	*Lugar*
Cabaceiro en Igrexa	B17	A Igrexa
Cabaceiro en Mouzos	B16	Mouzós
Cabaceiro en Deiro	B15	Deiro de Abaixo
Cabaceiro en Igrexa	B14	A Igrexa
Cabaceiro en Cuiña	B13	Cuiña
Cabaceiro en San Bartolomeu	B12	San Bartolomeu
Capela de San Bartolomeu	B11	Mouzós
Capela de Nosa Señora dos Remedios	B10	S. Estevo de Tremoedo
Pombal en Couto	B09	Couto
Pombal e Construción auxiliar	B08	Río Pequeno
Cruceiro de Couto	B07	Couto
Cruceiro en Cabreiro	B06	Cabreiro
Varal de Cruceiro en Río Pequeno	B05	Río Pequeno
Cruceiro de Igrexa	B04	A Igrexa
Cruceiro de Mouzós	B03	Mouzós
Cruceiro de San Bartolomeu	B02	San Bartolomeu
Cruceiro en Igrexa	B01	A Igrexa

Finalmente achégase unha táboa con todos os elementos patrimoniais documentados, incluíndo as súas coordenadas UTM ETRS89 Fuso 29, en metros:

Nome	*Código*	*Lugar*	*Patrimonio*	*Coord X*	*Coord Y*
Castro de Setepías	GA36006002	A Costa	Arqueolóxico	**517910.653**	**4707959.458**
Castro de Tremoedo	GA36061010	A Costa	Arqueolóxico	**516974.746**	**4709735.131**
Torre de San Fardan / de Gil Casares	GA36061004	A Costa	Arqueolóxico	**516922.746**	**4709979.132**
Mámoa 8 de Treviscoso	GA36061023	Treviscoso	Arqueolóxico	**517183.707**	**4708668.860**
Mámoa 7 de Treviscoso	GA36061022	Treviscoso	Arqueolóxico	**517370.545**	**4709502.276**
Mámoa 8 de Treviscoso	GA36061021	Treviscoso	Arqueolóxico	**517361.205**	**4709452.525**
Mámoa 6 de Treviscoso	GA36061020	Treviscoso	Arqueolóxico	**517480.106**	**4709400.801**
Mámoa 5 de Treviscoso	GA36061019	Treviscoso	Arqueolóxico	**517474.021**	**4709026.526**
Mámoa 4 de Treviscoso	GA36061018	Treviscoso	Arqueolóxico	**517296.837**	**4709428.568**
Mámoa 3 de Treviscoso	GA36061017	Treviscoso	Arqueolóxico	**517433.902**	**4709166.012**
Mámoa 2 de Treviscoso	GA36061002	Treviscoso	Arqueolóxico	**517651.180**	**4710407.039**
Mámoa 1 de Treviscoso	GA36061001	Treviscoso	Arqueolóxico	**517436.584**	**4709222.576**
Cruceiro do Querento	GA3606138232	O Foxo	Arqueolóxico	**518441.759**	**4709391.124**
Hórreo	GA3600643679	Gombra	Arqueolóxico	**519581.403**	**4709271.696**
Casa en Couto	A09	Couto	Arquitectónico	**519937.800**	**4710277.970**
Conxunto en Couto	A08	Couto	Arquitectónico	**519973.633**	**4710309.314**
Casa en Cabreiro	A07	Cabreiro	Arquitectónico	**520148.660**	**4710214.932**

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Nome	*Código*	*Lugar*	*Patrimonio*	*Coord X*	*Coord Y*
Casa de D. Antonio Lorenzo	A06	Cabreiro	Arquitectónico	**520172.635**	**4710211.967**
Casa en Cabreiro 2	A05	Cabreiro	Arquitectónico	**520192.332**	**4710231.664**
Conxunto de construcións en Cuiña	A04	Cuiña	Arquitectónico	**517546.170**	**4708586.801**
Arco en Igrexa	A03	A Igrexa	Arquitectónico	**517865.109**	**4710004.921**
Casa Rectoral	A02	A Igrexa	Arquitectónico	**518031.771**	**4709593.256**
Templo Parroquial Sto. Estevo	A01	A Igrexa	Arquitectónico	**518108.022**	**4709611.136**
Cabaceiro en Igrexa	B17	A Igrexa	Etnográfico	**518048.796**	**4709565.380**
Cabaceiro en Mouzos	B16	Mouzós	Etnográfico	**518906.187**	**4709839.054**
Cabaceiro en Deiro	B15	Deiro de Abaixo	Etnográfico	**517475.314**	**4710839.709**
Cabaceiro en Igrexa	B14	A Igrexa	Etnográfico	**517930.220**	**4709240.258**
Cabaceiro en Cuiña	B13	Cuiña	Etnográfico	**517536.562**	**4708599.643**
Cabaceiro en San Bartolomeu	B12	San Bartolomeu	Etnográfico	**518935.837**	**4709875.166**
Capela de San Bartolomeu	B11	Mouzós	Etnográfico	**518889.194**	**4709786.140**
Capela de Nosa Señora dos Remedios	B10	S. Estevo de Tremoedo	Etnográfico	**520117.913**	**4710489.515**
Pombal en Couto	B09	Couto	Etnográfico	**519917.143**	**4710338.136**
Pombal e Construción auxiliar	B08	Río Pequeno	Etnográfico	**518576.125**	**4709378.779**
Cruceiro de Couto	B07	Couto	Etnográfico	**519930.244**	**4710319.806**
Cruceiro en Cabreiro	B06	Cabreiro	Etnográfico	**520107.443**	**4710317.400**
Varal de Cruceiro en Río Pequeno	B05	Río Pequeno	Etnográfico	**518543.991**	**4709360.115**
Cruceiro de Igrexa	B04	A Igrexa	Etnográfico	**518051.551**	**4709446.902**
Cruceiro de Mouzós	B03	Mouzós	Etnográfico	**518776.211**	**4709659.687**
Cruceiro de San Bartolomeu	B02	San Bartolomeu	Etnográfico	**519000.099**	**4709903.065**
Cruceiro en Igrexa	B01	A Igrexa	Etnográfico	**517892.819**	**4708955.900**

4. MEDIDAS DE PROTECCIÓN PARA OS ELEMENTOS PATRIMONIAIS

As medidas propostas respecto a este tipo de elementos son as seguintes:

- Non se realizarán dentro do seu perímetro de protección integral remocións profundas de terras, escavacións ou calquera tipo de enterramentos.
- Procederase a balizar e sinalizar exactamente os perímetros de protección integral dos elementos patrimoniais concorrentes nas obras, tal e coma se indica no Epígrafe 6.2.3 do presente Anexo.
- Realizarase un Control Arqueolóxico Intensivo a pé de obra tanto na área de protección integral como das remocións de terras e/ou calquera tipo de obras, que se levarán a cabo se fose necesario, no seu entorno próximo, mantendo, neste caso, a distancia de cautela definida, contada sempre dende o perímetro máis externo do xacemento/elemento.
- Os valos de pedra e muros de peche tradicionais, que configuran funcional e estruturalmente a paisaxe galega e caracterizan culturalmente o territorio, deben terse en conta nas obras a desenvolver, adoptándose as medidas oportunas para a súa conservación, preservación e recuperación, se fose necesario. Os que por forza haxa que retirar, deberán ser obxecto de recuperación, desmantelándoos e

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

repoñéndoos nunha localización adecuada, é dicir, nas novas marxes dos camiños a executar.

- As lascas graníticas perimetrais que se poidan localizar nos noiros das canles de rega tradicionais, que configuran funcional e estruturalmente a paisaxe hidráulica galega e caracterizan culturalmente o territorio, deben terse en conta nas obras a desenrolar, adoptándose as medidas oportunas para a súa conservación, preservación e recuperación, se fose necesario.
- As que por forza haxa que retirar pola implantación sobre a canle dunha obra de Drenaxe Transversal (ODT), proxectada ou non, e aprobada previamente polo Organismo da Conca, deberán ser obxecto de recuperación, desmantelándoas e repoñéndoas na súa localización adecuada, e dicir, augas arriba ou abaixo da mesma canle.

5. DISPOSICIÓNS NORMATIVAS

- Normas Subsidiarias do Planeamento do Concello Vilanova de Arousa, aprobadas definitivamente o 14.3.1997 e publicadas no BOP o 5 de Maio do 1997, no DOG o 28 de Maio do 1997 e entrou como Normativo o 5 de Maio do 1997.
- Declaración de Impacto Ambiental Formulada pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental en data 6 de Outubro de 2010, relativa á concentración Parcelaria da Parroquia de Santo Estebo de Tremoedo, (Vilanova de Arousa, Pontevedra) Promovida pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural (Clave: 2007/0150).
- Estudio de Impacto Ambiental titulado: ESTUDIO DE IMPACTO AMBIENTAL DA ZONA DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE TREMOEDO (VILANOVA DE AROUSA – PONTEVEDRA). Revisado pola Consellería do Medio Rural e publicado en Decembro de 2005.
- Lei 4/2015, do 17 de Xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia.
- Lei 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sostible do medio rural.
- Directiva 97/68/CCE, do 16 de decembro, referida ó control das emisións de dióxido de nitróxeno (NO2), partículas e fumes negros e outros contaminantes.
- R.D. 849/1986, do 11 de abril, polo que se rixe o Regulamento do Dominio Público Hidráulico, (Modificado por R.D. 367/2010, R.D. 9/2008, R.D. 1620/2007, R.D. 606/2003, Resolución do 21 de novembro de 2001, R.D. 1771/1994, R.D. 419/1003 e R.D. 1315/1992).
- Decreto 174/2005, de 7 de decembro, polo que se regula a Autorización e notificación de produtor e xestor de residuos de Galicia.
- R.D. 833/1988, do 20 de xullo, de Residuos perigosos, e a súa modificación mediante o R.D. 952/1997, do 20 de xuño.
- Decreto 130/1997, de 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos Ecosistemas acuáticos continentais, e de maneira particular todo o sinalado no anexo V de dito decreto respecto á calidade

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

das augas.

- Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa, aprobado polo Real decreto 11/2016, do 8 de xaneiro, polo que se aproban os plans hidrolóxicos das demarcacións hidrográficas de Galicia-Costa, das concas mediterráneas andaluzas, do Guadalete-Barbate e do Tinto, Odiel e Piedras.
- Lei 9/2001, do 21 de agosto, de Conservación da Natureza, (D.O.G. nº 171 de 4/9/2001).
- R.D. Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Augas.
- Lei 5/2016, do 4 de Maio, de Patrimonio Cultural de Galicia.
- ORDE CIRCULAR 2/2017, pola que se regulan os accesos na rede autonómica de estradas de Galicia.

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

6. CONCLUSIÓN

Tendo en conta que:

- **As afeccións patrimoniais detectadas, e todos os elementos que poidan resultar afectados, están reflexados na memoria e nos anexos, tomándose as correspondentes medidas de cautela de cara á preservación dos valores que representan os bens e paraxes afectados, sempre á espera das observacións ó respecto que podan realizar os organismos con competencia na materia.**
- **Para as afeccións patrimoniais e ambientais que puideran xurdir na Fase de Execución dos camiños están identificadas, cuantificadas, valoradas e definidas, as correspondentes Medidas de Protección.**
- **As Medidas Correctoras e de Integración Paisaxística adoptadas son as necesarias e esixidas para o cumprimento medioambiental e patrimonial da Obra.**

CONCLÚESE que a Obra recollida no do ***"Proxecto 2ª fase de camiños secundarios e mellora de entradas aos predios de substitución nas zonas de concentración parcelaria de Tremoedo e Oubiña 2º Sector (Vilanova de Arousa, Cambados – Pontevedra)"*** á espera das observacións ó respecto que podan realizar os organismos con competencia na materia, cumpre co esixido na Normativa Ambiental e Patrimonial vixente e rexedora para este tipo de actuacións, no seu conxunto.

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

SUBANEXO 10.1

FICHAS DE PATRIMONIO

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

FICHAS DO PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO[3]

[3] Os planos de detalle insertados nas fichas, agás o da ficha C02, correspóndense co Plano do Anexo Planimétrico (Topográfico 1:5.000 "Límites da Concentración Parcelaria.". Patrimonio Arqueolóxico, Arquitectónico e Etnográfico).
O plano de detalle insertado na ficha C02 (GA36061002) correspóndese co plano 1:5.000 Parcelario.
O Plano de referencia é o do Anexo Planimétrico: Topográfico 1:5.000 "Límites da Concentración Parcelaria" : Patrimonio Arqueolóxico, Arquitectónico e Etnográfico, onde aparecen reflectidos os contornos de protección dos elementos catalogados.

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Tremoedo (Vilanova de Arousa) - Patrimonio Hi o Arqueolóxico

C 12
Arqueoloxía

DENOMINACIÓN E LOCALIZACIÓN

Código	Topónimo ou denominación		Lugar	
GA36006002	*CASTRO DE SETEPÍAS*		*A COSTA (Concello de V. de Arousa)* *Casas do Moı te (Concello c e Cambados*	
Plano	Parroquia			Cota
1:5.000 límites c. parcelaria	*SAN ESTEVO DE TREMOEDO*			*108 M.*
Clasificación do solo	Propiedade		Coordeadas U.T.M.	
Protección Patrimonio Cultural	**S-PPC**		***X 518 019***	***Y 4708 102***


DESCRIPCIÓN

Elemento e medio

Fortificación de pranta oval protexida por muralla, terrapléns e foxo. Ten un recinto principal moi protexido e espacios aterrazados inferiores. Moitos restos de pedra en superficie e algunha cerámica común.
Rocha no centro da croa con inscripcións pouco lexibles (límite parroquial ou de concello).
Pendente moi forte cara o oeste. Torre de comunicacións,depósito de auga e plantación de eucalipto no propio castro.

Tipoloxía	*POBOADO FORTIFICADO*	Cronoloxía	*IDADE DO FERRO*





MEDIDAS DE PROTECCIÓN

INTEGRAL	CAUTELA	RESPETO	CONSERVACIÓN				
A.P.I	A.C.A	A.R.A	Moi boa	Boa	Regular	Mala	Destruido
X		X		X			

Contorno (área de respeto)

Actuacións permitidas

Na API:	Somentes as que teñan como finalidade a mellora, conservación, consolidación ou investigación.
Na ACA:	As intervencións que conleven remocións de terra precisarán de proxecto e visto bo da Consellería de Cultura.
Na ARA:	Prohíbense as actuacións que teñan inpacto visual negativo no espacio (tendidos aéreos de electricidade, telefonía, minas canteiras e plantacións de especies non autóctonas). Os proxectos de obra serán informados pola Consellería de Cultura.

Observacións	Posta en valor
Rota de sendeirismo ***Polígono 23*** ***EXCLUSIÓN d** das parcelas afectadas polos contornos de protección ; sinalización nos planos de ob* **obra das áreas de protección. As parcelas afectadas pasarán a masa común.**	*Mellora do entorno, limpeza.*

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Tremoedo (Vilanova de Arousa) - Patrimonio H o Arqueolóxico

C 11
Arqueoloxía

DENOMINACIÓN E LOCALIZACIÓN

Código	Topónimo ou denominación	Lugar	
GA36061010	*CASTRO DE TREMOEDO*	*A COSTA*	
Plano	Parroquia		Cota
1:5.000 límites c. parcelaria	*SAN ESTEVO DE TREMOEDO*		*105 m*
Clasificación do solo		Propiedade	Coordeadas U.T.M.
Protección Patrimonio Cultural	**S-PPC**		***517.100*** ***4.709.950***

DESCRIPCIÓN


Elemento e medio

O lugar de A Costa está gravemente alterado por plantacións de viñedo, arborado e incluso construccións recentes.
Na cima do outeiro obsérvanse restos abundantes de pedra solta pero non identificables a simple vista con estructuras recoñecibles. É dificil apreciar a extensión do xacemento e incluso a permanencia do propio conxunto.
Na toponímia ademáis do termo A Costa, temos tamén o Foxo (ó oeste, nunha área de chaira).
O promontorio que ocupa o xacemento somentes ten defensas naturais ó N e Leste, coincidindo co xacemento medieval da Torre de Fardán, aínda que este lugar non corresponde exactamente coa situación do castro segundo documentación consultada.

Tipoloxía	*POBOADO FORTIFICADO*	Cronoloxía	*IDADE DO FERRO*







MEDIDAS DE PROTECCIÓN

INTEGRAL	CAUTELA	RESPETO	CONSERVACIÓN				
A.P.I	A.C.A	A.R.A	Moi boa	Boa	Regular	Mala	Destruido
	X						X

Contorno (área de respeto)

Delimitada en plano. Establecese unha cautela arqueolóxica en previsión de posibles achádegos

Actuacións permitidas

Na API:	Somentes as que teñan como finalidade a mellora, conservación, consolidación ou investigación.
Na ACA:	*As intervencións que conleven remocións de terra precisarán de proxecto e visto bo da Consellería de Cultura.*
Na ARA:	Prohíbense as actuacións que teñan inpacto visual negativo no espacio (tendidos aéreos de electricidade, telefonía, minas canteiras e plantacións de especies non autóctonas). Os proxectos de obra serán informados pola Consellería de Cultura.

Observacións

Vertedoiro no cúmio do outeiro , vía rápida ó pé. Moitas alteracións.Segundo os planos facilitados, tanto a Torre de San Fardán como o Castro de Tremoedo atópanse no polígono 05 pero xa están EXCLUÍDOS, xunto ó polígono industrial, das obras da C. Parcelaria. (Vide plano A3, plano xeral, parcelario: en branco as zonas excluídas) Grafíamos no plano de referencia (Anexo planimétrico 1:5.000 "Límites da C. Parcelaria" Patrimonio Arqueolóxico…, a área de cautela arqueolóxica proposta, que aparecerá nos planos de obra.

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Tremoedo (Vilanova de Arousa) - Patrimonio Histórico e Arqueolóxico-Histórico

C 10

DENOMINACIÓN E LOCALIZACIÓN | **Arqueoloxía**

Código	Topónimo ou denominación		Lugar	
GA36061004	*TORRE DE SAN FARDÁN* *TORRE DE GIL CASARES*		*A COSTA*	
Plano	Parroquia			Cota
1:5.000 límites c. parcelaria	*SAN ESTEVO DE TREMOEDO*			*90 m*
Clasificación do solo		Propiedade	Coordeadas U.T.M.	
Protección Patrimonio Cultural	**S-PPC**	*Privada*	***517.048***	***Y 4710194***


DESCRIPCIÓN

Elemento e medio

Restos dunha edificación de tipo pacego. Consta de parte dunha torre cadrangular e dun lenzo de muro adosado con funcións habitacionais. A torre en ruinas conserva tres niveis, un inferior con troneiras e dous superiores con fiestras e parladoiros. O edificio adosado conserva dous niveis de factura e características similares á torre. Os vanos adintelados ó exterior, resólvense con arcos de medio punto rebaixados e lixeiramente abocinados. Paramentos de pedra de grao de tipo dobre e de gran espesor, están feitos en mampostería con sillares de reforzo. A torre culmina con cornisa e moldura. Sitúase no alto dun coto con gran dominio visual. O entorno próximo caracterízase por grandes extensións de viñedo. Entorno coidado e sen degradar. Antiga construcción de tipo tradicional restaurada ó pé. Acceso privado por pista de terra.

Tipoloxía	*CASA - PAZO FORTIFICADA*	Cronoloxía	*c. S. XVI - XVII*





MEDIDAS DE PROTECCIÓN

INTEGRAL	CAUTELA	RESPETO	CONSERVACIÓN				
A.P.I	A.C.A	A.R.A	Moi boa	Boa	Regular	Mala	Destruido
X	X	X			X		

A estructura conta con protección integral, establécese unha área de cautela arqueolóxica no solar que acolle ó edificio e espacio próximo pois as dimensións da construcción son indeterminadas. Área de respecto sinalada en plano.

Actuacións permitidas

Na API:	Somentes as que teñan como finalidade a mellora, conservación, consolidación ou investigación.
Na ACA:	As intervencións que conleven remocións de terra precisarán de proxecto e visto bo da Consellería de Cultura.
Na ARA:	Prohíbense as actuacións que teñan inpacto visual negativo no espacio (tendidos aéreos de electricidade, telefonía, minas canteiras e plantacións de especies non autóctonas). Os proxectos de obra serán informados pola Consellería de Cultura.

Observacións	Posta en valor
Tanto a Torre de San Fardán como o veciño Castro de Tremoedo, segundo os planos do Proxecto de C.P., atópanse, dentro da Zona de C.P- ***polígono 05 - xa EX XCLUÍDOS***	*Precisa consolidación das estructuras.*

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Tremoedo (Vilanova de Arousa) - Patrimonio H o Arqueolóxico

C 09
Arqueoloxía

DENOMINACIÓN E LOCALIZACIÓN

Código	Topónimo ou denominación	Lugar
GA36061023	*MÁMOA 8 DE TREVISCOSO*	*TREVISCOSO*

Plano	Parroquia	Cota
1:5.000 límites da c. P	*SAN ESTEVO DE TREMOEDO*	*(123 m)*

Clasificación do solo		Propiedade	Coordeadas U.T.M.	
Protección Patrimonio Cultural	**S-PPC**		***(X 517 307)***	***(Y 4708 892)***

DESCRIPCIÓN


Elemento e medio

Elemento dubidoso, posiblemente destruido pola pista que percorre o outeiro a unha cota próxima á cima.
Con coordeadas 517 307 - 4708 892 e unha altitude de ca. 123 m. aparecen no camiño os posibles restos dun túmulo con recheo de pedra. Non hai ningún tipo de material asociado.
No resto da área a densidade da vexetación fai imposible a localización de xacementos por prospección superficial.

Tipoloxía	*TÚMULO FUNERARIO TIPO "MÁMOA"*	Cronoloxía	*NEOLÍTICO*







MEDIDAS DE PROTECCIÓN

INTEGRAL	CAUTELA	RESPETO	CONSERVACIÓN				
A.P.I	**A.C.A**	**A.R.A**	**Moi boa**	**Boa**	**Regular**	**Mala**	**Destruido**
	X					**(X)**	

Contorno (área de respeto)

Actuacións permitidas	
Na API:	Somentes as que teñan como finalidade a mellora, conservación, consolidación ou investigación.
Na ACA:	As intervencións que conleven remocións de terra precisarán de proxecto e visto bo da Consellería de Cultura.
Na ARA:	Prohíbense as actuacións que teñan inpacto visual negativo no espacio (tendidos aéreos de electricidade, telefonía, minas canteiras e plantacións de especies non autóctonas). Os proxectos de obra serán informados pola Consellería de Cultura.

Observacións

Esta mámoa, xunto coa casi totalidade das restantes que integran a Necrópole de Treviscoso, xa se atopa ***fóra dos límites da Zona de C. Parcelaria***	*Aconsellamos a sinalización da área de cautela arqueolóxica da Necrópole tumular de Treviscoso na que se inclúe.*

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Tremoedo (Vilanova de Arousa) - Patrimonio Histórico Arqueolóxico

C 08
Arqueoloxía

DENOMINACIÓN E LOCALIZACIÓN

Código	Topónimo ou denominación	Lugar	
GA36061022	*MÁMOA 7 DE TREVISCOSO*	*TREVISCOSO*	
Plano	Parroquia		Cota
1:5.000 límites c. parcelaria	*SAN ESTEVO DE TREMOEDO*		*102 m*
Clasificación do solo	Propiedade	Coordeadas U.T.M.	
Protección Patrimonio Cultural	**S-PPC**	***X 517489***	***Y 4709667***

DESCRIPCIÓN


Elemento e medio

Túmulo funerario de gran tamaño (ca.20m.) parcialmente afectado pola explotación de recursos forestais.
Redáctase o presente Anexo para xustificar o cumprimento das Obras recollidas no do ***"Proxecto 2ª fase de camiños secundarios e mellora de entradas aos predios de substitución nas zonas de concentración parcelaria de Tremoedo e Oubiña 2º Sector (Vilanova de Arousa, Cambados – Pontevedra)"*** ás condicións técnico-ambientais establecidas e esixidas pola actual lexislación concorrente en actuacións desta natureza.

O obxectivo do *"Proxecto 2ª Fase de Camiños Secundarios e mellorade entradas aos predios de substitución nas Zonas de Concentración Parcelaria de Tremoedo e Oubiña 2º Sector"* será mellorar as infraestruturas existentes para facilitar o aproveitamento dos recursos agrarios da zona e proporcionar maiores expectativas de viabilidade ás actuais explotacións. Para iso, as melloras que será necesario realizar como parte do proceso de reestruturación parcelaria están orientadas fundamentalmente a dotar de accesos adecuados ás novas leiras de substitución que xurdan da reordenación da propiedade.

2. ANTECEDENTES

A Concentración Parcelaria da Zona de Tremoedo (Vilanova de Arousa, Pontevedra) foi declarada de utilidade pública e urxente execución por Decreto 259/2001 do 20 de Setembro do ano 2001 (DOG nº198, do 11 de outubro de 2001).

Mediante o Real Decreto 146/2013, de 5 de setembro, (D.O.G. número 179, de 19 de setembro de 2013) declárase a utilidade pública e urxente execución da Concentración Parcelaria da zona de Oubiña, 2º Sector.

Con data 14 de xullo de 2015 publícase no Diario Oficial de Galicia a Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia.

Dita lei dispón na súa Disposición transitoria primeira referida á irretroactividade da norma, que as disposicións introducidas en dita lei aplicaranse aos procedementos de concentración parcelaria en curso sen retroceder nos trámites, adaptándose, de ser posible, á fase en que se encontren. No caso de non poder levar a cabo esta adaptación, dita lei aplicarase no inicio da fase seguinte.

Respecto a esta se ten formulado, para o seu normal desenvolvemento administrativo e técnico, o documento, respecto ó cal se redacta o presente Proxecto:

- **Declaración de Impacto Ambiental** Formulada pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental en data 6 de Outubro de 2010, relativa á concentración Parcelaria da Parroquia de Santo Estebo de Tremoedo, (Vilanova de Arousa, Pontevedra) Promovida pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural (Clave: 2007/0150).
- **Estudio de Impacto Ambiental** titulado: ESTUDIO DE IMPACTO AMBIENTAL DA ZONA DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE TREMOEDO (VILANOVA DE AROUSA

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

– PONTEVEDRA). Revisado pola Consellería do Medio Rural e publicado en Decembro de 2005.

Destacar tamén que se utilizou como referencia as **Normas Subsidiarias do Planeamento** do Concello Vilanova de Arousa, aprobadas definitivamente o 14.3.1997 e publicadas no BOP o 5 de Maio do 1997, no DOG o 28 de Maio do 1997 e entrou como Normativo o 5 de Maio do 1997.

3. DESCRICIÓN DAS OBRAS PROXECTADAS

3.1. EMPRAZAMENTO

A obra descrita ubícase na parroquia de Santo Estevo de Tremoedo, pertencente ao Concello de Vilanova de Arousa, e atópase situada ao oeste da provincia de Pontevedra, tal e coma se pode comprobar no Plano 1, de *Situación e localización*, axunto ó Documento de PLANOS do presente Proxecto.

3.2. TIPOLOXÍAS DOS CAMIÑOS PREVISTAS

As Obras previstas no ***"Proxecto 2ª fase de camiños secundarios e mellora de entradas aos predios de substitución nas zonas de concentración parcelaria de Tremoedo e Oubiña 2º Sector (Vilanova de Arousa, Cambados – Pontevedra)"*** definen unha rede de **corenta (40)** camiños, cunha lonxitude total de **5.483** metros **(5,48 Km.)** de nova apertura e melloras de firme en **oito (8)** camiños existentes cunha lonxitude de **1.942** metros **(1,94 km.).**

A maioría deles usan trazados de camiños antigos, pero ningunha desas trazas compre en canto á estabilidade de firmes nin dimensións, polo que todos eles serán reformados completamente para adaptarse ás necesidades deste proxecto.

4. ELEMENTOS AMBIENTAIS E PATRIMONIAIS

4.1. ELEMENTOS AMBIENTAIS

4.1.1. Espazos naturais

Ningunha das actuacións previstas esta localizada en espazo natural protexido incluído algún da Rede Natura 2000.

Ante todo o sinalado non se provocará, coa execución das obras proxectadas, incidencia ambiental algunha respecto a espazo natural protexido localizado no seu entorno.

4.1.2. Hábitats prioritarios

Dentro das Zonas de Concentración Parcelaria de Tremoedo e Oubiña 2º Sector non se detecta a presenza de ningún dos hábitats relacionados no Anexo I da Directiva

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

92/43/CEE, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres (BOE nº 206 de 22/07/1992).

Cabe salientar que entre todas as parcelas que se inclúen neste proceso de concentración, soamente existe unha con especies autóctonas do xénero Quercus, como xa se mencionou no apartado anterior. Trátase dunha parcela que non se verá alterada en ningún caso, e que tampouco se cambiará de propietario. As coordenadas aproximadas do centro desta parcela serán, no sistema UTM ETRS89 Fuso 29, as seguintes: **X=520022.1193 Y=4709757.3099**.

4.2. ELEMENTOS PATRIMONIAIS

No seguinte cadro están todos os elementos patrimoniais presentes na Zona de Reestruturación Parcelaria:

Nome	*Código*	*Lugar*	*Patrimonio*	*Coord X*	*Coord Y*
Castro de Setepías	GA36006002	A Costa	Arqueolóxico	**517910.653**	**4707959.458**
Castro de Tremoedo	GA36061010	A Costa	Arqueolóxico	**516974.746**	**4709735.131**
Torre de San Fardan / de Gil Casares	GA36061004	A Costa	Arqueolóxico	**516922.746**	**4709979.132**
Mámoa 8 de Treviscoso	GA36061023	Treviscoso	Arqueolóxico	**517183.707**	**4708668.860**
Mámoa 7 de Treviscoso	GA36061022	Treviscoso	Arqueolóxico	**517370.545**	**4709502.276**
Mámoa 8 de Treviscoso	GA36061021	Treviscoso	Arqueolóxico	**517361.205**	**4709452.525**
Mámoa 6 de Treviscoso	GA36061020	Treviscoso	Arqueolóxico	**517480.106**	**4709400.801**
Mámoa 5 de Treviscoso	GA36061019	Treviscoso	Arqueolóxico	**517474.021**	**4709026.526**
Mámoa 4 de Treviscoso	GA36061018	Treviscoso	Arqueolóxico	**517296.837**	**4709428.568**
Mámoa 3 de Treviscoso	GA36061017	Treviscoso	Arqueolóxico	**517433.902**	**4709166.012**
Mámoa 2 de Treviscoso	GA36061002	Treviscoso	Arqueolóxico	**517651.180**	**4710407.039**
Mámoa 1 de Treviscoso	GA36061001	Treviscoso	Arqueolóxico	**517436.584**	**4709222.576**
Cruceiro do Querento	GA3606138232	O Foxo	Arqueolóxico	**518441.759**	**4709391.124**
Hórreo	GA3600643679	Gombra	Arqueolóxico	**519581.403**	**4709271.696**
Casa en Couto	A09	Couto	Arquitectónico	**519937.800**	**4710277.970**
Conxunto en Couto	A08	Couto	Arquitectónico	**519973.633**	**4710309.314**
Casa en Cabreiro	A07	Cabreiro	Arquitectónico	**520148.660**	**4710214.932**
Casa de D. Antonio Lorenzo	A06	Cabreiro	Arquitectónico	**520172.635**	**4710211.967**
Casa en Cabreiro 2	A05	Cabreiro	Arquitectónico	**520192.332**	**4710231.664**
Conxunto de construcións en Cuiña	A04	Cuiña	Arquitectónico	**517546.170**	**4708586.801**
Arco en Igrexa	A03	A Igrexa	Arquitectónico	**517865.109**	**4710004.921**
Casa Rectoral	A02	A Igrexa	Arquitectónico	**518031.771**	**4709593.256**
Templo Parroquial Sto. Estevo	A01	A Igrexa	Arquitectónico	**518108.022**	**4709611.136**
Cabaceiro en Igrexa	B17	A Igrexa	Etnográfico	**518048.796**	**4709565.380**
Cabaceiro en Mouzos	B16	Mouzós	Etnográfico	**518906.187**	**4709839.054**
Cabaceiro en Deiro	B15	Deiro de Abaixo	Etnográfico	**517475.314**	**4710839.709**
Cabaceiro en Igrexa	B14	A Igrexa	Etnográfico	**517930.220**	**4709240.258**
Cabaceiro en Cuiña	B13	Cuiña	Etnográfico	**517536.562**	**4708599.643**
Cabaceiro en San Bartolomeu	B12	San Bartolomeu	Etnográfico	**518935.837**	**4709875.166**
Capela de San Bartolomeu	B11	Mouzós	Etnográfico	**518889.194**	**4709786.140**

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Nome	*Código*	*Lugar*	*Patrimonio*	*Coord X*	*Coord Y*
Capela de Nosa Señora dos Remedios	B10	S. Estevo de Tremoedo	Etnográfico	**520117.913**	**4710489.515**
Pombal en Couto	B09	Couto	Etnográfico	**519917.143**	**4710338.136**
Pombal e Construción auxiliar	B08	Río Pequeno	Etnográfico	**518576.125**	**4709378.779**
Cruceiro de Couto	B07	Couto	Etnográfico	**519930.244**	**4710319.806**
Cruceiro en Cabreiro	B06	Cabreiro	Etnográfico	**520107.443**	**4710317.400**
Varal de Cruceiro en Río Pequeno	B05	Río Pequeno	Etnográfico	**518543.991**	**4709360.115**
Cruceiro de Igrexa	B04	A Igrexa	Etnográfico	**518051.551**	**4709446.902**
Cruceiro de Mouzós	B03	Mouzós	Etnográfico	**518776.211**	**4709659.687**
Cruceiro de San Bartolomeu	B02	San Bartolomeu	Etnográfico	**519000.099**	**4709903.065**
Cruceiro en Igrexa	B01	A Igrexa	Etnográfico	**517892.819**	**4708955.900**
Cruceiro da Garabulla	B18		Etnográfico	**518412.690**	**4709304.240**

4.3. ESQUEMA/ÍNDICE DA DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL (DIA)

A continuación amósase un resumo da Declaración de Impacto Ambiental, que será detallada no *Subanexo 11.3*.

- ÁMBITO DA DECLARACIÓN
- PROTECCIÓN DA ATMÓSFERA
- PROTECCIÓN DO SOLO
    a) **Fase de formulación**
        - Movementos de terras.
        - Rede de camiños
    b) **Fase de obras**
        - Materiais de préstamo e canteiras
        - Emprego de formigón
        - Parque de maquinaria
        - Xestión da maquinaria
- PROTECCIÓN DAS AUGAS E DOS ELEMENTOS ASOCIADOS
- XESTIÓN DE RESIDUOS
- PROTECCIÓN DA FAUNA, VEXETACIÓN E HÁBITATS
    a) **Fase de formulación**
        - Áreas con valores naturais
        - Pasos canadenses
    b) **Fase de obras**
        - Xestión e protección da vexetación
        - Protección da fauna acuática
        - Protección da avifauna
        - Afloramentos rochosos
        - Época das obras
- PROTECCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL
- INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA
    a) Proxecto de integración paisaxística

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

b) Deseño do novo parcelario

- OUTRAS CONDICIÓNS
  a) **Fase de formulación**
     - Medidas para a redución de impactos
     - Terreos forestais e montes veciñais
     - Coordinación coas figuras de planeamento urbanístico
  b) **Fases de obras e de explotación**
     - Límites da zona de concentración parcelaria
     - Servizos e servidumes
     - Deterioro de infraestruturas, instalacións ou servizos
     - Uso sostible do territorio
- PROGRAMA DE VIXILANCIA E SEGUIMENTO AMBIENTAL
  a) Fase de formulación
     - Patrimonio cultural
     - Redacción do programa de vixilancia e seguimento ambiental
     - Órganos a informar e documentación a remitir
  b) Fase de obras e informe final de obras
     - Programa de Vixilancia Ambiental

4.4. RESUMO DA DIA

- **ÁMBITO DA DECLARACIÓN:**

Proceso de Concentración Parcelaria nas parroquia sde Santo Estebo de Tremoedo e San Vicenzo de Oubiña.

- **PROTECCIÓN DA ATMÓSFERA**:

Cumprirase co disposto, na Lei 7/1997, do 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica, así como, no caso de que dispoña dela, na ordenanza municipal do Concello de Vilanova de Arousa ó respecto.

- **PROTECCIÓN DO SOLO**
  a) **Fase de formulación**
     - **Movementos de terras**

Definiranse zonas para o almacenamento das terras, estas, seleccionaranse tendo en conta os criterios ambientais, protexendo especialmente os seguinte elementos:

- Bosques aluviais de Alnus glutinosa e Fraxinus excelsior (Alno-Padion, Alnion-incanae, Salicion albae). Código 91E0*. (Hábitat Prioritario).
- Carballeiras galaico-portuguesas con Quercus robur e Quercus pyrenaica. Código 9230.
- Pequenos rodais de caducifolias, aínda que non constitúan carballeiras galaico-portuguesas con Quercus robur e Quercus pyrenaica
- Ámbito do dominio público hidráulico, incluíndo zonas de servidume e policía de leitos.
- Elementos do patrimonio cultural, incluíndo os seus ámbitos de protección

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- **Rede de camiños**

O deseño deberá ter en conta sempre na medida do posible as seguintes medidas: Aproveitamento das trazas dos camiños existentes, evitando camiños rectilíneos con grandes movementos de terras, tratando sempre de adaptarse á topografía existente; o ancho dos camiños non superará (incluíndo cunetas) os 6 metros en accesos agrícolas e os 8 metros nos que comuniquen núcleos; evitarase tamén no máximo posible o uso de ramais cegos.

b) **Fase de obras**

- **Materiais de préstamo e canteiras**

Procurase, no caso de que faga falta este tipo de material, que proceda de plantas de reciclaxe de residuos de construción e demolición. Non se efectuarán préstamos da propia zona, e no caso de que se fagan por algún motivo específico, deberán ser enchidos para evitar a creación de ocos innecesarios, salvo casos xustificados. Deberase revisar a procedencia da terra vexetal (se se necesita traer de fóra do extraído). Revisarase, no caso de que se deba facer algún tipo de voadura, que non se produza a proxección de rocha ó contorno, e no caso, retirala a un lugar autorizado.

- **Emprego de formigón**

De ser preciso, tratarase de traelo feito en planta, para evitar a xeración de residuos no proceso de elaboración (sacos, pó...).

- **Parque de maquinaria**

Situaranse nun emprazamento de baixo valor ambiental, con pouca pedente e afastado dos cursos de auga e de xacementos arqueolóxicos; tamén se intentará que non estea excesivamente preto dos núcleos de poboación, para minimizar posibles molestias.

- **Xestión da maquinaria**

Os labores de limpeza, mantemento e reparación da maquinaria de obra realizaranse en talleres autorizados sempre que sexa posible, eliminando así o risco de derrames accidentais de substancias contaminantes. Cando isto non sexa posible polas características da maquinaria (con mobilidade restrinxida ou non apta para circular por estrada), as tarefas realizaranse na zona destinada a parque de maquinaria.

- **PROTECCIÓN DAS AUGAS E DOS ELEMENTOS ASOCIADOS**

Toda actuación ou afección no dominio público hidráulico ou na súa zona de servidume e policía, así como calquera captación ou vertedura se é o caso, precisará da autorización ou permiso do organismo de cunca competente, neste caso Augas de Galicia.

Non se afectarán, ou serán repostas na súa totalidade, as instalacións ou servizos de abastecemento de auga, saneamento ou calquera outro amparado pola lexislación hidráulica que se atopen na zona afectada pola concentración parcelaria.

Extremaranse as precaucións na execución de obras en zonas nas que se poida afectar á rede hidrolóxica, charcas, humidais, zonas hidromorfas ou con vexetación de interese, adoptando todas as medidas necesarias para a súa preservación.

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- **XESTIÓN DE RESIDUOS**

Todos os residuos que se xeren deberán ser xestionados en función da súa natureza e conforme á lexislación vixente, primando a reciclaxe ou reemprego fronte á vertedura.

Na xestión da biomasa vexetal eliminada primarase a valoración, evitando a queima in situ destes restos, que de ser o caso deberá contar coa preceptiva autorización.

- **PROTECCIÓN DA FAUNA, VEXETACIÓN E HÁBITATS**

a) **Fase de formulación**

- **Áreas con valores naturais**

Serán obxecto de especial atención no tocante a súa preservación e adopción de todas as medidas protectoras e correctoras necesarias, así como obxecto dun intenso seguimento e vixilancia ambiental, os elementos e áreas sensibles sinalados no punto 3.1.1 da DIA, que deberán ser balizados ou sinalizados durante o replanteo da obra.

Así mesmo, no caso de detectar algún valor natural non considerado ata o momento (para o cal se efectuarán as prospeccións previas que resulten oportunas), procederase a súa delimitación e á adopción das medidas precisas para garantir a súa preservación, comunicando o achádego ó correspondente Servizo Territorial de Conservación da Natureza.

consideraranse elementos e áreas sensibles a conservar o máximo posible: O contorno dos curso fluviais e a súa vexetación de ribeira (10 m a cada lado do leito, dende a liña de máxima enchente); Ás árbores sigulares, as sebes e os lindeiros arborados de límite de parcelas, corredores ecolóxicos, as especies vexetais e faunísticas incluídas nos catálogos nacional e galego de especies ameazadas, os valados pétreos, a paisaxe tradicional galega e calquera outra área ou zona identificada como de interese ambiental no estudo de impacto ambiental.

- **Pasos canadenses**

No caso de que nalgún dos camiños sexa necesario habilitar pasos canadenses para impedir o paso de gando, deberán preverse medidas que posibiliten o escape dos pequenos vertebrados que poidan caer ó foxo, podendo consistir, sen prexuízo doutras igualmente efectivas, nunha rampla de subida ou facer o foxo cun ou cos dous laterais abertos.

b) **Fase de obras**

- **Xestión e protección da vexetación**

A eliminación de vexetación reducirase ó estritamente necesario, En relación coa preservación do arboredo, estarase ó indicado no estudo ambiental e o establecido na DIA.

- **Protección da fauna acuática**

Extremaranse as precaucións na execución de obras nas zonas de potencial afección á rede hidrolóxica (sexan directas ou indirectas, por cruzamento de pistas ou por movementos de terras nas proximidades dos leitos) de xeito que se evite calquera efecto

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

negativo sobre a rede fluvial.

- **Protección da avifauna**

Verificarase a ausencia de avifauna nidificante de interese nos pés e ámbitos implicados. No caso de detectarse a nidificación, adoptaranse as medidas oportunas para que poidan finalizar con éxito o período reprodutor. En especial, vixiaranse as aves rapaces.

- **Afloramentos rochosos**

Se na zona de concentración existisen afloramentos rochosos con interese xeomorfolóxico ou paisaxístico, deberán ser respectados, sen que se vexan afectados polas obras.

- **Época das obras**

Evitarase que as obras coincidan coas épocas de maior afección ó ciclo vital das especies sensibles presentes na zona de concentración. O calendario de obras deberá elaborarse tendo en conta os devanditos períodos.

- **PROTECCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL**

Non se poderán executar pistas de novo trazado e ampliación das existentes nas áreas de protección integral dos elementos do patrimonio cultural.

No deseño dos proxectos de rede viaria, de concentración parcelaria e de acondicionamento de fincas deberán terse en conta, procurando a adopción das medidas oportunas para a súa conservación, preservación e recuperación, os antigos camiños e corredoiras, valados de pedra, muros de peche tradicionais.

Sempre que sexa técnica e economicamente posibles os elementos etnográficos como fontes, lavadoiros, cruceiros, pasadoiros, pozos, muíños, etc, deberán quedar en masas comúns.

En base ós resultados das actuacións arqueolóxicas en cada unha das fases da obra, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, como organismo competente na materia, decidirá sobre a conveniencia de establecer outras medidas de protección.

Os traballos arqueolóxicos levaranse a cabo por técnicos arqueólogos competentes, de acordo coa Lei de Patrimonio Cultural de Galicia.

- **INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA**
  - **a) Proxecto de integración paisaxística**

As especies a empregar serán autóctonas, compatibles co hábitat no que se van a implantar e compatibles entre si no espazo e no tempo.

No caso de que fora precisa a eliminación dalgún pé de especies arbóreas autóctonas procurarase que sexan replantadas na media do posible, empregándoas na restauración. De todos modos recoméndase a súa preservación, actuando unicamente sobre exemplares mortos ou moi enfermos.

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Maximizarase a diversidade da zona de restauración, tendo sempre presentes as superficies a restaurar e os hábitats presentes.

Previamente á execución das obras retirarase e acumularase a capa superior de terra vexetal (15-30 cm) para o seu posterior emprego nos labores de restauración. Estes acopios realizaranse ó longo da traza dos camiños en montóns de altura non superior a 1,5 metros, para facilitar a súa aireación.

No caso de precisar achegas externas de terra vexetal para os labores de restauración, esta non se poderá extraer de áreas onde se atope consolidada e integrada no medio, debendo proceder de amoreamentos ou zonas debidamente autorizadas.

Previamente á revexetación efectuarase un acondicionamento do terreo, procedendo a súa descompactación e laboreo superficial, retirando o exceso de pedregosidade e estendendo a terra vexetal previamente amoreada.

Os labores de restauración desenvolveranse paralelamente ó avance da obra sempre que sexa posible, co fin de lograr o máis pronto posible a integración paisaxística das zonas alteradas polas obras. Vixiarase a evolución da revexetación efectuada, procedendo á reposición das calvas e/ou marras que puideran aparecer nas sementeiras, hidrosementeiras e/ou plantacións efectuadas.

b) Deseño do novo parcelario

No deseño do novo parcelario favorecerase a integración paisaxística dos predios resultantes mediante a conservación do maior número posible de elementos lineais de interese ambiental como lindes arborados, valados de pedra, sebes, etc. Para isto procurarase axustar a maior lonxitude posible de lindeiros dos predios de substitución ós citados elementos

- OUTRAS CONDICIÓNS
  a) **Fase de formulación**
     - **Medidas para a redución de impactos**

Desenvolveranse as medidas necesarias para evitar posibles impactos asociados á fase de formulación, como poden ser a aparición de edificacións, construcións diversas ou peches, as cortas indiscriminadas de vexetación, o abandono, modificación ou intensificación abusiva de cultivos, as roturacións de terras, etc., motivados pola incerteza dos propietarios sobre a futura titularidade das parcelas.

- **Terreos forestais e montes veciñais**

Dado que o Monte Veciñal en Man Común de Tremoedo se atopa na zona de concentración compre indicar o seguinte:

Como consecuencia do proceso de concentración mellorarase a definición dos lindeiros dos montes afectados, mediante a eliminación de encravados ou de saíntes no perímetro exterior dos montes.

A produtividade forestal e a superficie dos terreos adquiridos polas comunidades

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

veciñais propietarias como consecuencia da concentración deberá ser como mínimo igual á dos terreos que se vexan na obriga de ceder.

- **Coordinación coas figuras de planeamento urbanístico**

Velarase pola protección dos valores naturais, patrimoniais e paisaxísticos de interese local e a compatibilidade do proceso de concentración parcelaria, en especial do plan forestal e/ou de cultivos, coas figuras do planeamento vixentes do concello. de Vilanova de Arousa, a través do seu representante na Xunta Local de Concentración Parcelaria (de acordo co establecido no Título II: Normas Orgánicas da Lei de Concentración Parcelaria) velará polo cumprimento desta condición.

b) **Fases de obras e de explotación**

- **Límites da zona de concentración parcelaria**

Levarase a cabo un control topográfico dos límites da zona de concentración, dos predios de substitución e da traza dos camiños de concentración, que se axustarán ó contido dos documentos ós que se fai referencia no punto 10.1 da DIA, evitando afeccións fóra destes límites.

- **Servizos e servidumes**

Manterase a permeabilidade territorial da zona, conservando durante a fase de execución os servizos e servidumes de paso que existan na actualidade.

- **Deterioro de infraestruturas, instalacións ou servizos**

Se durante o proceso de concentración parcelaria se afectasen estradas, camiños ou calquera outra infraestrutura, instalación ou servizo preexistente non contemplados nos proxectos (incluíndo as posibles modificacións dos proxectos), deberán restituírse ó estado previo ó inicio das obras.

- **Uso sostible do territorio**

Promoverase o desenvolvemento sostible da zona concentrada mediante a adopción de criterios de sostibilidade ambiental no acondicionamento e uso das parcelas asinadas a cada propietario.

O plan de cultivos que se elabore no contexto da concentración parcelaria deberá estar axeitado ás características agrolóxicas da terra, respectando os valores naturais locais identificados no estudo de impacto e na DIA.

- **PROGRAMA DE VIXILANCIA E SEGUIMENTO AMBIENTAL.**

Detallado no Subanexo correspondente con todos os elementos que se deben incluír neste documento de seguimento ambiental.

5. NORMAS CONSTRUTIVAS

Ademais das especificadas no Prego de Prescricións do presente Proxecto, teranse en conta as seguintes:

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- Os camiños afirmados faranse logo de quedar totalmente terraplenados e compactados ata a altura da rasante.
- Se no transcurso das obras aparecese algunha canteira, que, por causas xustificadas puidese interesar explotar, poderase, a xuízo do Director das Obras, autorizar o emprego do material obtido nela.
- Como norma xeral, adóptanse noiros en desmontes e terrapléns de pendente 2/3 e 3/2, respectivamente.
- Os terrapléns executaranse por tongadas de espesor acorde coa maquinaria a empregar para alcanzar a densidade esixida, debendo ser consolidada cada tongada antes de engadir a seguinte.
- A capa vexetal superficial, non será utilizada para a compensación de terras e verterase fóra dos límites da área de explanación do camiño ou estenderase sobre as leiras colindantes en época fóra de cultivo.
- Os formigóns executaranse coa resistencia característica que figura nos cadros de prezos e estado de medicións, quedando totalmente prohibido o emprego de saburra, ou revoltón natural, o cal soamente poderá empregarse cando, extraído de leitos de ríos e efectuada a súa clasificación en presencia do Director das Obras, ou persoa en quen delegue, se comprobe que a súa clasificación natural, corresponde exactamente ao previsto nos cadros de prezos. Noutro caso, deberá cribarse e dosificarse volumétricamente, de acordo coas características do formigón.
- A apertura de cunetas en cada camiño, deberá realizarse inmediatamente logo da explanación do camiño en cuestión, co obxecto de defendelo de posibles asolagamentos debidos ás augas superficiais.
- A contrata deberá axustarse estritamente ós prazos parciais e total de execución das obras que figuran no Prego de Condicións Administrativas de contratación que rexe para o Proxecto.
- A efectos da súa medición e abono, corresponde á Dirección das Obras catalogar todo o que expresamente non estivese establecido no Prego de Prescricións Técnicas Particulares, para o que se regulara polas normas contidas na lexislación vixente aplicable a este tipo de obras

A rede viaria actualmente existente poderá ser aproveitable naqueles tramos que teñan un trazado adecuado e un firme aceptable, aínda que deberá ser mellorada en diferentes aspectos como é o seu propio trazado, pendente, limpeza e ensanche dos camiños, así como na achega de material granular e obras de fábrica correspondentes. Cabe salientar que en ningún dos camiños existentes se poderá deixar o firme tal e como está actualmente.

6. DISPOSICIÓNS NORMATIVAS MEDIO AMBIENTAIS

- Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) do Concello Vilanova de Arousa, aprobado definitivamente o 14 de Marzo do 1997, Publicado no BOP o 5 de Maio do 1997, no DOG o 28 de Maio do 1997 e entrou como Normativo o 5 de Maio do 1997.

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- Declaración de Impacto Ambiental Formulada pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental en data 6 de Outubro de 2010, relativa á concentración Parcelaria da Parroquia de Santo Estebo de Tremoedo, (Vilanova de Arousa, Pontevedra) Promovida pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural (Clave: 2007/0150).
- Estudio de Impacto Ambiental titulado: ESTUDIO DE IMPACTO AMBIENTAL DA ZONA DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE TREMOEDO (VILANOVA DE AROUSA – PONTEVEDRA). Revisado pola Consellería do Medio Rural e publicado en Decembro de 2005.
- Lei 4/2015, do 17 de Xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia.
- Lei 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sostible do medio rural.
- Directiva 97/68/CCE, do 16 de decembro, referida ó control das emisións de dióxido de nitróxeno (NO2), partículas e fumes negros e outros contaminantes.
- R.D. 849/1986, do 11 de abril, polo que se rixe o Regulamento do Dominio Público Hidráulico, (Modificado por R.D. 367/2010, R.D. 9/2008, R.D. 1620/2007, R.D. 606/2003, Resolución do 21 de novembro de 2001, R.D. 1771/1994, R.D. 419/1003 e R.D. 1315/1992).
- Decreto 174/2005, de 7 de decembro, polo que se regula a Autorización e notificación de produtor e xestor de residuos de Galicia.
- R.D. 833/1988, do 20 de xullo, de Residuos perigosos, e a súa modificación mediante o R.D. 952/1997, do 20 de xuño.
- Decreto 130/1997, de 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos Ecosistemas acuáticos continentais, e de maneira particular todo o sinalado no anexo V de dito decreto respecto á calidade das augas.
- Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa, aprobado polo Real decreto 11/2016, do 8 de xaneiro, polo que se aproban os plans hidrolóxicos das demarcacións hidrográficas de Galicia-Costa, das concas mediterráneas andaluzas, do Guadalete-Barbate e do Tinto, Odiel e Piedras.
- Lei 9/2001, do 21 de agosto, de Conservación da Natureza, (D.O.G. nº 171 de 4/9/2001).
- R.D. Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Augas.
- Lei 5/2016, do 4 de Maio, de Patrimonio Cultural de Galicia.
- ORDE CIRCULAR 2/2017, pola que se regulan os accesos na rede autonómica de estradas de Galicia.

7. CONCLUSIÓNS

Tal e coma se pode observar nos anexos: 9, de Medidas de Protección Ambiental e Integración Paisaxística, 10, de medidas de protección de patrimonio e 11, matriz de condicionantes ambientais e patrimoniais; e en cumprimento dos estudios ambientais previos, para un correcto desenvolvemento medioambiental das obras previstas, todas as medidas correctoras necesarias se toman acorde cos condicionantes técnico-ambientais establecidos polo Servizo de Estruturas e Infraestruturas Agrarias da

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Consellería de Medio Rural, incidindo principalmente na Declaración de Impacto Ambiental do 6 de Outubro do 2010.

Tendo en conta que:

- **As posibles afeccións ambientais, están reflexadas na memoria e nos anexos, tomándose as correspondentes medidas de cautela de cara á preservacións dos valores que representan os bens e paraxes afectados, sempre á espera das observacións ó respecto que podan realizar os organismos con competencia na materia.**
- **Para as afeccións patrimoniais e ambientais que puideran xurdir na Fase de Execución dos camiños están identificadas, cuantificadas, valoradas e definidas, para a súa minimización, as correspondentes Medidas de Protección.**
- **As Medidas Correctoras e de Integración Paisaxística adoptadas son as necesarias e esixidas para o cumprimento medioambiental e patrimonial da Obra.**
- **Facer especial mención ó Anexo 11 (de Matriz de Cumprimento da DIA) e os seus Subanexos, onde se detallan, esquematizan e se verifican todos os puntos referidos ós condicionantes técnico – ambientais do Proxecto.**
- **A continuación axúntase unha táboa na que aparecen en cor vermello as incidencias e en verde os camiños que non provocan afeccións.**

TABOA RESUMO DE AFECCIÓNS				
Nome	**Lonx. Eixo**	**Ambiental**	**Patrimonial**	**Policía**
S5	36,25	NON	SI	SI
S6	179,63	NON	NON	NON
S10_tramo II	64,09	NON	NON	NON
S12	104,27	NON	NON	NON
S13	125,74	NON	NON	NON
S14	149,06	NON	NON	SI
S16	79,27	NON	NON	SI
S17	90,00	NON	SI	NON
S23	279,29	NON	NON	SI
S24	64,59	NON	NON	SI
S25	177,30	NON	NON	SI
S26	164,46	NON	NON	SI
S28	149,61	NON	NON	NON
S29	35,35	NON	NON	NON
S30	322,76	NON	NON	SI
S31	84,00	NON	NON	SI
S32	448,04	NON	NON	SI
S34	281,07	NON	NON	SI

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

TABOA RESUMO DE AFECCIÓNS				
Nome	**Lonx. Eixo**	**Ambiental**	**Patrimonial**	**Policía**
S35	56,33	NON	SI	SI
S38	98,11	NON	NON	SI
S39	125,52	NON	NON	SI
S40	538,64	NON	NON	SI
S41	198,71	NON	SI	SI
S42	141,62	NON	NON	SI
S43	28,27	NON	NON	NON
S51	106,82	NON	NON	NON
S53	161,97	NON	NON	SI
S56	127,06	NON	NON	SI
S65	15,00	NON	NON	SI
S68	42,94	NON	NON	SI
S69	36,48	NON	NON	NON
S70	1088,26	NON	SI	SI
N-1	122,15	NON	SI	SI
N-2	151,45	NON	SI	NON
N-3	827	NON	NON	SI
N-4	250,29	NON	NON	SI
N-5	51,25	NON	NON	SI
N-6	29,79	NON	SI	SI
N-8	45,54	NON	NON	SI
N-9	174	NON	NON	SI
N-10	195,97	NON	NON	SI
N-11	82,15	NON	NON	SI
N-12	36,36	NON	NON	SI
M1	20	NON	SI	SI
M2	20	NON	NON	SI
C2.1	48,88	NON	NON	NON
CSN.1	100,66	NON	SI	SI

CONCLÚESE que a Obra recollida no do ***"Proxecto 2ª fase de camiños secundarios e mellora de entradas aos predios de substitución nas zonas de concentración parcelaria de Tremoedo e Oubiña 2º Sector (Vilanova de Arousa, Cambados – Pontevedra)"*** á espera das observacións ó respecto que podan realizar os organismos con competencia na materia, cumpre co esixido na Normativa Ambiental e Patrimonial vixente e rexedora para este tipo de actuacións.

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

SUBANEXO 11.1

TÁBOA DE AFECCIÓNS

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

TÁBOA DE AFECCIÓNS AMBIENTAIS E PATRIMONIAIS DOS CAMIÑOS SECUNDARIOS:

Nome	Lonx. Eixo	Ancho Plataforma	Sección Tipo	Afección. PK Inicial	Afección. PK Final	Afección. Lonxitude	Código Afección	Nome Afección	Tipoloxía	Situación Actual	Actuación
S17	90.00	3	I	0+000.00	0+090	90	GA36061002	Mámoa 2 de Treviscoso	Ampliación plataforma existente	**Camiño asfaltado donde se contempla o enanche para facilitar o tráfico de maquinaria agrícola e local.**	**Ampliarase o camiño actual ata acadar a sección tipo, mellorando desta maneira o firme que posúe na actualidade. Non vai a afectar a ningún elemento protexido debido a que discorre paralelo ao camiño existente.**
S35	50.00	3	I	0+025.00	0+050.00	25	GA36006002	Castro das sete pias	Nova Apertura	**Camiño de nova apertura en terreno natural para dar acceso a maquinaria agrícola a un tramo aperturado na fase anterior.**	**Executarase o movemento de terras ata acadar a sección tipo, mellorando desta maneira tanto o firme como a evacuación das augas. Non vai a afectar a ningún elemento protexido debido a que discorre polo perímetro da área de cautela.**
S41	198.110	3	I	0+129.000	0+198.110	69.11	GA3600643679	Cruceiro do Querento	Nova Apertura	**Camiño de terra que non pode albergar o tráfico de maquinaria agrícola debido ó seu mal estado.**	**Ampliarase o camiño actual ata acadar a sección tipo, mellorando desta maneira tanto o firme como a evacuación das augas que posúe na actualidade. Non vai a afectar a ningún elemento protexido debido a que discorre por este camiño existente.**
S70	795.00	8	II	0+280.000	0+323.000	43.0	GA3606138232	Hórreo Cruceiro da Garabulla	Mellora existente	**Camiño existente. Apertura en fase anterior**	**Desbroce marxenes tractor de brazo, aporte de Zahorra artificial e execución de asfaltado en triple rega.**
CSN.1	101.00	3	I	0+030.00	0+101.00	70.00	-	Muiño rio Pequeno	Nova Apertura	**Camiño de terra que non pode albergar o tráfico de maquinaria agrícola debido ó seu mal estado.**	**Ampliarase o camiño actual ata acadar a sección tipo, mellorando desta maneira tanto o firme como a evacuación das augas que posúe na actualidade. Non vai a afectar a ningún elemento protexido debido a que discorre por este camiño existente.**
TOTALES	**1.234,11**										
Unidades	**m**		**m**								

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

TÁBOA DE AFECCIÓNS RELATIVAS Á HIDROLOXÍA DOS CAMIÑOS SECUNDARIOS:

Nome	Lonx. Eixo (m)	Nome Regato	Tipoloxía	Zona de Policía	Zona de Policía Inicio	Zona de Policía Fin	Cruza o curso	OBSERVACIONES
S5	36.250	Rego de Tarrío	Nova Apertura	36.250	0+000.00	0+036.25	NON	
S6	179.63		Nova Apertura					
S10_TrII	64,09		Nova Apertura					
S12	104.27		Nova Apertura					
S13	125.74		Nova Apertura					
S14	149.059	Rego de Tarrío	Nova Apertura	149.059	0+000.00	0+149.059	SI	Cálculos de conca e da obra de paso necesaria no Anexo 5 do presente Proxecto.
S16	79.27		Nova Apertura	79.27	0+000.00	0+079.27	SI	Cálculos de conca e da obra de paso necesaria no Anexo 5 do presente Proxecto.
S17_prolog	90		Nova Apertura					
S23	279.29		Nova Apertura	87.00	0+000.00	0+87.00	SI	Cálculos de conca e da obra de paso necesaria no Anexo 5 do presente Proxecto.
S24	64.59		Nova Apertura	64.59	0+000.00	0+064.59	NON	
S25	177.30		Nova Apertura	177.30	0+000.00	0+177.30	SI	Cálculos de conca e da obra de paso necesaria no Anexo 5 do presente Proxecto.
S26	164.46		Nova Apertura	164.46	0+000.00	0+164.46	NON	
S28	149.61		Nova Apertura					
S29	35.35		Nova Apertura					
S30	322.76		Mellora	35,70	0+0.000	0+35.70	NON	
S31	84.00		Nova Apertura	84.00	0+000.00	0+084.00	NON	
S32	448.04		Nova Apertura	302.000	0+081.00	0+383.00	SI	Cálculos de conca e da obra de paso necesaria no Anexo 5 do presente Proxecto.
S34	281.07		Nova Apertura	281,07	0+000.00	0+281.07	NON	
S35_conex	56.33		Nova Apertura					
S38	98.11	Rego da Lobeira	Nova Apertura	98.111	0+000.00	0+098.11	NON	
S39	125.52	Rego da Lobeira	Nova Apertura	125.52	0+000.00	0+125.52	NON	
S40	538.64		Mellora	113.346	0+479.95	0+538.65	NON	
S41	198.71	Rego da Lobeira	Nova Apertura	198.710	0+000.00	0+198.71	NON	
S42	141.62	Rego da Lobeira	Nova Apertura	141,62	0+000.00	0+141,62	NON	
S43	28.27		Nova Apertura					
S51	106.82		Nova Apertura					
S53	161.97		Nova Apertura	161.97	0+000.00	0+161.97	NON	
S56	127.06		Nova Apertura	127.06	0+000.00	0+127.06	NON	
S65	15		Mellora acordo	15	0+000.00	0+015.00	NON	
S68	42.94	Rego do Sisto	Nova Apertura	42.942	0+000.00	0+042.94	NON	
S69	36.48		Nova Apertura					
N1	122.15		Mellora	78.541	0+000.00	0+078.54	SI	Cálculos de conca e da obra de paso necesaria no Anexo 5 do presente Proxecto

CVE: wvMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Nome	Lonx. Eixo (m)	Nome Regato	Tipoloxía	Zona de Policía	Zona de Policía Inicio	Zona de Policía Fin	Cruza o curso	OBSERVACIONES
N2	151.45 8		Nova apertura					
N3	827.00		Nova apertura	827.00	0+000.00	0+827.00	SI	Cálculos de conca e da obra de paso necesaria no Anexo 5 do presente Proxecto.
N4	250,29		Nova apertura	250,29	0+000.00	0+250.29	SI	Cálculos de conca e da obra de paso necesaria no Anexo 5 do presente Proxecto.
N5	51.25		Nova apertura				NON	
N6	29.79		Nova apertura	29.79	0+000.00	0+029.79	NON	
N8	45.54		Nova apertura	45.54	0+000.00	0+045.54	NON	
N9	174		Asfaltado	174.00	0+000.00	0+174.00	NON	
N10	195.97		Nova apertura	153.47	0+042.50	0+153.47	SI	Cálculos de conca e da obra de paso necesaria no Anexo 5 do presente Proxecto
N11	82.15		Nova apertura	82.15	0+000.00	0+082.15	SI	Cálculos de conca e da obra de paso necesaria no Anexo 5 do presente Proxecto
N12	36.36		Nova apertura					
S70_MELLORA	323.39		Mellora	323.39	0+000.00	0+323.39	NON	
S70_ASFALTADO	764.87		Asfaltado	323.39	0+000.00	0+329.39	NON	
M1	20		Mellora cuneta	20.00	0+0.000	0+20.00	NON	
M2	2X20 m2		Mellora_blandóns				NON	
C2.1	48.88		Nova Apertura					
CSN.1	100.66		Nova Apertura	100,66	0+000.00	0+100.66	NON	
3542,67 m								
m								

CVE: wvMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

SUBANEXO 11.3

PLANOS AFECCIONES

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

516000 517000 518000 519000 520000 521000

4711000 4710000 4709000 4708000

N

Hórreo
Conxunto de fonte, lavadoiro e pontella
Pazo de Bellavista
Circuito lítico de Monte Lobeira
Mámoa de Monte Lobeira
Mámoa de Monte Lobeira
Cruceiro
Igrexa de Solobeira (Parroquial San Fins)
Cruceiro de Serantes
Hórreo
Hórreo
Hórreo
Lavadoiro
Capela dos Remedios
Cruceiro de Pereiro
Cruceiro de Cabreirós
Cruceiro
Hórreo
Cruceiro do Cepto
Hórreo
Cruceiro de San Miguel
Hórreo
Hórreo
Igrexa de Deiro (Parroquial de San Miguel)
Cruceiro de Igrexa
Igrexa de San Fiz de Solobeira
Castro de Tremoedo
Castro de Mozorín
Gravado da Igrexa
Pazo de Gran Bazán
Mámoa de Monte Treviscoso I-7
Mámoa de Monte Treviscoso I-6
Mámoa de Monte Treviscoso I-5
Mámoa de Monte Treviscoso I-3
Mámoa de Monte Treviscoso I-4
Mámoa de Monte Treviscoso I-2
Mámoa de Monte Treviscoso I-1
Casa reitoral
Hórreo
Cruceiro da Igrexa 1
Hórreo
Cruceiro da Igrexa 2
Cruceiro de San Bartolomeu
Hórreo
Hórreo
Cruceiro de Bouzas
Hórreo
Cruceiro da Garabuña
Pombal
Hórreo
Cruceiro en Mouzos
Muíño en Río Pequeno
Muíño en Río Pequeno
Antigo muíño de auga
Cruceiro de Pontearnelas
Hórreo
Capela de Santa Marta
Hórreo
Ponte de Pontearnelas
Ponte de Ponteamelas
Pombal en Bouza
Bouza do Rei
Mirá en Bouza do Rei
Cruceiro anta a Igrexa de Sobreiro
Hórreo
Hórreo
Hórreo
Hórreo
Hórreo
Via Crucis
Cruz
Casa reitoral de Oubiña
Casa en Sobeiro
Pazo de San Ramón
Hórreo
Hórreo
Hórreo
Hórreo
Hórreo
Hórreo en Outeiro
Cruceiro do Outeiro
Lavadoiro en Balsiña
Cruz no Castro de Santa Marina
Hórreo
Hórreo
Hórreo
Hórreo
Hórreo
Hórreo
Muíño en Abgoteira
Hórreo
Hórreo
Hórreo
Ponte de Sobeiro
Casa en Balsiña
Hórreo
Ponte en Balsiña
Lavadoiro en San Antón
Muíño en Balsiña
Cruceiro en Abgoteira
Hórreo
Hórreo
Casa en Campo da Vila
Ponte de Campo de Vila
Lavadoiro en Campo da Vila
Hórreo
Portón Finca Padín
Muíño de Padín
Hórreo da Casa Padín
Casa Padín
Pombal da Casa Padín
Cruceiro no Casal
Hórreo
Casa en Xieles
Cruceiro en Xieles
Hórreo en Xieles
Casa reitoral de Corvillón
Igrexa de Corvillón (Parroquial de San Mamede)
Pombal en Casa da Maza
Casa da Maza
Fonte e lavadoiro
Hórreo
Casa en Cereixa
Hórreo
Casa en Cereixeira
Hórreo
Ponte en Cereixa
Casa en Cereixeira
Hórreo
Hórreo
Hórreo
Hórreo
Hórreo
Portón Finca
Hórreo
Cruceiro de San Antón
Ermida de Santo Antón Padín
Antiga casa reitoral de Vilariño (Casa da Ermida de Santo Antón)
Petroglifo do Con das Sete Pías
Castro das Sete Pías/O Con das Sete Pías
Casa
Hórreo en Terra Santa

S5 S14 S16 S6 N12 S10 tramo II S17 prolongación S12 S13 S7 N3 tramo III N3 tramo II N3 tramo I S42 S43 S51 S68 S69 N5 S53 N6 S56 N10 M3 M2 S70 Prolongación S23 S40 N9 S24 S25 S26 N4 S41 S39 S38 S37 S36 C2.1 CSN.1 S70 S28 S29 N2 tramo II N2 tramo I S30 S31 S32 M1 S34 N1 S35

A ROCHELA DEIRO DE ABAIXO DEIRO DE ARRIBA TRAVESELAS BAÑAS DE ARRIBA BAÑAS DE ABAIXO Polígono Industrial de Tremoedo A CANCELIÑA A IGREXA CUIÑA MOUZOS BUSTELO SAN BARTOLOMEU VILANTES GOMBRA AS TRAVESAS O COUTO SANGUIÑEDO

Lenda

- 03ACS_202312_PC_Catalogo_Elementos
- Eixos camiños 2º FASE
- Camiños 1ºFase
- Cuencas Tremoedo
- Parcelas_Cordóns
- Rampa_en_terraplén
- Rampa_en_desmonte
- Acordo Tremoedo
- ACORDO OUBIÑA
- ZCP de Tremoedo
- Xacementos catalogados
- Resto patrimonio catalogado
- Contorno de Proteccion Xacementos catalogados
- Contorno de Proteccion resto patrimonio catalogado

XUNTA DE GALICIA — Cofinanciado pola Unión Europea — Goberno de España · Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación

Proxecto: "2ª FASE DE CAMIÑOS SECUNDARIOS E MELLORA DE ENTRADAS AOS PREDIOS DE SUBSTITUCIÓN NAS ZONAS DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE TREMOEDO E OUBIÑA 2ª SECTOR. (Vilanova de Arousa, Cambados- Pontevedra)"

Situación	Escala:	Data:
Vilanova de Arousa e Cambados (Pontevedra)	1:7.000	Data da sinatura dixital

Plano: AFECCIÓN PATRIMONIO CULTURAL

Autor Proxecto:	Visto e prace	Folla:
Emilio Mera González Enxeñeiro Técnico Agrícola	María José Pérez Gil Xefa do Servizo de Infraestruturas Agrarias de Pontevedra	1/1

900 450 0 900 Metros

CRS: ruMORKVNO81
Verificación: https://sede.xunta.gal/csv

516500 518000 519500 521000

4710500 4709000

N

S5 S14 S16 S6 N12 S10_tramo II S17 prolongación S12 S13 N3 tramo III N3 tramo II N3 tramo I S70 Prolongación S23 N9 S24 S25 S26 S40 N4 S39 S38 S41 S42 S43 S44 S45 N10 M3 N8 M2 S51 N5 S68 S69 S53 N6 S56 S28 S29 N2 tramo II N2 tramo I S30 S31 S32 M1 S34 S35 N1 CSN.1 C2.1 S70

A ROCHELA DEIRO DE ABAIXO DEIRO DE ARRIBA TRAVESELAS RAÑAS DE ARRIBA RAÑAS DE ABAIXO Polígono Industrial de Tremoedo A CANCELIÑA Pozo Gran Bozón MOUZOS SAN BARTOLOMEU BUSTELO VILANTES SANGUIÑEDO O COUTO AS TRAVESAS GOMBRA A IGREXA O FOXO CUIÑA

Lenda

- Camiños 1ºFase
- Eixos camiños 2º FASE
- Parcelas_Cordóns
- Rampa_en_terraplén
- Rampa_en_desmonte
- Acordo Tremoedo
- ACORDO OUBIÑA
- ZCP de Tremoedo
- Eléctrica
- Estatais Alta Capacidade
- Afección Estatais Alta Capacidade
- Estatais Convencionais
- Afección Estatais Convencionais
- Autonómicas Alta Capacidade
- Afección Autonómicas Alta Capacidade
- Autonómicas Convencionais
- Afección Autonómicas Convencionais
- Deputacion
- Afección Deputacion

XUNTA DE GALICIA — Cofinanciado pola Unión Europea — GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA Y ALIMENTACIÓN

Proxecto: "2ª FASE DE CAMIÑOS SECUNDARIOS E MELLORA DE ENTRADAS AOS PREDIOS DE SUBSTITUCIÓN NAS ZONAS DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE TREMOEDO E OUBIÑA 2º SECTOR. (Vilanova de Arousa, Cambados- Pontevedra)"

Situación	**Escala:**	**Data:**
Vilanova de Arousa e Cambados (Pontevedra)	1:7.000	Data da sinatura dixital

Plano: AFECCIÓN CARRETERAS E ENERXIA

Autor Proxecto:	**Visto e prace**	**Folla:**
Emilio Mera González **Enxeñeiro Técnico Agrícola**	María José Pérez Gil **Xefa do Servizo de Infraestruturas Agrarias de Pontevedra**	1/1

900 450 0 900 Metros

CVE: wvMGBvNTNCR0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

509000 512000 515000 518000 521000 524000 527000 530000

4715000 4712000 4709000 4706000 4703000

N

BOIRO

A POBRA DO CARAMIÑAL

A POBRA DO CARAMIÑAL

A ILLA DE AROUSA

VILAGARCÍA DE AROUSA

CALDAS DE REIS

MORAÑA

PORTAS

VILANOVA DE AROUSA

CAMBADOS

RIBADUMIA

MEIS

O GROVE

SANXENXO

MEAÑO

BARRO

6 Km

1,7 Km

COMPLEXO INTERMAREAL UMIA - O GROVE, A LANZADA, PUNTA CARREIRÓN E LAGO BODEIRA

COMPLEXO INTERMAREAL UMIA - O GROVE, A LANZADA, PUNTA CARREIRÓN E LAGO BODEIRA

Comunidades bentónicas Np
Céspedes costeros Np
Brezal-tojales Np
Pastizales de dunas Np
Herbazales halonitrófilos Np
Matorrales de dunas *
Praderas de Spartina Np
Juncales marítimos Np
Escobonales Np
Prados mesófilos de diente
Praderas de Zostera
Praderas enanas anfibias Np
Prados higrófilos Np
Marciegales
Carballedas Np
Esparganiales
Alisedas *
Juncales oligótrofos
Brezal-tojales *
Matorrales halófilos Np
Pastizales halófilos Np
Juncales agudos Np
Comunidades de aguas salobres *

0 1.900 3.800 3.800 Metros

Lenda

- Parques, reservas e monumentos naturais, ZEPA, áreas prioritarias de especies ameazadas e hábitats sensibles
- Eixos camiños 2º FASE
- HABITATS_PONTEVEDRA
- ACORDO OUBIÑA
- ZCP de Tremoedo

XUNTA DE GALICIA

Cofinanciado pola Unión Europea

GOBIERNO DE ESPAÑA · MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA Y ALIMENTACIÓN

Proxecto: "2ª FASE DE CAMIÑOS SECUNDARIOS E MELLORA DE ENTRADAS AOS PREDIOS DE SUBSTITUCIÓN NAS ZONAS DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE TREMOEDO E OUBIÑA 2º SECTOR. (Vilanova de Arousa, Cambados- Pontevedra)"

Situación	Escala:	Data:
Vilanova de Arousa e Cambados (Pontevedra)	1:30.000	Data da sinatura dixital

Plano: AFECCIÓN PATRIMONIO NATURAL

Autor Proxecto:	Visto e prace	Folla:
Emilio Mera González Enxeñeiro Técnico Agrícola	María José Pérez Gil Xefa do Servizo de Infraestruturas Agrarias de Pontevedra	1/1

Verificador: https://sede.xunta.gal/cve

516500 518000 519500 521000

4710500

4709000

N

A ROCHELA
DEIRO DE ABAIXO
DEIRO DE ARRIBA
TRAVESELAS
RAÑAS DE ARRIBA
RAÑAS DE ABAIXO
Polígono Industrial de Tremoedo
AS TRAVESAS
O COUTO
SANGUIÑEDO
SAN BARTOLOMEU
RUSTELO
VILANFE
MOUZOS
GOMBRA
A CANCELEIRA
Pazo Giran Bazán
OÍRONO
A IGREXA
CUIÑA

S5 S14 S16 S6 N12 S10_tramo II S17 prolongación S12 S13
N3 tramo III N3 tramo II N3 tramo I S70 Prolongación S23 N9 S24 S25 S26 N4 S40 S41 S42 S43
N10 N11 N3 S51 N5 S68 S69 S53 N6 S56 S39 S38 S70 CSN.1 C2.1
N2 tramo II S28 S29 S30 S31 S32 M1 S34 S35 N1

900 450 0 900 Metros

Lenda

- Obras_de_fábrica
- Eixos camiños 2º FASE
- Camiños 1ºFase
- Cuencas Tremoedo
- Parcelas_Cordóns
- Rampa_en_terraplén
- Rampa_en_desmonte
- Acordo Tremoedo
- ACORDO OUBIÑA
- ZCP de Tremoedo
- RedeFluvialDetalle_actual2021
- Rede fluvial detalle
- Rios Dobres
- Afeccion hidrografía

XUNTA DE GALICIA

Cofinanciado pola Unión Europea

GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA Y ALIMENTACIÓN

Proxecto: "2ª FASE DE CAMIÑOS SECUNDARIOS E MELLORA DE ENTRADAS AOS PREDIOS DE SUBSTITUCIÓN NAS ZONAS DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE TREMOEDO E OUBIÑA 2ª SECTOR. (Vilanova de Arousa, Cambados- Pontevedra)"

Situación Vilanova de Arousa e Cambados (Pontevedra)	**Escala:** 1:7.000	**Data:** Data sinatura dixital
Plano: AFECCIÓN AUGAS		
Autor Proxecto: Emilio Mera González, Enxeñeiro Técnico Agrícola	**Visto e prace** María José Pérez Gil, Xefa do Servizo de Infraestruturas Agrarias de Pontevedra	**Folla:** 1/1

CMS: ietMOdkOrCNC8
Verificador: https://sede.xunta.gal/cve

SUBANEXO 11.4

CHECKLIST AMBIENTAL

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Check Ambiental. Comprobación	*SI*	*NON*	*N/A*
¿Ten D.I.A.?	**X**		
¿Afecta a Zona Especial Conservación (ZEC)?		**X**	
¿Afecta a Zona Especial Protección Aves (ZEPA)?		**X**	
¿Afecta a Parque Natural?		**X**	
¿Afecta a Parque Nacional?		**X**	
¿Afecta a Humidais Protexidos?		**X**	
¿Afecta a zona RAMSAR?		**X**	
¿Afecta a Paisaxe Protexida?		**X**	
¿Afecta a Espazo Natural de Interese Local (ENIL)?		**X**	
¿Afecta a Espazo Natural de Interese Privado (EPIN)?		**X**	
¿Afecta a Árbores Senlleiras?		**X**	
¿Afecta a Formacións Senlleiras?		**X**	
¿Afecta a Reserva de Caza?		**X**	
¿Afecta a Monumento Natural?		**X**	
¿Afecta Hábitats?		**X**	
¿Afecta Inventario Humidais de Galicia (IHG)?		**X**	

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Check Conca. Comprobación	*SI*	*NON*	*N/A*
¿Afecta a cursos de Augas de Galicia?	X		
¿Afecta a cursos de CH Miño - Sil?		X	
¿ Afecta a cursos de CH Duero?		X	
¿Afecta a cursos de CH Cantábrico?		X	

Check Infraestruturas. Comprobación	*SI*	*NON*	*N/A*
No caso de que sexa preciso engadir auga para conseguir o grao de compactación previsto, efectuarase esta operación humedecendo uniformemente os materiais, ben nas zonas de procedencia (canteiras, préstamos), ben nos acopios intermedios ou ben na tongada, dispoñendo os sistemas axeitados para asegurar a citada uniformidade (desmenuzamento previo, uso de rodillos "pata de cabra", etc.).

Nos casos especiais en que a humidade natural do material sexa excesiva, tomaranse as medidas axeitadas para acadar a compactación prevista, podendo procederse á desecación por aireado, ou á adición e mestura de materiais secos ou sustancias axeitadas.

3.5.3.4. Compactación

Conseguida a humectación máis conveniente, procederase á compactación mecánica da tongada.

Os valores de densidade e humidade a alcanzar serán os que se indican nos apartados 330.4.2 e 330.4.3 do Prego de rescricións técnicas xerais para obras de estradas e pontes, ou os que, no seu caso, fixen o proxecto ou o director.

As zonas de trasdós de obra de fábrica que pola súa reducida estensión, ou outras causas, non poidan compactarse cos medios habituais terán a consideración de recheos localizados e se estará no disposto no artigo 332, "Recheos localizados" do Prego de prescricións técnicas xerais para obras de estradas e pontes.

O control da compactación terá por obxecto comprobar, por un lado, que cada tongada cumpre as condicións de densidade seca e humidade, segundo o establecido no apartado 330.6.4 do Prego de prescricións técnicas xerais para obras de estradas e pontes, así como polo proxecto e o director, e por outro lado, que as características de deformabilidade sexan as adecuadas para asegurar un comportamiento aceptable do recheo.

A este efecto, o control efectuarase polo método de "Control de producto terminado", a través de determinacións "in situ" no recheo compactado, comparándose os resultados obtidos cos

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

correspondentes valores de referencia. En circunstancias especiais, o proxecto ou o director poderán prescribir, además, a realización de ensaios complementarios para caracterizar as propiedades xeotécnicas do recheo (resistencia ao corte, expansividade, colapso, etc.).

Con este método de "Control de producto terminado" considerarase que a compactación dunha tongada é aceptable sempre que se cumpran as dúas condicións seguintes:

- A densidade seca "in situ" é superior ao máximo valor mínimo establecido neste prego, no proxecto ou polo director, e o grao de saturación encontrase dentro dos límites establecidos no proxecto, ou no seu defecto no do Prego de prescricións técnicas xerais para obras de estradas e pontes. Estes aspectos comprobaranse conforme ao indicado no apartado 330.6.5.4 de dito prego.

- O módulo de deformación vertical no segundo ciclo de carga do ensaio de carga con placa (Ev2) segundo NLT 357 é como mínimo, segundo o tipo de material e en función da zona de obra da que se dispoña, o seguinte:

En cimento, núcleo e espaldóns, cincuenta megapascales (Ev2 ≥ 50 MPa) para os recheos seleccionados e trinta megapascales (Ev2 ≥ 30 MPa) para o resto.

En coroación, cen megapascales (Ev2 ≥ 100 MPa) para os recheos seleccionados e sesenta megapascales (Ev2 ≥ 60 MPa) para o resto.

Neste ensaio de carga sobre placa executado conforme a NLT 357, a relación, K, entre o módulo de deformación obtido no segundo ciclo de carga, Ev2 e o módulo de deformación obtido no primeiro ciclo de carga, Ev1, non pode ser superior a dous con dous (K ≤ 2,2).

Cando o indique o proxecto ou o aconsellen as características do material ou da obra, e previa autorización do director, as determinacións "in situ" de densidade, humidade, e módulo de deformación complementaranse por outras, como os ensaios de sinal executados segundo NLT 256 ou o método de "Control de procedemento" a partir de bandas de ensaio previas. Nestas últimas deberán quedar definidas, para permitir o seu control posterior, as operacións de execución, equipos de estendido e compactación, grosores de tongada, humidade do material e número de pasadas, debendo comprobarse nesas bandas de ensaio que se cumpren as condicións de densidade, saturación, módulo de deformación e relación de módulos que se acaban de establecer. Nestas bandas ou terrapléns de ensaio o número de tongadas a realizar será, polo menos, de tres (3).

O proxecto ou o director poderán establecer a utilización de ensaios complementarios para a comprobación do comportamento do recheo ou de determinadas características do mesmo (como os ensaios de Cross-hole, ondas superficiais, ensaios penetrométricos, asentómetros, células de presión total ou intersticial, etc.).

3.5.3.5. Ensaios de referencia

a) Ensaio de compactación Próctor:

O proxecto, ou no seu defecto o director, sinalará, entre o Próctor normal (UNE 103500) ou o

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Próctor modificado (UNE 103501), o ensaio a considerar como Próctor de referencia. En caso de omisión considerarase como ensaio de referencia o Próctor modificado.

Neste sistema de control, clasificaranse os materiais a empregar en grupos cuxas características sexan similares. A estes efectos considéranse similares aqueles materiais nos que se cumpra, nun mínimo de tres (3) mostras ensaiadas, o seguinte:

Pertenza ao mesmo tipo de clasificación definida no apartado 330.3.3 do Prego de prescricións técnicas xerais para obras de estradas e pontes.

Rangos de variación da densidade seca máxima no ensaio Próctor de referencia non superiores ao tres por cento (3%).

Rangos de variación da humidade óptima no ensaio Próctor de referencia non superiores ao dous por cento (2%).

Dentro de cada grupo estableceranse os correspondentes valores medios da densidade seca máxima e da humidade óptima, que servirán de referencia para efectuar a análise dos resultados do control. Determinarase, así mesmo, a zona de validez indicada no apartado 330.6.5.4 do Prego de prescricións técnicas xerais para obras de estradas e pontes.

O volume de cada un deses grupos será maior de vinte mil metros cúbicos (20.000 m3). En caso contrario recorrerase a outro procedemento de control.

No caso de que os materiais procedentes dunha mesma zona de extracción non poidan agruparse do xeito anteriormente descrito, nin sexa posible separalos para o seu aproveitamento, non será aplicable o método de control de produto terminado mediante ensaios Próctor, debéndose recorrer ao emprego intensivo do ensaio de carga con placa segundo NLT 357, con algún complementario como o de sinal segundo NLT 256, ou o método de control de procedemento, segundo determine o director.

b) Ensaio de carga con placa:

Para determinar o módulo de deformación do recheo tipo terraplén empregarase o ensaio de carga con placa. As dimensións de dita placa serán tales que o seu diámetro ou lado sexa ao menos cinco (5) veces superior ao tamaño máximo do material empregado. En ningún caso a superficie da placa será inferior a setecentos centímetros cadrados (700 cm2). O ensaio realizarase segundo a metodoloxía NLT 357 aplicando a presión, por escalones, en dous ciclos consecutivos de carga.

En caso de necesidade, o proxecto poderá fixar outras condicións de ensaio que as da norma indicada, en cuxo caso deberá establecer os valores correspondentes a esixir para o módulo de deformación do segundo ciclo de carga Ev2, e para a relación K entre módulos de segundo e primeiro ciclos de carga.

c) Ensaio de sinal:

No caso de realizar o ensaio de sinal, empregarase a norma NLT 256, na que se indica o control de

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

asentos, sobre dez (10) puntos separados un metro (1 m), antes e despois do paso do camión normalizado.

O ensaio de sinal efectuarase no mesmo tempo que o ensaio de placa de carga NLT 357 e por tanto os valores de sinal admisibles serán aqueles que garantan o resultado da placa de carga. Os mesmos serán establecidos polo director a proposta do contratista, apoiada polos correspondentes ensaios de contraste.

En calquera caso os valores de sinal admisible non serán superiores aos seguintes:

En cimento, núcleo e espaldóns: cinco milímetros (5 mm).

En coroación: tres milímetros (3 mm).

3.5.3.6. Determinación "in situ"

a) Definición de lote:

Dentro do taxo a controlar defínese como "lote", que se aceptará ou rexeitará en conxunto, ao menor que resulte de aplicar a unha sola tongada de terraplén os seguintes criterios:

Unha lonxitude de explanada igual a cincocentos metros (500 m).

No caso da coroación unha superficie de tres mil cincocentos metros cadrados (3.500 m2) e no resto das zonas, unha superficie de cinco mil metros cadrados (5.000 m2) se o terraplén é de menos de cinco metros (5 m) de altura e de dez mil metros cadrados (10.000 m2) en caso contrario. Descontando sempre no conxunto destas superficies unhas franxas de dous metros (2 m) de ancho nos bordos da explanada e os recheos localizados segundo o definido no artigo 332, "Recheos localizados" do Prego de prescricións técnicas xerais para obras de estradas e pontes.

A fracción construída diariamente.

A fracción construída co mesmo material, do mesmo préstamo e co mesmo equipo e procedemento de compactación.

Xamais se escollerá un lote composto de fraccións correspondentes a días nin tongadas distintas,sendo, polo tanto, enteiro o número de lotes escollido por cada día e tongada.

b) Mostras e ensaios a realizar en cada lote:

Dentro da zona definida polo lote escóllense as seguintes mostras independientes:

Mostra de superficie: conxunto de cinco (5) puntos, tomados de forma aleatoria da superficie definida como lote. En cada un destes puntos determinarase a súa humidade e densidade.

Mostra de bordo: en cada unha das bandas de bordo fixarase un (1) punto por cada cen metros (100 m) ou fracción. Estas mostras son independentes das anteriores e independentes entre si. En cada un destes puntos determinarase a súa humidade e densidade.

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Determinación de deformacións: en coroación farase un ensaio de carga con placa segundo NLT 357 por cada un dos lotes definidos con anterioridade. No resto das zonas o director poderá elixir entre facer un ensaio de placa de carga por cada lote ou ben facer outro tipo de ensaio en cada lote, como pode ser o de sinal, de forma que estando convenientemente correlacionadas se esixan uns valores que garantan os resultados do ensaio de placa de carga, aspecto este que se comprobará, ao menos, cada cinco (5) lotes.

A determinación de deformacións realizarase sempre sobre material nas condicións de densidade e grao de saturación esixidos, aspecto que no caso de duda, e en calquera caso que o director así o indique, terá que comprobarse. Incluso se poderá obrigar a eliminar a costra superior do material desecado antes de realizar o ensaio.

Para medir a densidade seca "in situ" poderán empregarse procedementos de substitución (método da area UNE 103503, método do densómetro, etc.), ou preferentemente métodos de alto rendemento como os métodos nucleares con isótopos radiactivos. En todo caso, antes de empregar estes últimos, calibraranse os seus resultados coas determinacións dadas polos procedementos de substitución. Esta calibración terá que ser realizada para cada un dos grupos de materiais e se comprobará, ao menos, unha vez por cada dez (10) lotes ensaiados. De forma análoga, procederase cos ensaios de humidade por secado, segundo UNE 103300 e nucleares.

Para grosores de tongada superiores a trinta centímetros (30 cm) garantirase que a densidade e humidade medidas correspóndense cas do fondo da tongada.

3.5.3.7. Análise dos resultados

As determinacións de humidade e densidade "in situ" compararanse cos valores de referencia definidos no apartado 330.6.5.2 do Prego de prescricións técnicas xerais para obras de estradas e pontes.

Para a aceptación da compactación dunha mostra o valor medio da densidade da mostra terá que cumprir as condicións mínimas impostas no artigo 300 e, en particular, nos seus apartados 330.4.2, 330.4.3 e 330.6.4 do Prego de prescricións técnicas xerais para obras de estradas e pontes. Ademais, ao menos o sesenta por 100 (60 %) dos puntos representativos de cada un dos ensaios individuais nun diagrama humidade-densidade seca, encontraranse dentro da zona de validez que a continuación se define, e o resto dos puntos non poderán ter unha densidade inferior en máis de trinta kilogramos por metro cúbico (30 kg/m3) ás admisibles segundo o indicado neste prego, no proxecto ou polo director.

A zona de validez é a situada por enriba da curva Próctor de referencia, normal ou modificado segundo o caso, e entre as liñas de isosaturación correspondentes aos límites impostos ao grao de saturación, no proxecto ou, no seu defecto, neste prego.

Ditas liñas límite, segundo o indicado no apartado 330.4.3 do Prego de prescricións técnicas xerais para obras de estradas e pontes, e salvo indicación en contra do proxecto, serán aquelas que pasen polos puntos da curva Próctor de referencia correspondentes a humidades de menos do dous por cento (-2 %) e máis 1 por 100 (+1 %) da óptima. No caso de recheos expansivos ou colapsables os

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

puntos da curva Próctor de referencia serán os correspondentes a humidades de menos do un por cento (-1 %) e máis 3 por 100 (+3 %) da óptima de referencia.

Recórdase que o grao de saturación ven dado por:

$$Sr = w \cdot (Ps / Pw) \cdot [Pd / (Ps-Pd)]$$

e que as liñas de igual saturación veñen definidas pola expresión:

$$Pd = Ps \cdot \{ Sr/ [w \cdot (Ps/Pw)+Sr] \}$$

onde:

Sr = Grao de saturación (%).

w = Humidade do recheo (%).

Pd = Densidade seca (kg/m3).

Pw = Densidade da auga (pode tomarse igual a mil kilogramos por metro cúbico 1.000 kg/m3).

Ps = Densidade das partículas de recheo segundo UNE 103302 (kg/m3).

O incumprimento do anterior dará lugar á recompactación da zona superficial ou de bordo da cal a mostra sexa representativa.

En casos dubidosos pode ser aconsellable aumentar a intensidade do control para diminuír a frecuencia e incidencia de situacións inaceptables ou os tramos de lotes a rexeitar.

En caso de non cumprirse os valores de placa de carga indicados no apartado 330.6.5 do Prego de prescricións técnicas xerais para obras de estradas e pontes ou os valores aceptables indicados polo director para o ensaio alternativo de correlación co de placa de carga, procederase así mesmo a recompactar o lote.

3.5.4. Limitacións á execución

Os recheos tipo terraplén executaranse cando a temperatura ambiente, á sombra, sexa superior a dous graos Celsius (2ºC), debendo suspenderse os traballos cando a temperatura descenda por debaixo de dito límite, salvo que se xustifique adecuadamente a viabilidade da posta en obra e a consecución das características esixidas, e esta xustificación fose aceptada polo director.

O director deberá ter en conta a influenza das choivas antes de aprobar o estendido e compactación do recheo.

Sobre as capas en execución prohibirase a acción de todo tipo de tráfico ata que se complete a súa compactación. Se non fora factible eliminarase o grosor das tongadas afectado polo paso do tráfico.

3.5.5. Medición e abono

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Os recheos tipo terraplén aboaranse por metros cúbicos (m3), medidos sobre os planos dos perfís transversais, sempre que os asentos medios do cimento debido a súa compresibilidade sexan inferiores, segundo os cálculos do proxecto, ao dous por cento (2 %) da altura media do recheo tipo terraplén. No caso contrario, poderá aboarse o volume de recheo correspondente ao exceso executado sobre o teórico, sempre que este asento do cimento fóra comprobado mediante a instrumentación adecuada, cuxa instalación e custe correrá a cargo do contratista.

Non serán de abono os recheos que fosen necesarios para restituír a explanación ás cotas proxectadas debido a un exceso de escavación ou calquera outro caso de execución incorrecta imputable ao contratista nin as creces non previstas no Prego de prescricións técnicas xerais para obras de estradas e pontes, no proxecto ou previamente autorizadas polo director, estando o contratista obrigado a corrixir á súa costa ditos defectos, sen dereito a percepción adicional algunha.

Salvo que o proxecto indique o contrario, aplicarase o mesmo prezo unitario a todas as zonas do terraplén.

Normas de referencia no artigo 330 do Prego de Prescricións Técnicas Xerais para Obras de Estradas e Pontes

UNE 103101 Análises granulométrica de recheos por tamizado.

UNE 103103 Determinación do límite líquido dun recheo polo método do aparello de Casagrande.

UNE 103104 Determinación do límite plástico dun recheo.

UNE 103201 Determinación cuantitativa do contido en sulfatos solubles dun recheo.

UNE 103204 Determinación do contido de materia orgánica oxidable dun recheo polo método do permanganato potásico.

UNE 103300 Determinación da humidade dun chan mediante secado en estufa.

UNE 103302 Determinación da densidade relativa das partículas dun chan.

UNE 103500 Xeotecnia. Ensaio de compactación Próctor normal.

UNE 103501 Xeotecnia. Ensaio de compactación Próctor modificado.

UNE 103502 Método de ensaio para determinar no laboratorio o índice C.B.R. dun chan.

UNE 103503 Determinación "in situ" da densidade dun chan polo método da area.

UNE 103601 Ensaio do inchamento libre dun chan en edómetro.

NLT 114 Determinación do contido de sales solubles dos chans.

NLT 115 Contido de xeso en chans.

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

NLT 254 Ensaio de colapso en chans.

NLT 256 Ensaio de sinal en terreos.

NLT 357 Ensaio de carga con placa.

3.5.6. Refino de noiros

Consiste nas operacións necesarias para conseguir o acabado xeométrico dos noiros de terrapléns e capa de coroación de recheos todo-un e pedraplens, así como dos noiros de desmonte non incluídos no artigo 322, "Escavación especial de noiros en roca", do Prego de prescricións técnicas xerais para obras de estradas e pontes.

3.5.6.1. Execución das obras

As obras de refino de noiros executaranse con posterioridade á construción de drenes e obras de fábrica que impidan ou dificulten a súa realización. Así mesmo, en xeral e cando así sexa posible, executaranse con posterioridade á explanación.

Cando a explanación estea moi avanzada e o director o ordene, procederase á eliminación da superficie dos noiros de calquera material brando, inadecuado ou inestable, que non se poida compactar debidamente ou non sirva aos fins previstos. Os ocos resultantes encheranse con materiais adecuados, de acordo coas indicacións do director.

En caso de producirse un escorregamento ou proceso de inestabilidade no noiro dun recheo, deberá retirarse e substituírse o material afectado polo mesmo, e reparar o dano producido na obra. A superficie de contacto entre o material substituído e o remanente no noiro deberá perfilarse de xeito que impida o desenvolvemento de inestabilidades a favor da mesma. Posteriormente, deberá perfilarse a superficie do noiro de acordo cos criterios definidos en dito artigo.

Os noiros da explanación deberán quedar, en toda a súa extensión, conformados de acordo co proxecto e as ordes complementarias do director, debendo manterse en perfecto estado ata a recepción das obras, tanto no que se refire aos aspectos funcionais como aos estéticos.

Os perfilados de noiros que se efectúen para harmonizalos coa paisaxe circundante deben facerse cunha transición gradual, coidando especialmente as transicións entre noiros de distinta inclinación. Nas intersección entre desmonte e recheo, os noiros albearanse para unirse entre si e co superficie natural do terreo, sen orixinar unha descontinuidade visible.

Os fondos e cimas dos noiros, excepto nos desmontes en roca dura, redondearanse, axustándose ao Proxecto e instrucións do Director. As monteiras de terra sobre masas de rocha redondearanse por enriba destas.

O refino de noiros de recheos en cuxo bordo de coroación se permita embeber material de tamaño groso, farase sen descalzalo, permitindo así que o drenaxe superficial se encargue de seguir fixando dito material groso.

O acabado dos noiros será suave, uniforme e totalmente acorde coa superficie do terreo e a

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

explanación, sen grandes contrastes, e axustándose ao proxecto, procurando evitar danos a árbores existentes ou rochas que teñan pátina, para o que deberán facerse os axustes necesarios.

Estarase, en todo caso, ao disposto na lexislación vixente en materia medioambiental, de seguridade e saúde, e de almacenamento e transporte de produtos da construción.

3.5.6.2. Medición e abono

Só se aboará esta unidade cando exista prezo independente para ela no proxecto. De non ser así, considerarase incluída dentro das unidades de escavación, recheo tipo terraplén, todo-un ou pedraplén, segundo sexa o caso.

Cando exista prezo independente, o refino de noiros aboarase por metros cadrados (m2) realmente realizados medidos sobre os planos de perfís transversais.

3.6. BEIRAVÍAS

3.6.1. Condicións que han de reunir os materiais

Empregarase o terreo existente ao longo da traza e en caso contrario, o material a empregar como sub-base, polo que as condicións serán as mesmas que as fixadas aos terrapléns ou no seu caso, á sub-base.

3.6.2. Control de calidade dos materiais

Será o mesmo que se fixou para os terrapléns ou, no seu caso, para a sub-base.

3.6.3. Execución das obras

As beiravías compactaranse por procedementos mecánicos ata conseguir unha densidade equivalente ao cento por cento (100%) da máxima Proctor normal.

3.6.4. Medición e abono

Mediranse e abonaranse os metros cúbicos de beiravía totalmente terminados medidos sobre os perfís transversais.

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

4. CAPITULO IV: EXPLANACIÓNS MELLORADAS

4.1. EXPLANACIÓN MELLORADA

4.1.1. Condicións que han de satisfacer os materiais

Os materiais para a construción da explanación mellorada serán chans naturais ou seleccionados.

Carecerán de elementos de diámetro superior á metade do grosor do estrato e a fracción que pase polo tamiz nº 200 A.S.T.M. será inferior ao 25%.

Ademais haberán de cumprir as condicións seguintes:

- Limite C.B.R. > 8
- Límite líquido < 30
- Índice plástico < 10
- Equivalente en area > 25

4.1.2. Control de calidade dos materiais

As características dos materiais comprobaranse, antes da súa utilización, mediante a execución dos ensaios cuxa frecuencia e tipo sinálanse a continuación, referíndose a cada unha das procedencias elixidas.

- Por cada 1.000 m^3 ou fracción de material a empregar, como mínimo:
    - Un ensaio granulométrico
    - Un ensaio de Límites de Atterberg ou dous ensaios de equivalente en area.
    - Un ensaio de compactación (Proctor Modificado).

4.1.3. Execución das obras

Unha vez terminada a explanación do camiño, inspeccionada e admitida esta por o director de obra, procederase á execución da explanación mellorada.

Nas zonas en que aparezan chans plásticos, de baixa resistencia ás cargas e escasa estabilidade fronte ás variacións de humidade, mesturarase o chan do estrato superior da explanación con area ou con terreos areosos, con ou sen algo de grava fina.

Os materiais mesturados, íntima e homoxeneamente, estenderanse en tongadas de grosor uniforme e suficientemente reducido para que, cos medios dispoñibles, se obteña o grao de compactación esixido, que, como mínimo, deberá alcanzar a densidade seca máxima do ensaio de Proctor normal.

A compactación efectuarase lonxitudinalmente unha vez regado o material a humidade óptima, comezando polos bordos exteriores, continuando cara ao centro ou solapando en cada percorrido un ancho non inferior a un tercio do elemento compactador.

Durante as operacións de compactación daranse frecuentes pases de motoniveladora, a fin de que a superficie da explanación mellorada quede coa mesma pendente transversal que haberá de ter o

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

firme.

As explanacións melloradas executaranse cando a temperatura ambiente sexa superior a +2º C, debendo suspenderse os traballos cando a temperatura descenda por baixo do devandito límite. Durante a construción da explanación mellorada prohíbese o tráfico.

4.1.4. Control das obras

A execución das obras controlarase mediante a realización de ensaios cuxa frecuencia e tipo se sinalan a continuación, entendéndose que as cifras son mínimas.

- Por cada 500 m^3 ou fracción de terra empregada:
  - Un ensaio de contido de humidade.
  - Un ensaio granulométrico.
  - Unha determinación de Límites de Atterberg ou dous ensaios de equivalente en area.
  - Un ensaio de compactación modificado.

- Por cada 1.000 m^2 ou fracción de estrato compactado:
  - Un ensaio de densidade "in situ".

- Por cada 2.000 m^2 ou fracción de explanación mellorada terminada:
  - Unha determinación do Índice C.B.R.

4.1.5. Medición e abono

Mediranse e abonaranse os metros cúbicos de explanación mellorada realmente construída de acordo coas operacións descritas anteriormente.

5. CAPITULO V: SUB-BASE

5.1. SUB-BASES GRANULARES

5.1.1. Condicións xerais que han de cumprir os materiais

Poderán construírse con:

A) Sub-bases de gravas naturais

Gravas naturais son as que se atopan nos leitos dos ríos ou noutros depósitos sedimentarios.

Poden empregarse directamente ou previa clasificación.

As gravas naturais a empregar deberán estar exentas de materia orgánica, arxila, marga e outras substancias estrañas.

B) Sub-base de material seleccionado

O material procederá de machaqueo e trituración de pedra de canteira ou de grava natural; neste

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

último caso o material retido no tamiz nº 4 A.S.T.M. deberá ter, como mínimo, un 50% de elementos machucados que presenten tres ou más caras de fractura.

5.1.1.1. Granulometría

A curva granulométrica non presentará inflexións acusadas e estará comprendida dentro do seguinte fuso:

Tamiz A.S.T.M	Fuso A.	Fuso B.	Fuso C.	Fuso D.
2"	100	100	100	
1"	55-85		75-90	100
3-8"	40-70	30-65	40-75	50-85
nº 4	30-60	25-55	30-60	35-65
nº 10	20-50	15-40	20-45	25-50
nº 40	10-30	8-20	15-30	15-30
nº 200	5-15	2-8	5-20	5-15

O tamaño máximo do material non pasará da metade do grosor da tongada compactada.

O proxectista deberá elixir, de acordo cos materiais existentes na zona e co grosor e calidade do firme, un dos fusos anteriores.

5.1.1.2. Capacidade portante

O índice C.B.R. post-saturación será superior a 20 e o seu inchamento menor do 0,5%.

5.1.1.3. Plasticidade

O pasante polo tamiz nº 40 A.S.T.M. cumprirá as seguintes características:

- LL < 25
- IP < 6
- EA > 25

5.1.2. Control de calidade dos materiais

As características dos materiais comprobaranse antes da súa posta en obra mediante a execución dos ensaios cuxa frecuencia e tipo sinálanse a continuación, referíndose a cada unha das procedencias elixidas.

- Cada 1.000 m3 ou fracción de material a empregar, como mínimo:

  _ Unha análise granulométrica.

  _ Unha determinación dos Límites de Atterberg.

  _ Un ensaio de equivalente de area.

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- Cada 1.500 m3 ou fracción de material a empregar, como mínimo:

  _ Un ensaio de compactación.

5.1.3. Execución das obras

Cando sexa necesario, os materiais poderán mesturarse na canteira de produción ou transportarse a pé de obra por separado e ser mesturados, na proporción correspondente, no momento de construír a sub- base.

En calquera caso os materiais transportaranse a pé de obra depositándoos en cheas sobre a superficie da explanación e cunha separación entre si proporcionada ao volume de cada chea e ao volume do material a estender por metro de camiño.

As fases de posta en obra dos materiais son as seguintes:

a) Transporte a pé de obra do material xa preparado en canteira ou dos diferentes materiais a empregar na mestura.
b) Iniciación do primeiro estendido, con pases sucesivos de motoniveladora, alternados con pases de cisterna, para humedecer o material dun xeito uniforme á humidade óptima obtida no ensaio de compactación.
c) Realización da mestura con pases de motoniveladora formando cordóns a ámbolos dous lados do camiño, sucesivamente.
d) Esta operación haberá de realizarse máis coidadosamente cando o material sexa transportado ao camiño en elementos separados.
e) Durante as operacións de mestura regarase o material ata alcanzar o grao de humidade óptimo, e manterase este con regas sucesivas.
f) Unha vez terminada a operación anterior procederase ao estendido e, en caso necesario, á homoxeneización do material con máquinas mesturadoras adecuadas.
g) Os materiais compactaranse por tongadas de grosor uniforme, o suficientemente reducidas para que, cos medios dispoñibles, se obteña en todo o seu grosor o grao de compactación esixido.

A compactación efectuarase lonxitudinalmente comezando polos bordos, continuando cara ao centro e solapando en cada percorrido un ancho non inferior a un tercio do elemento compactador.

Durante esta fase, deberanse corrixir coa motoniveladora as posibles irregularidades do perfil, tendo coidado de que, antes de terminar a compactación, a motoniveladora cese na súa intervención, co fin de conservar na superficie a mesma densidade alcanzada na parte máis profunda.

As operacións de compactación faranse ata conseguir a densidade indicada no proxecto.

A auga a empregar na compactación non conterá materia orgánica.

Non se estenderá ningunha tongada, en tanto non se realicen, atopándose conformes as comprobacións de nivelación e grao de compactación da precedente.

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

5.1.4. Limitacións da execución

Se se empregan compactadores vibratorios, deberá evitarse un exceso de vibración que ocasione a segregación dos materiais ou que deixen de estar en íntimo contacto.

Os traballos suspenderanse cando a temperatura sexa inferior a 2ºC.

5.1.5. Control de calidade das obras

A execución das obras controlarase mediante a realización de ensaios cuxa frecuencia e tipo sinálanse a continuación, entendéndose que as cifras que se dan son mínimas.

- Cada 500 m^3 ou fracción de material empregado:
  - Unha determinación de contido de humidade.
- Cada 1.500 m^3 ou fracción de estrato terminado:
  - Un ensaio de densidade "in situ".

5.1.6. Medición e abono

Mediranse e abonaranse os metros cúbicos de sub-base realmente construídos, de acordo coas operacións anteriormente descritas.

6. CAPITULO VI: BASES

6.1. BASES DE MACADAM

6.1.1. Condicións que teñen que reunir os materiais

Serán as que se indican no art. 502.2 do P.G. 4/88.

Das catro granulometrias (M.1 a M.4) que en dito artigo se prescriben para o árido groso, nas obras do proxecto empregarase a denominada M.3.

6.1.2. Control de calidade dos materiais

As características dos materiais comprobaranse, antes da súa posta en obra, mediante a execución dos ensaios, cuxa frecuencia e tipo sinálanse a continuación:

- Cada 500 m3 ou fracción de recebo a empregar:
. Unha análise granulométrica.
- Cada 250 m3 ou fracción de recebo a empregar:
. Unha análise granulométrica.
. Unha determinación dos límites de Atterberg.
. Un ensaio de equivalente de area.

Sempre que o considere necesario, o director mandará obter o coeficiente de desgaste, medido polo ensaio de “Los Angeles”, do árido groso e o contido en materia orgánica do recebo.

6.1.3. Execución das obras

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

As obras executaranse de acordo co ordenado no art. 502.3 do P.GX. 3/75. A tolerancia da superficie acabada e as limitacións de execución, de acordo co que se indica nos artigos 502.4 e 502.5 de dito Prego.

6.1.4. Medición e abono

Mediranse e abonaranse os metros cúbicos de base de macadam realmente construídos, de acordo coas operacións indicadas.

6.2. BASES GRANULARES

6.2.1. Condicións que han de cumprir os materiais

Poderán construírse con:

A) Bases de gravas naturais

As gravas naturais a empregar na construción de bases estarán exentas de materia orgánica, arxila, marga ou outras materias estrañas.

B) Bases de material seleccionado

O material granular debe proceder de machaqueo e trituración de pedra de canteira ou de grava natural; neste último caso, o material retido no tamiz nº 4 A.S.T.M. conterá como mínimo, un 75% de elementos machucados con tres ou máis caras de fractura.

6.2.1.1. Granulometría

A curva granulométrica non presentará inflexións e estará comprendida dentro dos seguintes fusos que a continuación se recomendan, tanto para bases de gravas naturais como de material granular seleccionado.

Tamiz A.S.T.M	Fuso I.	Fuso II.
2"	100	
1,5"	70-10	
1"	55-85	100
3/4"	50-80	70-100
3/8"	40-70	50-80
nº 4	30-60	35-65
nº 10	20-50	25-50
nº 40	10-30	15-30
nº 200	5-15	5-15

A fracción en peso do material que pasa polo tamiz nº 200 A.S.T.M., será menor que a metade da fracción que pasa polo tamiz nº 40 A.S.T.M.

O proxectista deberá elixir, de acordo cos materiais existentes na zona e co grosor e calidade do

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

firme, un dos fusos anteriores.

6.2.1.2. Calidade

O coeficiente de calidade do material pétreo, medido no ensaio de "Los Angeles", será inferior a 35.

6.2.1.3. Capacidade portante

O índice C.B.R. post-saturación será superior a 70 e o inchamento inferior ao 0,5%.

6.2.1.4. Plasticidade

O material pasante polo tamiz nº 40 A.S.T.M. cumprirá as seguintes condicións:

A) Se a base vai recibir un posterior tratamento bituminoso:

LL < 25
IP < 6
EA > 30

B) Se non vai recibir un posterior tratamento bituminoso:

LL < 35
EA > 30
8 < IP < 10 en rexións secas
6 < IP < 9 en rexións húmidas

6.2.1.5. Peso específico

Será superior a 2,60 gr/cm3.

6.2.1.6. Densidade

A densidade seca máxima obtida no ensaio de compactación modificado debe ser superior a 2,10 gr/cm^3.

6.2.2. Control de calidade dos materiais

As características dos materiais comprobaranse antes da súa posta en obra, mediante a execución dos ensaios cuxa frecuencia e tipo sinálanse a continuación, referíndose a cada unha das procedencias elixidas.

- Cada 500 m3 ou fracción de material a empregar, como mínimo:
  - Unha análise granulométrica.
  - Unha determinación dos límites de Atterberg.
- Cada 1.000 m3 farase un ensaio de compactación modificado.

6.2.3. Execución das obras

Cando sexa necesario, os áridos poderán mesturarse na canteira de produción ou transportarse a pé

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

de obra por separado e ser mesturados, na proporción correspondente, no momento de construír a base.

En calquera caso, os materiais transportaranse a pé de obra, depositándoos en cheas sobre a explanación e cunha separación entre si proporcionada ao volume de cada chea e ao volume de material a estender por metro de camiño.

As fases de posta en obra dos materiais para a base son os seguintes:

a) Transporte a pé de obra do material xa preparado en canteira ou dos diferentes materiais a empregar na mestura.

b) Iniciación do primeiro estendido con motoniveladora, ao mesmo tempo regarase o material ata alcanzar a humidade óptima de compactación.

c) Realización da mestura con motoniveladora ou máquinas mesturadoras.

   Durante as operacións de mestura haberá de manterse a humidade óptima de compactación.

   A operación de mestura realizarase máis coidadosamente cando o material sexa transportado ao camiño por elementos separados.

d) Unha vez terminada a operación anterior, procederase ao estendido e en caso necesario, á homoxeneización do material con máquinas mesturadoras adecuadas.

e) O grosor de cada tongada a compactar será o suficientemente reducido para que, cos medios dispoñibles, se obteña en todo o seu grosor o grao de compactación esixido.

   A compactación efectuarase lonxitudinalmente, comezando polos bordos e solapando, en cada percorrido, un ancho non inferior a un tercio do elemento compactador.

   Durante esta fase deberanse corrixir, con motoniveladora, as posibles irregularidades do perfil.

   As operacións de compactación continuaranse ata alcanzar o grao de compactación esixido no proxecto.

f) Se se empregan rodetes vibratorios, deberá evitarse que un exceso de vibración ocasione a segregación dos materiais ou que deixen de estar en íntimo contacto.

A superficie da base deberá terminarse co bombeo e cotas previstas no proxecto e quedará perfectamente perfilada, sen ondulacións nin irregularidades.

Toleraranse variacións dun 10% tanto en máis como en menos, respecto dos grosores establecidos no proxecto.

Non se estenderá ningunha nova tongada en tanto non se realicen, atopándoas conformes, as comprobacións de nivelación e graos de compactación da precedente.

6.2.4. Limitacións da execución

Queda prohibida a posta en obra dos materiais cando a temperatura sexa inferior a +2ºC.

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

6.2.5. Control de calidade das obras

A execución das obras controlarase mediante a realización de ensaios, cuxa frecuencia e tipo sinálanse a continuación, entendéndose que as cifras que se dan son mínimas.

- Cada 250 m^3 ou fracción de material empregado.
  - Unha determinación de humidade.
- Cada 1.000 m^2 ou fracción de tongada compactada.
  - Un ensaio de densidade "in situ".
  -

6.2.6. Medición e abono

Mediranse e abonaranse os metros cúbicos de base realmente construída, de acordo coas operacións anteriormente descritas.

7. CAPITULO VII: OBRAS DE TRATAMENTOS SUPERFICIAIS BITUMINOSOS

7.1. DEFINICIÓN

Consiste na aplicación dun ligante bituminoso sobre unha superficie de rodaxe, seguida da estensión e apisonado de áridos.

A aplicación consecutiva de dous simples tratamentos superficiais, en xeral de distintas características, denomínase dobre tratamento superficial.

Sobre este tratamento dobre, cando así se determine no proxecto, ou por decisión do director, pódese levar a cabo unha terceira rega que se denomina de selado.

A execución de cada tratamento inclúe as seguintes operacións:

- Preparación da superficie existente.
- Aplicación do ligante bituminoso.
- Extensión e apisoado do árido.

7.2. TRATAMENTOS SUPERFICIAIS

7.2.1. Condicións que deben reunir os materiais

7.2.1.1. Ligante

De acordo coa natureza do firme e condicións climatolóxicas, elíxese o ligante bituminoso ECR-2.

7.2.1.2. Áridos

Tanto para a granulometría dos áridos como para as condicións xerais, calidade, forma, coeficiente de pulimento acelerado, etc., estarase ao establecido no P.G. 3/75 (532.1 e 532.2).

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

7.2.2. Dosificación

A dosificación do ligante bituminoso e dos áridos será a indicada no "Cadro de prezos" do proxecto. Non obstante, o director poderá modificar tal dosificación á vista dos ensaios realizados.

7.2.3. Execución das obras

O equipo necesario para a aplicación de ligante será o descrito no P.G. 3/75 e a execución da obra deberá executarse conforme a este prego.

Será necesaria a proba de laboratorio para comprobar a dosificación do árido e do betún residual, antes da medición e abono.

7.2.4. Limitacións da execución

Teranse en conta as limitacións que para a execución da obra figuran no artigo 532.6 do P.G. 3/75.

7.2.5. Medición e abono

Mediranse e abonaranse os metros cadrados de tratamento realmente executados.

8. CAPITULO VIII: OBRAS DE FABRICA

8.1. OBXECTO E CONTIDO DESTE CAPÍTULO

Serán obxecto das normas e condicións facultativas que se dan neste capítulo, todas as obras de fábrica incluídas no orzamento, abarcando os oficios e materiais que nelas se empregan.

8.2. DESCRICIÓN DAS OBRAS

As obras de fábrica terán a forma, dimensións e características construtivas fixadas nos planos, estados de medicións e cadro de prezos, resolvéndose calquera discrepancia que puidese existir polo director.

Pola propia natureza das cimentacións, entenderase que o tipo, cota e dimensións que se indican para as mesmas no proxecto, só son un primeiro dato indagatorio, o cal pode confirmarse ou variarse total ou parcialmente, sen que o contratista teña outro dereito que o de percibir o importe que resulte en cada caso.

8.3. OBRAS ACCESORIAS

Defínense como obras accesorias aquelas de importancia secundaria, ou as que pola súa natureza non poidan ser previstas en todos os seus detalles, senón a medida que avancen os traballos.

As obras accesorias construiranse conforme ás instruccións que estableza por escrito o director de obra, segundo se vaia coñecendo durante a construción a súa necesidade, e quedarán suxeitas ás mesmas condicións que rexen para as análogas que figuran na contrata co proxecto aprobado.

8.4. VARIACIÓNS DAS OBRAS PROXECTADAS

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

As características das obras de fábrica proxectadas foron establecidas como consecuencia do estudo da planta e alzado dos camiños.

Se durante a execución dos traballos, o director, xulgase necesario introducir variacións que afecten á situación, dimensións ou a outras características estruturais ou construtivas das obras, que non orixinen unidades de obra distintas ás incluídas no proxecto, o contratista deberá realizalas sen esixir outras compensacións que as derivadas dun posible aumento de volume, pero nunca poderá formular reclamación algunha polos posibles beneficios deixados de percibir, no caso de que tales variacións supuxesen unha diminución do devandito volume. Tampouco poderá esixir, nesas circunstancias, prezos distintos aos que figuran no correspondente cadro do proxecto.

Cando tales variacións desen lugar a unidades de obra non valoradas no proxecto, estarase ao disposto sobre os prezos contraditorios na Lei de Contratos do Estado e o seu Regulamento.

8.5. CONDICIÓNS QUE HAN DE SATISFACER OS MATERIAIS

8.5.1. Xeneralidades

Todos os materiais empregados nas obras de fábrica deberán reunir as características que, para os materiais en xeral, se establecen no capitulo II destas normas, sendo así mesmo de aplicación para aqueles o disposto no devandito capítulo sobre as análises e ensaios que, para a súa aceptación xulgue necesario o director da obra.

8.5.2. Materiais filtrantes

Os materiais filtrantes serán granulares, é dicir, estarán constituídos por area, grava e cantos rodados; deberán estar exentos de po, arxila e materia orgánica, para o que se lavarán se é preciso.

A granulometría será regular e continua, cun tamaño máximo inferior a 75 mm, non debendo conter máis dun 5% de pasante polo tamiz número nº 200 A.S.T.M.

O equivalente de area será superior a 30.

Sendo Dn o tamaño superior ao n % en peso dos materiais filtrantes e dn o tamaño superior ao de n % en peso do terreo a drenar, deberanse cumprir as seguintes condicións:

a) Para impedir o movemento das partículas do chan cara ao material filtrante, é dicir, para evitar a pronta colmatación do mesmo.

$$D15 / d85 < 5 \qquad D50 / d50 < 25$$

b) Para que a auga alcance facilmente o filtro, ou sexa, para que este sexa suficientemente permeable:

$$D15 / d15 < 5$$

Cando se dispoñan nos filtros dúas capas graduadas de materiais filtrantes, cumprirán entre si estas mesmas condicións, é dicir, o filtro de materiais máis finos considerarase como material base para graduar o filtro de materiais máis grosos.

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Cando o material filtrante rodee unha tubaxe perforada ou con xuntas abertas que actúa como sistema de drenaxe, cumprirá a condición seguinte:

$$D85 > 1,2\ S$$

Sendo S a dimensión da abertura da tubaxe.

Para evitar que o material filtrante se segregue durante a construción, recoméndase que o seu coeficiente de uniformidade

$$Cu = D60 / D10 \text{ sexa inferior a } 20.$$

Se o terreo natural está constituído por chans non cohesivos con area fina e liño, o material filtrante si deberá cumprir, ademais das anteriores condicións xerais a) e b), a seguinte

$$D15 < 1 \text{ mm}.$$

O devandito terreo natural se é un chan cohesivo, compacto h homogéneo, sen vetas de area fina ou de liño, as condicións xerais poden substituírse pola seguinte:

$$0,1 \text{ mm} < D15 < 0,4 \text{ mm}$$

As características dos materiais filtrantes comprobaranse, antes da súa utilización, mediante a execución dos ensaios cuxa frecuencia e tipo sinálanse a continuación, referíndose a cada unha das procedencias elixidas.

- Por cada 250 m^3 ou fracción de material a empregar, como mínimo:
  - Unha análise granulométrica.
  - Un ensaio de equivalente de area.

8.5.3. Auga e áridos para morteiros e formigóns

Reunirán as condicións que se especifican respectivamente, nos artigos 6º e 7º da vixente "Instrucción para o proxecto e a execución de obras de formigón en masa ou armado ".

8.5.4. Cemento

Cumprirá os requisitos do vixente "Prego de condicións para a recepción de conglomerantes hidráulicos", así como as especificacións da vixente Instrución para o proxecto e a execución de obras de formigón en masa ou armado.

O cemento recibirase en obra nos mesmos envases pechados en que foi expedido de fábrica e almacenarase en sitio ventilado e defendido, tanto da intemperie como da humidade do chan e das paredes.

8.5.5. Madeira

A madeira para encofrados, estadas, apeos e demais medios auxiliares, poderá ser de calquera clase

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

sempre que sexa cortada en época apropiada, estea ben seca, sen cheiro a humidade, non presente nós e cun ruído claro ao golpe de maza, ofrecendo pola súa escuadría a resistencia necesaria que en cada caso corresponda.

8.5.6. Armadura para formigóns

As armaduras para formigón armado cumprirán as condicións establecidas na vixente Instrución.

As barras e armaduras axustaranse en forma e dimensións ao previsto nos planos. Dobraranse en frío. Limparanse coidadosamente, fregándoas con cepillo de arame ata deixalas limpas de toda materia estraña e, en particular, de ferruxe.

Os empalmes por soldadura poderanse facer a lume de biqueira, cumprindo na súa execución as condicións que se sinalan na citada instrución.

Para colocar as armaduras e mantelas exactamente nas posicións deseñadas nos planos, poderán empregarse pequenos anacos de barras transversais de forma que estas queden enteiramente incluídas no formigón.

8.5.7. Formigóns

Empregaranse os tipos de formigón definidos no cadro de prezos pola súa resistencia característica. En todo caso, cumprirán as condicións establecidas na vixente Instrución de formigóns.

8.5.8. Vigas prefabricadas pretensadas

As vigas serán necesariamente fabricadas en taller ou fábrica debidamente acondicionada, empregando patentes acreditadas na práctica.

Nos extremos de cada unha das vigas disporanse dispositivos de anclaxe para asegurar que non se produza ningún deslizamento nas armaduras, aínda cando fallase a adherencia aceiro-formigón. Estes dispositivos de anclaxe serán de calquera das patentes existentes na práctica.

A tolerancia entre as dimensións reais das vigas e a súa forma teórica, serán inferiores ao quinientosavo (1/500) da lonxitude total.

Admitirase a substitución das vigas por obras de diferente patente da proxectada, sempre que o peso e número de vigas por taboleiro varie menos do + 20% e non varíen nin o seu canto nin o orzamento.

8.5.9. Tubaxe de formigón

Cumprirán o establecido na Instrución 5.2.-IC “Drenaxe Superficial” e o Prego de prescricións técnicas xerais vixente para tubaxe de saneamento.

8.5.10. Tubos de aceiro corrugado e galvanizado

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Defínense como tales os tubos fabricados de sección circular, ovalada ou abovedada, con superficie ondulada, que lles confiren resistencia aos esforzos de flexión.

O aceiro da chapa será de tipo comercial, cun contido en carbono inferior a doce centésimas (0,12).

A resistencia característica á tracción estará comprendida entre 30 e 43 kg/mm2 e o alargamento elástico será maior do 22%; determinados ambos segundo a Norma UNE 7.262-73.

O galvanizado será de primeira calidade, libre de defectos como burbullas, raias e puntos sen galvanizar. Antes de efectuar o galvanizado deberá conformarse a lámina de aceiro ao fin de non danar o recubrimento durante o proceso de fabricación.

A aplicación da película de zinc terá unha dosificación mínima de 610 gr./m2 en dobre exposición.

8.5.11. Outros materiais

Outros materiais que formen parte das obras de fábrica para os que non se detallan condicións, serán de primeira calidade, reunirán as condicións esixidas para os devanditos materiais no vixente Prego de prescricións técnicas xenerais para obras de estradas e camiños veciñais do M.O.P.U. e, antes de colocarse en obra, deberán ser aceptados polo director da mesma.

8.6. EXECUCIÓN DAS OBRAS

8.6.1. Formigonado

Non se executará o formigonado en ningunha estrutura mentres non o autorice o director ou o facultativo en quen delegue.

a) Execución

O formigón fabricarase en formigoneiras ben "in situ" ou en planta e cumprirá as prescricións establecidas na vixente instrución.

A posta en obra do formigón realizarase de forma que non perda compacidade, homoxeneidade, nin se disgreguen os elementos compoñentes, quedando prohibido arroxalo con pa a gran distancia, ou distribuílo con anciño ou facelo avanzar maior percorrido dun metro ao longo dos encofrados.

O formigón en masa estenderase por capas de grosor menor de 25 cm para a consistencia plástica e de 15 cm para a consistencia seca, capas que se apisoarán coidadosamente para reducir as coqueras e chegar nos formigóns de consistencia seca a que reflúa a auga á superficie. O apisoado coidarase particularmente xunto aos parámetros e recunchos do encofrado.

Nos elementos armados, o formigón removerase enérxica e eficazmente, para que as armaduras queden perfectamente envoltas, coidando especialmente os sitios en que se reúna gran cantidade de aceiro, procurando que se manteñan os recubrimentos sinalados para ditas armaduras.

As xuntas de construción disporanse de acordo co establecido na citada instrución, procurando que o seu número sexa o menor posible. Sempre que se interrompa o traballo, calquera que sexa o

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

prazo de interrupción cubrirase a xunta con sacos húmidos para protexela dos axentes atmosféricos. Antes de renovar o traballo tomaranse as medidas necesarias para conseguir a boa unión entre o formigón fresco e o xa endurecido, en consecuencia, limparase convenientemente a superficie do encofrado.

En tempo caloroso durante o curado dos formigóns, protexeranse as fábricas nos tres primeiros días dos raios directos do sol con arpillera mollada e, como mínimo, durante os sete primeiros días despois do formigonado, manteranse todas as superficies vistas continuamente húmidas mediante rega. A temperatura da auga empregada na rega non será inferior en máis de 20ºC á do formigón, para evitar a produción de gretas por arrefriado brusco.

O formigonado non debe realizarse en tempo de xeadas.

A execución das obras de formigón controlarase segundo establece a vixente instrución e de acordo co nivel que a importancia da obra requira.

b) Encofrados

Os encofrados empregados na fabricación do formigón deberán ser adecuados para o fin proposto. En especial terán a rixidez necesaria para soportar sen deformación apreciable os empuxes a que vaian ser sometidos.

En todo caso, cumprirán e efectuaranse de acordo co que se preceptúa na vixente instrución.

8.6.2. Obras de fábrica

A execución doutras fábricas, así como daquelas unidades de obra e operacións non consignadas nestas normas, levarase a cabo polo contratista de acordo coas regras de boa práctica construtiva, co posto nos planos e orzamento, co indicado polo director e co establecido ao respecto no Prego de prescricións técnicas xerais, PX-3, da Dirección Xeral de estradas e camiños veciñais.

8.6.3. Defectos

Os defectos, deformacións, gretas, roturas, etc., non admisibles a xuízo do director, que presenten as obras de fábrica, serán motivo suficiente para ordenar a súa demolición coa consecuente reconstrución, todo iso segundo o inapelable xuízo do director de obra.

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

8.7. MEDICIÓN E ABONO DAS OBRAS

8.7.1. Normas xerais

O contratista terá dereito ao abono da obra que realmente execute, con arranxo aos prezos convidos.

As medicións das obras e dos materiais efectuaranse de acordo coas unidades establecidas no cadro de prezos.

Os traballos abonaranse tomando como base as dimensións fixadas no proxecto, aínda que as medidas de control arroxen cifras superiores, polo tanto, non serán de abono os excesos de obra que, pola súa conveniencia, erros ou outras causas, execute o contratista. Só no caso de que o director encargase por escrito maiores dimensións das que figuren no roxecto, teranse en conta na valoración.

8.7.2. Escavacións

As escavacións abonaranse polo volume realmente escavado, expresando en m3, medido por diferenza entre os perfís do terreo tomados antes de iniciar os traballos e os perfís finais.

8.7.3. Terrapléns e recheos

Os terrapléns e recheos abonaranse polo seu volume ao prezo por metro cúbico que fixa o orzamento. O volume desta unidade medirase logo de executada e consolidada.

8.7.4. Obras de fábrica

Abonaranse as unidades segundo o valor que no cadro de prezos figure para a respectiva fábrica, que sexan realmente executadas, deducidas dos planos do proxecto ou medidas con arranxo ás modificacións que fosen ordenadas por escrito, durante a execución dos traballos polo facultativo director.

8.7.5. Obras especiais: sinais, barreiras, fitos, etc.

As obras especiais serán abonadas por unidades, aos prezos que para as mesmas figuran no cadro de prezos, a condición de que, cumprindo os requisitos indicados na presente norma e no mencionado cadro, sexan recibidas satisfactoriamente polo director.

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

9. CÁPITULO IX: PLANTACIÓN DE ESPECIES ARBÓREAS

A execución deste tipo de actuacións comprende a plantación de *Salix cinérea*, de 60-100 cm, en ambas marxes das dúas embocaduras das Obras de Drenaxe Transversal (*ODT*) a implantar para salvar regos existentes na zona, incluíndo:

- Cantas operacións sexan necesarias para terminar esta actuación nas condicións de calidade que se indican no proxecto.
- Conservación e mantemento da presente actuación, unha vez executada, ata a súa recepción definitiva.

9.1. MATERIAIS BÁSICOS

9.1.1. Condicións xerais

A) Exame e aceptación

Os materiais que se propoñan para o seu emprego na plantación de especies arbóreas deberán:

- Axustarse ás especificacións deste prego e á descrición feita ao longo do presente proxecto.
- Ser examinados e aceptados pola dirección da obra.

A aceptación de principio non presupón a definitiva, quedando supeditada á ausencia de defectos de calidade ou de uniformidade, considerados no conxunto da obra. Este criterio ten especial vixencia e importancia no subministración de plantas e sementes, en cuxo caso o contratista vese obrigado a:

- Repoñer as marras producidas por causas que lle sexan imputables.
- Substituír as plantas que, ao rematar o prazo de garantía, non reúnan as condicións esixidas no momento da subministración ou plantación.

A aceptación ou o rexeite dos materiais compete á dirección da obra, que establecerá os seus criterios de acordo coas normas e fins do proxecto. Os materiais rexeitados serán retirados rapidamente da obra, salvo autorización expresa da dirección da obra. Durante o prazo de execución das obras e posterior prazo de garantía, as marras que se orixinan por causa de accidentes, morte da planta por deficiente manipulación da mesma, roubo, incendio, etc., deben ser, normalmente repostas.

Para o control destas marras, e a correspondente reposición, así como para a realización de recepcións de obra se procederá como segue:

- <u>Plantas</u>

  O control das plantas arraigadas, é dicir, aquelas que mostren un brote característico da súa especie ou estean en plena actividade da savia, farase revisando e contando as seguintes plantas sobre o total:

Ata un total de 1.000 plantas	o 100%
De 1.000 a 5.000 plantas	o 50%

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

De 5.000 a 10.000 plantas ..... o 25%

O mostreo farase por superficies de control, cun mínimo de 100 plantas por unidade de control, e as plantas non arraigadas non darán unha porcentaxe aplicable ao total da plantación. Cando a porcentaxe de marras producido durante o período de garantía sexa superior ao corenta por cento (40%) da plantación afectada, o período de garantía contará a partir da reposición das marras anteditas. Para a recepción definitiva e correspondente liquidación, o reconto de plantas efectuara se do seguinte xeito:

Ata un total de 1.000 plantas ..... o 100%
De 1.000 a 5.000 plantas ..... o 50%
De 5.000 a 10.000 plantas ..... o 25%

Se se comproban diferencias sensibles no número e especies das plantas, deberá efectuarse un reconto total.

B) Almacenamento

Os materiais almacenaranse, cando sexa preciso, asegurando a súa idoneidade para o emprego e sexa posible unha inspección en calquera momento.

C) Inspección

O contratista deberá permitir á dirección da obra e aos seus delegados o acceso aos viveiros, fábricas, etc, onde se encontren os materiais, e á realización de todas as probas mencionadas neste prego.

D) Reposición de marras

Se por circunstancias imprevisibles ou especiais do mercado de plantas ou sementes houbera de substituírse algún material, se recabará, por escrito, autorización da dirección de obra, especificando as causas que fan necesarias a substitución. A dirección de obra contestará, tamén por escrito, e determinará, no caso de substitución xustificada, qué novos materiais reemprazarán aos non dispoñibles, cumprindo análoga función e mantendo indemne a esencia do proxecto.

Será necesario realizar os labores de reposición das plantas que houberan perdido ou mermado considerablemente as súas características, ou ben que o seu precario estado faga prever tal situación para un futuro próximo. Deberán cortarse aquelas plantas que estean secas, extraer os troncos e repoñer as marras na data propicia para elo.

Para todas as reposicións que se efectúen, utilizaranse sementes, coníferas ou frondosas de idénticas características botánicas, idade, tamaño, conformación, etc., ás que no momento da substitución reunían o conxunto do que forman parte, e reunirán as necesarias condicións de adecuación ao medio e á función prevista.

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

E) Control e conservación do material vexetal

- Raíz nuda:
  - No caso do uso de plantas de raíz nuda, deberán presentar un sistema radical proporcionado ao sistema aéreo; sendo a súa lonxitude máxima inferior a 1/2 da anchura do oco de plantación.
  - Deberán transportarse ao pe da obra o mesmo día que sexan arrancadas no viveiro, e se non se plantan inmediatamente, depositaranse en gabias de xeito que queden cubertas con 20 cm de terra sobre o pescozo da raíz.
  - Inmediatamente despois de tapala, procederase ao seu rego por asolagamento para evitar que queden bolsas de aire entre as súas raíces e preservalas da desecación e dos danos por xeadas.
- Maceta:
  - As plantas en maceta deberán permanecer nelas ata o mesmo instante da súa plantación, transportándoas ata o foso sen que se deterioren a maceta nin o envase.
  - Se non se plantaran inmediatamente despois da súa chegada á obra, depositaranse en lugar cuberto ou taparnse con material que protexa da desecación e dos danos por xeadas.
  - En calquera caso manteranse húmidos os cepellóns mentres as plantas permanezan depositadas.
- Cepellón:

  As plantas en cepellón deberán chegar ata o foso co cepellón intacto, sexa cal sexa a súa protección. Este deberá ser proporcionado ao vo, e os cortes de raíz serán limpos e sans.

  Os materiais non especificados nas disposicións, normativa ou condicións específicas de cada tipo, deberán cumprir as condicións que a práctica da boa construción e o bo facer xardineiro determina polo seu emprego reiterado.

9.1.2. Abonos minerais

Defínense como abonos minerais os productos que proporcionan ao chan un ou máis elementos fertilizantes. Deberán axustarse en todo á lexislación vixente. Non se admitirán abonos alterados pola humidade ou por axentes físicos ou químicos. Recoméndase o emprego de abonos complexos (NPK) do tipo abonos de liberación lenta ou (15-15-15).

9.1.3. Auga

A auga que se empregue terá un contido inferior ao un por cento (1%) en cloruros e sulfatos, e o seu pH será igual ou superior a seis (6) e inferior a oito e medio (8,5). Admitiranse, para calquera uso, todas as augas que estean cualificadas coma potables; nembargantes, non deberán conter bicarbonato ferroso, ácido sulfhídrico, boro, chumbo, selenio, arsénico, cromatos ni cianuros.

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

9.1.4. Plantas

A) Definición

As dimensións e características son as que posúen as plantas unha vez desenvolvidas, e non necesariamente no momento da plantación.

- **Árbore:** vexetal leñoso, que alcanza cinco (5) metros de altura ou máis, non se ramifica dende a base e posúe un tallo principal, chamado tronco.
- **Arbusto:** vexetal leñoso que, como norma xeral, se ramifíca dende a base e non alcanza os cinco (5) metros de altura.

Con respecto á procedencia, coñecidos os factores climáticos da zona obxecto do proxecto e as especies que van ser plantadas, o lugar de procedencia destas debe reunir condicións climáticas semellantes ou menos favorables para o bo desenvolvemento das plantas, e será, coma norma xeral, un viveiro oficial ou comercial correctamente acreditado.

B) Condicións xerais

As plantas pertencerán ás especies, variedades ou *"cultivares"* sinalados no Proxecto de restauración e integración paisaxística, e reunirán as condicións de idade, tamaño, desenvolvemento, forma de cultivo e de transplante que así mesmo se indiquen. De forma xeral, as especies subministradas deberán cumprir as Normas técnicas de xardinería e paisaxismo seguintes:

- NTJ 07 A (Subministro do material vexetal: calidade xeral).
- NTJ 07 D (Subministro do material vexetal: árbores de folla caduca).
- NTJ 07 E (Subministro do material vexetal: árbores de folla perenne).
- NTJ 07 F (Subministro do material vexetal: arbustos).
- NTJ 07 V (Subministro do material vexetal: plantas autóctonas para revexetación).

As plantas subministradas posuirán un sistema radical no que teñan desenvolvidas as raíces suficientes para establecer prontamente un equilibrio coa parte aérea. Estarán ramificadas dende a base, cando este sexa o seu porte natural. Nas coníferas, ademais, as ramas irán abundantemente provistas de follas. Poderán ser rexeitadas todas as plantas que presenten as seguintes anomalías:

- Mal conformadas ou desenvolvemento anormal con síntomas de raquitismo ou retardo.
- Unidades cultivadas sen espaciamento abondo.
- Plantas que sufran, ou presenten síntomas de ter sufrido algunha enfermidade criptogámica ou ataque de insectos.
- Crecementos desproporcionados por diferentes causas.
- Presenza no cepellón de plántulas de malas herbas.
- Que non veñan protexidas polo oportuno embalaxe segundo se define no proxecto.
- Danos que afecten ao anterior durante o arranque ou o transporte.

A dirección de obra poderá esixir un certificado que garante todos estes requisitos, e rexeitar as

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

plantas que non os reúnan. Poderase dispor a realización de análise, conforme ao Regulamento xeral sobre produción de sementes e plantas de viveiro *(Real Decreto 3767/72)* e o Regulamento xeral técnico de control e certificación de sementes e plantas de viveiro *(Orden de 23 de maio 1983).*

O contratista estará obrigado a substituír todas as plantas rexeitadas e correrán da súa conta todos os gastos ocasionados polas substitucións, sen que o posible retardo producido poida repercutir no prazo de execución.

9.1.5. Materiais a utilizar na plantación

A) Planta

Enténdese por planta nun Proxecto de restauración e integración paisaxística, toda especie vexetal que nacendo e sendo criada nun lugar, é sacada deste e situada na ubicación que indica o proxecto. A forma e dimensións que adopta a parte aérea dun vexetal de acordo coas súas características anatómicas e fisiolóxicas chámase *"porte".*

B) Titores

Os titores son aqueles elementos cos que se suxeitan os plantóns para manter a súa verticalidade e equilibrio.

Para asegurar a inmobilidade das árbores e evitar que poidan ser inclinadas ou derrubadas polo vento, ou que se perda o contacto das raíces coa terra, o que ocasionaría o fallo da plantación, colocarase un titor *(vara fincada verticalmente na terra)* de tamaño proporcionado ao da planta á que se liga a árbore, plantado á altura das primeiras ramificacións.

Cando se prevea unha utilización prolongada do titor, e para impedir que poida ser presa de enfermidades e transmitirllas a árbore, tratarase sumerxéndolo durante quince (15) minutos nunha solución de sulfato de cobre ao dous por cento (2%), ou doutro xeito igualmente eficaz.

C) Chan

As condicións do chan son fundamentais para a revexetación xa que constitúen o medio que sustentará as plantacións e hidrosembras. Considérase como chan aceptable a mestura de area, limo, arxila e materia orgánica, xunto cos microorganismos correspondentes.

Éntendese por chans aceptables os que reúnen as seguintes condicións:

- Composición granulométrica da terra fina:
  - Area *(50/70%)*
  - Limo e Arxila *(10/30%)*
  - Humus *(2/12%)*

- Granulometría con ningún elemento superior a 5 cm de diámetro. O 20/25% dos materiais deben estar comprendidos entre 2-10 mm de diámetro.

- Composición química, coas porcentaxes mínimas seguintes:
  - Nitróxeno = 0,10% *(1 por 1.000)*
  - P2 O5 asimilable = 0,003% *(0,3 por 1.000)*
  - K2 O asimilable = 0,10% *(1 por 1.000)*
  - pH = 5,8 - 7,5.

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

9.2. UNIDADES DE OBRA

Todas as unidades de obra ás que fai referencia o presente artigo realizaranse respecto á plantación de especies arbóreas, coas indicacións da dirección técnica, quen resolverá as cuestións que poidan plantexarse na interpretación destas e nas condicións e detalles da execución.

Como norma xeral, as obras faranse seguindo a orde que a continuación se establece, a cal poderá alterarse cando a natureza ou a marcha das obras así o aconsellen, previa comunicación á dirección da obra:

1. Encargo en viveiro das especies a plantar
2. Escavacións
3. Recheos
4. Plantacións
5. Reposición de marras
6. Conservación durante o período de garantía

De forma xeral, as operacións de implantación do material vexetal deberán cumprir as Normas técnicas de xardinería e paisaxismo seguintes:

- NTJ 08 B (Implantación do material vexetal: traballos de plantación)
- NTJ 08 H (Implantación do material vexetal: hidrosembras)

9.2.1. Encargo en viveiro das especies a plantar

O encargo das especies necesarias para a execución do proxecto coa anticipación suficiente para permitir a súa produción específica para a obra, asegura a dispoñibilidade das especies e cantidades requiridas.

9.2.2. Escavacións

Defínense como as operacións necesarias para preparar o aloxamento adecuado ás plantacións.

A) Execución das obras

- Efectuaranse coa maior antelación posible sobre a plantación para favorecer a meteorización das obras.
- Cando o chan non é apto para manter a vexetación, é preciso proporcionar ás plantas un volume de terra de boa calidade maior que o ordinario e dispoñible no seu entorno inmediato.
- Apertura de fosos: o seu tamaño estará en consonancia co das especies que se planten. O foso deberá ter dimensións laterais análogas ás do sistema radical da planta, e unha profundidade superior, ao menos en 10-20 cm. á da masa de raíces.
- Cando o solo onde se escava o foso é aceptable, esta mesma terra usarase para o posterior recheo, observándose os seguintes coidados:
    - Apilarase nos bordos laterais dos fosos, paralela á liña de plantación e dispoñendo nun bordo a extraída nos primeiros 30-40 cm. e noutro bordo a restante, de forma que ao encher, volva a ocupar a posición primitiva.

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- Se o terreo é pendente, evitarase depositar a terra na parte superior, para que posibles chuvias non produzan o recheo por arrastre.

- Se a terra do foso non é a adecuada, recurrirase a subministración para o efecto.
- Cando a calidade desta terra vexetal se considere como media-baixa, para asegurar o arraigo da plantación, aconséllase a mestura desta terra vexetal con algún produto que a mellore *(tipo cortiza de pino fermentada),* con importantes cualidades, fundamentalmente na retención da auga. En caso de levarse a efecto, a proporción da mestura deberá contar cun mínimo do 15% de mellorante.
- Antes de presentar a planta colocarase no fondo do foso unha capa filtrante, se fose conveniente, e a cantidade de terra precisa para que o pescozo da raíz quede ao nivel do chan ou lixeiramente máis baixo. Debe calcularse que o asento posterior das terras é arredor do 15%.

B) Dimensións de escavación

- Planta a raíz nuda: o espazo ceibe debe ser o mesmo con respecto ás raíces en posición natural, non curvada ou contraídas.
- Planta en cepellón: deberá existir un espazoo ceibe de 25 cm en todo o perímetro daquel.

9.2.3. Recheos

Os recheos serán do mesmo volume que a escavación. Nos casos de chans aceptables, faranse co mesmo material escavado, coidando de non invertir a disposición anterior das terras, separando previamente durante a escavación a parte de terra vexetal presente e recolocándoa en superficie ao proceder a tapar as raíces. Se os chans non reúnen condicións suficientes, a terra extraída substituirase, en proporción adecuada, ou totalmente, por terra vexetal que cumpra os requisitos necesarios.

O recheo realizarase apertando a terra coidadosamente, por tongadas, de modo que a planta quede firmemente ancorada e que non sufran as raíces. O recheo rematarase formando un alcorque que recollerá a auga de rego. Para contribuír a manter a verticalidade pódese realizar o aporcado, consistente en cubrir o pé da planta con terra. Os abonados levaranse a cabo conforme as prescricións do director á vista dos datos obtidos das análises efectuadas, e non serán precisos cando o chan se considere como aceptable polo director da obra.

9.2.4. Plantacións

A) Definición

Defínese como plantación o procedemento de repoboación artificial consistente en colocar no terreo, previas as operacións necesarias, unha planta máis ou menos desenvolvida, nacida e crecida noutro lugar.

B) Precaucións previas á plantación

B.1) Depósito:

A operación consiste en colocar as plantas nunha gabia ou nun foso e en cubrir as raíces cunha capa de terra de, polo menos, dez (10) centímetros, distribuída de modo que non queden intersticios no seu interior, para protexelas da desecación ou das xeadas ata o momento da súa plantación

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

definitiva. Subsidiariamente, e coa aprobación da dirección de obra, poden colocarse as plantas no interior dun montón de terra.

Excepcionalmente, e só cando non sexa posible tomar as precaucións antes sinaladas, recurrirase a situar as plantas nun local cuberto, tapando as raíces cun material con follas, tela, papel, etc, que as ille dalgún xeito do contacto co aire.

B.2) Desecación e xeadas:

- No deben realizarse plantacións en épocas de xeadas. Se as plantas se reciben en obra nunha desas épocas, deberán depositarse ata que cesen as xeadas.
- Se as plantas sufriron durante o seu transporte temperaturas inferiores a 1ºC, non deben plantarse nin sequera desembalarse, e se colocarán así en lugar baixo cuberta onde poidan desxearse lentamente *(evitarase situalas en locais con calefacción).*
- Se presentan síntomas de desecación, introduciranse nun recipiente con auga, ou cun caldo de terra e auga, durante uns días, ata que os síntomas desaparezan. Ou ben, depositaranse nunha gabia, cubrindo con terra húmida a totalidade da planta, *(non só as raíces).*

B.3) Fertilización:

Debido á reducida fertilidade de parte do substrato existente, é necesaria a realización dunha fertilización individual, é dicir, a cada planta lle corresponderá un abonado local directamente no foso, no momento da plantación. Incorporarase o abono á terra, evitando a mala práctica de votar este no fondo do foso, xa que non debe entrar en contacto coas raíces.

Este abonado estará composto por abono mineral de liberación lenta. As proporcións variarán en función da planta.

B.4) Presentación:

Antes de *"presentar"* a planta, votarase no foso a cantidade precisa de terra para que o pescozo da raíz quede logo a nivel do chan ou lixeiramente máis baixo. Sobre este particular, que depende da condición do chan e dos coidados que poidan proporcionarse despois, seguiranse as indicacións da dirección de obra, e se terá en conta o asento posterior do aporte de terra, que pode establecerse, como termo medio, arredor dun 15%. A cantidade de abono orgánico indicada para cada caso incorporarase á terra de forma que quede nas proximidades das raíces, pero sen chegar a estar en contacto con elas. Evitarase, polo tanto, a práctica, bastante corrente, de votar abono no fondo do foso.

Na orientación das plantas seguiranse as normas que a continuación se indican:

- Os exemplares de gran tamaño colocaranse coa mesma que tiveron en orixe.
- Nas plantacións ailladas, a parte menos frondosa orientarase ata o sudoeste para favorecer o crecemento do ramaxe ao recibir o máximo de luminosidade.
- Sen prexuízo das indicacións anteriores, a plantación farase de modo que a árbore presente a súa menor sección perpendicularmente á dirección dos ventos dominantes. Caso de ser estes frecuentes e intensos, consultarase á dirección de obra sobre a conveniencia de efectuar a plantación cunha lixeira desviación en sentido contrario á súa dirección.

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

B.5) Poda de plantación:

O transplante orixina un desequilibrio inicial entre as raíces e a parte aérea da planta, maior canto máis desenvolvida sexa a súa parte aérea, polo tanto, debe ser reducida do mesmo xeito que o foi o sistema radical, para establecer a adecuada proporción e evitar as perdas excesivas de auga por transpiración.

Esta operación debe facerse con todas as plantas de folla caduca; pero as de folla persistente, singularmente coníferas, non a soportan. Os bos viveiros a realizan antes de subministrar as plantas; en caso contrario, levarase a cabo seguindo as instrucións da dirección de obra.

C) Plantación

A plantación a raíz nuda efectuarase, como norma xeral, coas árbores e arbustos de folla caediza que non presenten especiais dificultades para o seu posterior enraizamento. Previamente procederase a eliminar as raíces danadas polo arranque ou por outras razóns, coidando de conservar o maior número posible de raíces e efectuar o embarrado, operación que consiste en sumerxir as raíces, inmediatamente antes da plantación, nunha mestura de arxila, abono orgánico e auga, que favorece a emisión de raíces e impide a desecación do sistema radical. A planta presentarase de forma que as raíces non sufran flexións, especialmente cando exista unha raíz principal ben definida, e rechearase o foso cunha terra adecuada en cantidade suficiente para que o asentamento posterior non orixine diferenzas de nivel.

O transplante con cepellón é obrigado para todas as coníferas dalgún desenvolvemento e para as especies de folla persistente. O cepellón debe estar suxeito de forma conveniente para evitar que se agriete ou se desprenda. A dirección de obra determinará se as envolturas poden quedar no interior do foso. A enchedura do foso apertando a terra por tongadas farase de forma que non desfaga o cepellón que rodea as raíces.

C.1) Distanciamentos densidade nas plantacións:

As plantacións executaranse en función das consideracións especificadas no Proxecto de integración paisaxística e no presente prego; non obstante, cando sexa precisa algunha modificación, á vista do desenvolvemento das obras, terase en conta ao executar as plantacións as características de cada especie en particular. A continuación sinálanse unhas directrices básicas para situacións de modificación:

- **Árbores**: distancia mínima entre si de tres (3) metros a doce (12) metros, aumentando en función do tamaño en estado adulto. Ao mesmo tempo, deberán situarse a unha distancia mínima de dous (2) metros das superficies que poidan alterarse pola proximidade ou emerxencia das raíces, aumentando en función do tamaño radicular do estado adulto.
- **Arbustos**: a distancia mínima de plantación entre eles será de 0,50 metros, aumentando de acordo co desenvolvemento esperado.

Estas normas poden ser suplidas ou complementadas polas seguintes coa debida aprobación da dirección de obra:

- Os vexetais non arbóreos deben plantarse a distancias superiores a súa altura, ou a distancias iguais ou superiores á maior dimensión que proxectan perpendicularmente sobre o chan. Destas dúas cifras, correspondentes ás plantas adultas, tomarase a maior.
- A estimación anterior pode aplicarse tamén ás árbores, en moitos casos. Unha excepción constitúena as repoboacións en grandes superficies con planta de pequeno tamaño.

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

C.2) Momento da plantación:

A plantación debe realizarse, no posible, durante o período de repouso vexetativo, pero evitando os días de xeadas fortes, o que, en función das condicións climáticas da zona, exclúe os meses de decembro, xaneiro e parte de febreiro. Debido ao clima invernal relativamente suave, o transplante realizado en outono presenta varias vantaxes respecto ao posible problema da seca estival, porque ao chegar o verán a planta emitiu xa raíces novas e está en mellores condicións para afrontar a calor e a falta de auga. Se se prevé un inverno anormalmente frío ou se as condicións do outono o aconsellan, poden retrasarse os transplantes aos meses de febreiro ou marzo.

Esta norma presenta, sen embargo, algunhas excepcións: a mellor época para o transplante das coníferas é cando xa se moveu a savia. A plantación de vexetais cultivados en maceta pode realizarse case en calquera momento, incluíndo o verán, pero debe evitarse facela en épocas de xeadas. O normal desenvolvemento das obras e os prazos de execución previstos, poden supoñer unha modificación destas normas xerais, sempre coa aprobación expresa do enxeñeiro director.

C.3) Plantacións tardías a raíz nuda:

A plantación a raíz nuda de especies de folla caediza debe facerse, coma norma xeral, dentro da época de repouso vexetativo. Sen embargo, no caso ineludible de plantación, a operación levarase a cabo tomando as seguintes precaucións adicionais:

- Poda forte da parte aérea, para facilitar a tarefa do sistema radical, procurando, sen embargo, conservar a forma da árbore.
- Supresión das follas xa abertas, coidando, non obstante, de non suprimir as xemas que puideran existir no punto de inserción.
- Aporte de nova terra para o foso, e utilización de estimulantes de enraizamento.
- Protección do tronco contra a desecación por algún dos medios usuais.
- Aporcado da base das árbores ou arbustos, ata unha altura de vinte (20) centímetros para estes últimos e de corenta (40) centímetros para os primeiros.
- Riscos frecuentes no foxo, e sobre tronco e ramas.

D) Operacións posteriores á plantación

D.1) Rego:

É preciso proporcionar auga abundante á planta no momento da plantación e ata que se asegure o arraigo. O rego farase de modo que a auga atravese o cepellón onde se encontran as raíces e non se perda pola terra que o rodea.

Atendendo ás características das plantas, as doses de rego aconsellables son as seguintes:

- Árbores de máis de dous (2) metros de altura no momento da plantación e que foron postas con cepellón de gran tamaño, de 0,10 a 0,20 m^3/unidade.
- Árbores e arbustos plantados a raíz nuda ou cun pequeno cepellón, e que non teñan máis de dous (2) metros de altura no momento da plantación 0,04 a 0,10 m^3/unidade.

D.2) Suxeición:

Cando sexa necesario, e para asegurar a inmobilidade das árbores e evitar que poidan ser inclinadas ou derribadas polo vento ou que se perda o contacto das raíces coa terra, o que ocasionaría o fallo da plantación, colocarase un titor *(vara cravada verticalmente na terra)* de tamaño proporcionado ao da planta, á que se liga a árbore plantada á altura das primeiras ramificacións. Cando se prevea unha

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

utilización prolongada do titor, e para impedir que poida ser presa de enfermidades e transmitilas á árbore, tratarase sumerxíndoo durante quince (15) minutos nunha solución de sulfato de cobre ao dous por cento (2%) ou de outro xeito igualmente eficaz. Cabe tamén, como é lóxico, recorrer a un titor metálico.

O titor debe colocarse en terra firme, unha vez aberto o foso e antes de efectuar a plantación, de forma que se interpoña entre a árbore e os ventos dominantes. A ligazón da árbore ao titor faise de forma que permita un certo xogo, ata que se verifique o asentamento da terra no foso, procedendo xa a unha fixación ríxida. En todo momento evitarase que a ligadura poida producir feridas na codia, rodeando esta dunha adecuada protección.

Os titores deben tensarse periódicamente. Debe vixiarse, así mesmo, a verticalidade despois dunha chuvia ou dun rego copioso e proceder, no seu caso, a enderezar a árbore.

D.3) Aporcado:

A operación de aporcar consiste en cubrir con terra o pé das plantas, ata certa altura. Nas plantas leñosas ten como finalidade:

- Protexer das xeadas ao sistema radical.
- Contribuír a manter a verticalidade.

D.4) Tratamento de feridas:

As feridas producidas pola poda ou por outras causas, deben ser cubertas por un mástic antiséptico coa dobre finalidade de evitar a penetración de auga e a conseguinte podremia e de impedir a infección. Coidarase de que non quede baixo o mástic ningunha porción de tecido non san e de que o corte sexa limpo. Evitarase usar mástic cicatrizante xunto a enxertos non consolidados.

9.2.5. Reposicións de marras

Por último, farase unha plantación de reposición de marras, durante o período de garantía, que afectará a aqueles vexetais que no devandito prazo morresen, por calquera causa. A reposición abarca as seguintes operacións:

- Arranque e eliminación de restos de plantas inservibles.
- Reapertura do foso.
- Confección de alcorque.
- Plantación.
- Primeiros riscos.
- Afianzamento, cando sexa necesario.
- Limpeza do terreo.

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

10. CAPITULO XI: PRECAUCIÓNS A ADOPTAR DURANTE A EXECUCIÓN DAS OUTRAS OBRIGAS, GASTOS E RESPONSABILIDADES DO CONTRATISTA

10.1. MEDIDAS DE SEGURIDADE

O contratista deberá aterse ás disposicións vixentes durante a execución das obras, sobre seguridade e hixiene no traballo.

Como elemento primordial de seguridade establecerase toda a sinalización necesaria, facendo referencia ben aos perigos existentes ou ás limitacións de carga das estruturas.

Mentres dure a execución das obras cumprirase a Orde Ministerial do MOPU do 14 de marzo de 1.960 sobre sinalización de obras e a Orde Circular 67 da Dirección Xeral de Estradas sobre sinalización de obras, sendo por conta do contratista cantos gastos ocasione dita Orde.

10.2. GASTOS DE PROBAS E ENSAIOS

Todos os gastos ocasionados polas probas e ensaios de materiais ou fábricas que interveñan na execución das obras serán de conta do contratista, estando incluídos nos prezos das distintas unidades de obra.

10.3. OBRAS DEFECTUOSAS OU EN MAL ESTADO

Se o enxeñeiro técnico director estima que as unidades de obra defectuosas e que non cumpran estritamente as condicións do contrato son, sen embargo admisibles, pode propoñer á superioridade a aceptación das mesmas coa conseguinte rebaixa dos prezos. O contratista queda obrigado a aceptar os prezos rebaixados fixados pola Administración, a non ser que prefira demoler e reconstruír as unidades defectuosas con arranxo ás condicións do contrato.

10.4. RESCISIÓN DO CONTRATO

A rescisión, se se propuxera, rexerase polas disposicións vixentes: artigos 157 a 168, ambos inclusive, do Regulamento xeral de contratación e capítulo V do Prego de cláusulas administrativas xerais.

En caso de rescisión por incumprimento de contrato por parte do contratista, os medios auxiliares deste poderán ser utilizados libre e gratuitamente pola Administración para a terminación das obras. Todos estes medios auxiliares quedarán en poder do contratista unha vez terminadas as obras, quen no terá dereito a reclamación algunha polos desperfectos aos que desen lugar pola súa utilización.

10.5. PRAZO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O prazo de execución das obras será o especificado no Prego de cláusulas administrativas particulares e na Memoria do presente proxecto.

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

10.6. RECEPCIÓN PROVISIONAL

Terminadas as obras en condicións de ser recibidas, realizarase o trámite de recepción provisional, levantándose Acta da mesma de acordo co prescrito sobre o particular polo vixente Regulamento de Contratación do Estado.

10.7. PRAZO DE GARANTÍA

O prazo de garantía que ten que mediar entre a recepción provisional e a definitiva das obras será de doce (12) meses contados a partir da data da Acta de recepción provisional das obras.

A conservación das obras durante o prazo de garantía correrá a cargo do contratista que non percibirá por este concepto cantidade algunha, xa que se considera que os gastos orixinados por este concepto van incluídos implicitamente nos prezos das distintas unidades de obra.

Unha vez cumprido o prazo de garantía efectuarase o recoñecemento final e, si procede, a recepción definitiva.

10.8. RECEPCIÓN DEFINITIVA

A recepción definitiva das obras efectuarase unha vez terminado o prazo de garantía, na forma e condicións establecidas pola vixente lexislación

10.9. GASTOS POR CONTA DO CONTRATISTA

Serán de conta do contratista-adxudicatario, ademais dos gastos de execución das obras, os seguintes:

1. Os de construción de toda clase de instalacións auxiliares e provisionais.
2. Os de aluguer e adquisición de terreos para depósito de maquinaria e/ou materiais.
3. Os de demolición de instalacións provisionais e auxiliares.
4. Os de subministro, colocación e conservación de sinais de tráfico e demais recursos para proporcionar seguridade dentro da obra.
5. Os de inspección e liquidación das obras e todos os gastos derivados da adxudicación e contrata das mesmas.
6. Os de reposición ao seu estado orixinal, ou substitución total, de calquera instalación, pública ou privada, afectada negativamente polas obras desenroladas.

10.10. PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN

De acordo coa Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño e Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real Decreto 1098/2001 do 12 de outubro, a Administración poderá introducir en todo momento as modificacións ao proxecto que estime oportunas, pasando inmediatamente a ser executivas. O contratista non terá dereito a reclamación algunha pola eliminación ou ampliación de algunha ou algunhas das obras do proxecto.

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

10.11. XERALIDADES

Sobre o xa establecido no presente prego, estará a cargo da contrata o seguinte:

a) O custo de todos os ensaios e probas nos organismos competentes, que a dirección da obra poida solicitar, en todo tempo, sobre os materiais empregados ou vaian empregarse na realización da obra. Poderá ordenarse a conservación de mostras no laboratorio que se determine, precintándoas, previa firma do director e do representante legal da contrata, na forma máis adecuada que garanta a súa autoridade.

b) A observación das normas prescritas polas leis vixentes, no que se refire á Seguridade Social e seguros de accidentes de traballo, e por extensión ás restantes disposicións legais en vigor que teñan aplicación durante o tempo de realización da obra.

c) O abono das correspondentes retribucións aos obreiros, incluíndose nesta os consecuentes pluses familiares, abono de traballos extraordinarios ou de días festivos.

   En caso de incumprimento das citadas obrigacións e sempre que esta circunstancia sexa comprobada pola dirección de obra, ou ben denunciando á Inspección de Traballo, efectuaranse retencións de garantía ata do 20% das cantidades para que no prazo de cinco días abone o debido, sen que por iso poida solicitarse resarcimento de danos ou pago de intereses sobre as cantidades retidas.

d) O importe de todos aqueles traballos fotográficos das obras en curso, na cantidade e tamaño que indique a dirección da obra.

e) Os sinais de día ou de noite mediante os adecuados letreiros ou sinais luminosos, nas vías que exista un perigo evidente para o tráfico que se desenvolva por elas, de acordo coas particulares indicacións da dirección, observando as normas de policía de estrada segundo o vixente código de circulación.

f) A construción de pontes, pasarelas, accesos, canles e toda clase de obras provisionais necesarias para conservar as pasaxes públicas e privadas, así como a continuidade do paso das augas.

g) A custodia nocturna e diúrna das obras.

h) A xestión dos trámites para conseguir as concesións das correspondentes tomas de auga das canles públicas, e abonar os canons que ditas concesións preceptúan.

i) A reparación dos danos de calquera tipo (excluídas aquelas de forza maior), que teñan lugar nas escavacións, explanacións, aprovisionamento ou en calquera das obras provisionais.

j) O pago dos danos que, a consecuencia da execución das obras, se orixinasen en propiedades públicas ou privadas, ou a persoas, quedando exentos a Administración e o seu persoal.

k) A adopción de todas as medidas e atencións necesarias para protexer a vida e saúde dos obreiros e demais persoal que pertenzan á entidade contratante, ou a terceiros. En consecuencia, calquera responsabilidade sobre as persoas en caso de accidente recaerá sobre a empresa adxudicataria.

10.12. OBRIGACIÓNS DA CONTRATA NON EXPRESADAS NOS ARTIGOS ANTERIORES

É obrigación da entidade adxudicataria das obras a executar, cando sexa necesario para a boa construción e aspecto das obras, aínda que non estea expresamente determinado nas condicións deste prego e, en todo caso, sen separarse do criterio exposto nestes artigos e da recta interpretación das ordes que o enxeñeiro director da obra dispoña.

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

En Pontevedra, na data da sinatura dixital

AUTOR PROXECTO

D. Emilio Mera González

Enxeñeiro Técnico. Agrícola

Visto e Prace

Dna. María José Pérez Gil

Xefa do Servizo de Infraestruturas Agrarias
de Pontevedra

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

DOCUMENTO Nº III

ORZAMENTO

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

ÍNDICE

1. MEDICIÓNS POR CAPÍTULOS
2. CADRO DE PREZOS Nº1
3. CADRO DE PREZOS Nº2
4. ORZAMENTO E MEDICIÓNS
5. RESUMO DO ORZAMENTO

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

MEDICIÓNS

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

MEDICIÓNS

Código	Descripción	Nº Uds (a)	DIMENSIONES Longitud (b)	Anchura (c)	Altura (d)	Subtotales	TOTALES

CAPÍTULO 01 LABORES PREPARATORIAS E MOVEMENTO DE TERRAS

01.01 **m² Desbroce e limpeza espesor entre 10 cm e 20 cm, D<= 20 m**

Desbroce y despeje de la vegetación herbácea, con un espesor entre 10 cm y 20 cm, incluidas las excavaciones y el transporte de la capa vegetal hasta fuera del área de ocupación de la obra, a una distancia máxima de transporte de 20 m.

S5	1	36,25	5,00	181,25
S6	1	179,63	5,00	898,15
S12	1	104,27	5,00	521,35
S13	1	125,74	5,00	628,70
S14	1	149,06	5,00	745,30
S16*	1	79,30	5,00	396,50
S17 - Sobreancho hasta Rotonda EP9703	1	84,00	2,00	168,00
S23	1	279,29	5,00	1.396,45
S24	1	64,59	5,00	322,95
S25*	1	177,30	5,00	886,50
S26	1	164,46	5,00	822,30
S28	1	149,61	5,00	748,05
S29	1	35,35	5,00	176,75
S31	1	84,00	5,00	420,00
S32	1	448,04	5,00	2.240,20
S34	1	281,07	5,00	1.405,35
S35* (conexión por f 1964)	1	56,33	5,00	281,65
S38	1	98,11	5,00	490,55
S39	1	125,53	5,00	627,65
S41	1	198,71	5,00	993,55
S42	1	141,63	5,00	708,15
S43	1	28,27	5,00	141,35
S51	1	106,82	5,00	534,10
S53	1	161,97	5,00	809,85
S56	1	127,06	5,00	635,30
S68	1	42,94	5,00	214,70
S69	1	36,48	5,00	182,40
N-1	1	122,15	5,00	610,75
N-2 TRAMO I	1	110,81	5,00	554,05
N-2 TRAMO II	1	40,64	5,00	203,20
N-3 tramo1	1	420,00	6,00	2.520,00
N-3 tramo 2	1	212,00	9,00	1.908,00
N-3 tramo 3	1	195,00	3,00	585,00
N-4	1	250,29	5,00	1.251,45
N-5	1	51,25	2,00	102,50
N-6	1	29,79	3,00	89,37
N-8	1	45,54	4,00	182,16
N10	1	195,97	5,00	979,85
N11	1	82,15	5,00	410,75
N12	1	36,03	5,00	180,15
S10_Tramo II OUBIÑA	1	64,10	5,00	320,50
C2.1	1	48,88	3,00	146,64
CSN.1	1	100,66	3,50	352,31
			SUMA A ORIGEN	27.973,73

27.973,73

01.10 * **m³ Extendido tierras con retroexcavadora hasta 20 m**

Extendido de tierras, procedentes de la excavación, hasta una dis-

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

MEDICIÓNS

Código	Descripción	Nº Uds (a)	DIMENSIONES Longitud (b)	Anchura (c)	Altura (d)	Subtotales	TOTALES
	tancia de 20 m, dejando el terreno perfilado en basto y con la perfección posible a realizar con retroexcavadora de orugas. Medido en terreno suelto.						
		1	27.973,73		0,20	5.594,75	
					SUMA A ORIGEN	5.594,75	
							5.594,75
01.02	**m2 Compactación e rega do plano de fundación, A1-A3**						
	Compactación e rega a humidade óptima do plano de fundación en terreos comprendidos entre A1-A3, realizada con rolo vibrador densidade esixida do 95% do Proctor Normal, incluindo rega dos mesmos e transporte da auga dende unha distancia máxima de 3 Km, ferramentas e medios auxiliares.						
	S5	1	36,25	3,00		108,75	
	S6	1	179,63	3,00		538,89	
	S12	1	104,27	3,00		312,81	
	S13	1	125,74	3,00		377,22	
	S14	1	149,06	3,00		447,18	
	S16	1	79,30	3,00		237,90	
	S23	1	279,29	3,00		837,87	
	S24	1	64,59	3,00		193,77	
	S25	1	177,30	3,00		531,90	
	S26	1	164,46	3,00		493,38	
	S28	1	149,61	3,00		448,83	
	S29	1	35,35	3,00		106,05	
	S31	1	84,00	3,00		252,00	
	S32	1	448,04	3,00		1.344,12	
	S34	1	281,07	3,00		843,21	
	S35*	1	56,33	3,00		168,99	
	S38	1	98,11	3,00		294,33	
	S39	1	125,53	3,00		376,59	
	S41	1	198,71	3,00		596,13	
	S42	1	141,63	3,00		424,89	
	S43	1	28,27	3,00		84,81	
	S51	1	106,82	3,00		320,46	
	S53	1	161,97	3,00		485,91	
	S56	1	127,06	3,00		381,18	
	S68	1	42,94	3,00		128,82	
	S69	1	36,48	3,00		109,44	
	N-1	1	122,15	5,00		610,75	
	N-2 TRAMO I	1	110,81	3,00		332,43	
	N-2 TRAMO II		40,64	3,00		121,92	
	N-3 tramo 1	1	420,00	6,00		2.520,00	
	N-3 tramo 2	1	212,00	9,00		1.908,00	
	N-3 tramo 3	1	195,00	3,00		585,00	
	N-4	1	250,29	5,00		1.251,45	
	N-5	1	51,25	3,00		153,75	
	N-6	1	29,79	3,00		89,37	
	N-8	1	45,54	3,00		136,62	
	N10	1	195,97	3,00		587,91	
	N11	1	82,15	3,00		246,45	
	S10_tramo II	1	64,09	3,00		192,27	
	N12	1	36,03	3,00		108,09	
					SUMA A ORIGEN	19.289,44	
							19.289,44
01.03	**m³ Escavación desmonte todo tipo terreo e transporte a terraplén D<100m**						
	Remoción, excavación en desmonte y transporte a terraplén o caballero de terrenos de cualquier naturaleza o consistencia, exclui-						

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

MEDICIÓNS

Código	Descripción	Nº Uds (a)	DIMENSIONES Longitud (b)	Anchura (c)	Altura (d)	Subtotales	TOTALES
	dos los de tránsito y la roca. Distancia máxima de transporte 100 m. Volumen medido en estado natural.						
	S6	1	108,55			108,55	
	S12	1	44,89			44,89	
	S13	1	135,02			135,02	
	S14	1	28,05			28,05	
	S16*	1	170,40			170,40	
	S23	1	214,99			214,99	
	S24	1	13,35			13,35	
	S25	1	34,10			34,10	
	S26	1	56,43			56,43	
	S28	1	51,44			51,44	
	S29	1	10,31			10,31	
	S31	1	41,00			41,00	
	S32	1	148,20			148,20	
	S34	1	259,39			259,39	
	S35*	1	174,00			174,00	
	S38	1	66,90			66,90	
	S39	1	98,18			98,18	
	S41	1	153,83			153,83	
	S42	1	83,48			83,48	
	S43	1	23,00			23,00	
	S51	1	39,33			39,33	
	S53	1	106,71			106,71	
	S56	1	29,12			29,12	
	S68	1	130,03			130,03	
	N-1	1	120,00	5,00	0,50	300,00	
	N-2 TRAMO I	1	108,00	5,00	0,20	108,00	
	N-2 TRAMO II		40,00	5,00	0,20	40,00	
	N-3 tramo 1	1	416,00	5,00	0,50	1.040,00	
	N-3 tramo 2	1	190,00	10,00	0,50	950,00	
	N-3 tramo 3	1	155,00	2,00	1,00	310,00	
	N-4	1	256,00	5,00	0,20	256,00	
	N-6	1	30,00	4,00	0,20	24,00	
	N-8	1	33,00	3,25	0,40	42,90	
	N10	1	173,72			173,72	
	N11	1	249,32			249,32	
	S10_tramo II	1	249,32			249,32	
	N12	1	37,36			37,36	
	OUBIÑA						
	C2.1	1	49,00	3,00	0,60	88,20	
	CSN.1	1	100,00	1,15	0,45	51,75	
					SUMA A ORIGEN	6.141,27	
							6.141,27
01.11	* **m³ Excavación roca vol. discontinuos con medios mecán. vol<= 1 m³**						
	Excavación en roca para volúmenes discontinuos, hasta 1 m³ cada uno de ellos, con medios mecánicos especiales, incluyendo extracción y acopio a pie de máquina, medido sobre perfil.						
	varios caminos	1	61,41			61,41	
					SUMA A ORIGEN	61,41	
							61,41
01.04	**m³ Terraplén con material tolerable de banco de prestamo, incl tran**						
	Metros cúbicos de material tolerable de banco de préstamo con carga y transporte ó tallo (distancia maxima 3 km), estendido, rego a humidade óptima, compactación e perfilado de rasantes, para a construción de terraplén, por capas de espesor acorde coa capaci-						

CVE: wyMQd8cYNCK8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Código	Descripción	Nº Uds (a)	DIMENSIONES Longitud (b)	Anchura (c)	Altura (d)	Subtotales	TOTALES
	dad do equipo e a natureza do terreo, e densidade máxima esixida do 100% do Ensaio Proctor ormal ou do 96% do Ensaio Proctor Modificado, incluídos o transporte de auga para rego a unha distancia máxima de 3 km, ferramentas, medios auxiliares e o material de préstamo.						
	S6	1	17,65			17,65	
	S12	1	85,12			85,12	
	S13	1	134,32			134,32	
	S14	1	66,96			66,96	
	S16*	1	174,33			174,33	
	S23	1	176,41			176,41	
